

Ramiro Isla Couto

A SEMENTE CAÍA EN TERRA PROPICIA

CARTAS AO MEU BENQUERIDO IRMÁN XAIME



Fundación
Isla Couto



A SEMENTE CAÍA EN TERRA PROPICIA
CARTAS AO MEU BENQUERIDO IRMÁN XAIME
(1927-1957)

Biblioteca Fundación Isla Couto

A edición deste libro contou co apoio da Consellería de Cultura,
Educación e Universidade da Xunta de Galicia por medio da Secretaría
Xeral de Política Lingüística.

Edición non venal para descarga, 2023

© Herdeiros de Ramiro Isla Couto, 2022
© polo estudo introdutorio e a edición: Xosé L. Pastoriza Rozas, 2022
© polo “Limiar”: Xosé M. Núñez Seixas, 2022

Imaxe da cuberta
Ramiro Isla en Ferrol, xullo de 1919.
Fondo Ramiro Isla Couto. Arquivo da Fundación Isla Couto

Deseño de cuberta
Hayat Husein

Maquetación
Pablo Gutiérrez

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable.

Ramiro Isla Couto

A SEMENTE CAÍA EN TERRA
PROPICIA

CARTAS AO MEU BENQUERIDO IRMÁN XAIME
(1927-1957)

Limiar

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

Edición

XOSÉ LUÍS PASTORIZA ROZAS

Fundación
Isla Couto 

LIMIAR

A APRENDIZAXE EMOCIONAL DA NACIÓN

XOSÉ M. NÚÑEZ SEIXAS

A correspondencia entre Ramiro Isla Couto e o seu irmán Xaime aquí reproducida e comentada por Xosé Luís Pastoriza constitúe un tesouro con múltiples facetas. Éo polo feito de ser, como moitos egodocumentos, contemporáneo aos feitos que se narran, unha expresión dun intre e dunha conxuntura concreta, onde se verten xuízos de valor, informacións e opinións, mais tamén emocións e crenzas. Unha fonte que se converte nun obxecto que, lido agora, suxírelles aos lectores e lectoras outros significados, e permite rastrexar dimensións que nunha primeira achega podían pasar inadvertidas. O secreto engado das fontes epistolares agroma de xeito nidio na lectura das cartas do emigrante, activista, exiliado e, sobre todo, irmán Ramiro ao novo Xaime. Un irmán certamente biolóxico, familiar; mais tamén exemplo ou guieiro para o novo Xaime na nova fe galeguista, a xeito de credo dunha nova Igrexa laica cuxos integrantes, non por acaso, se denominaban a si mesmos irmáns.

Caracterizan este epistolario singular varios trazos excepcionais. Primeiro, conforma unha secuencia, un mosaico de diferentes teselas, do 1927 ao 1957, que nos permite seguir unha evolución vital. Un vreiro marcado por acontecementos estruturais que escapan á vontade e capacidade de escolla dos protagonistas, mais que tamén amosa a capacidade de adaptación deses

irmáns e das súas familias, amizades e correligionarios á guerra, ao exilio, á distancia, quer na Arxentina, quer no Porto, quer en Francia, México, Venezuela e outros países. A través desas tesselas enxérgase o decorrer de dúas vidas paralelas, que se xuntan ou entrecruzan en intres determinados para logo arredárense no espazo, mais non na intensidade dos afectos. Demóstrase nelas a singularidade dos *elos fortes*, trazo ben coñecido dos estudos sobre as migracións: poden abofé ser intermitentes e sufrir interrupcións diversas, mais sempre resisten ao tempo. Son vencellos familiares de natureza biolóxica, mais tamén son elos construídos e tinxidos de certa xerarquía: o irmán maior Ramiro é para o novo Xaime un modelo de conduta política e de valores éticos, de *virtù* patriótica. A admiración do irmán pequeno polo maior, o adulto que emigrou e coñeceu terras exóticas, case un aventureiro, está tan presente coma o seu anxeio por que Ramiro sexa escola de galeguismo.

De aí outra singularidade deste epistolario. Nas cartas podemos seguir a conversión de Xaime a unha nova identidade nacional. Ese camiño lévao de ser un rapaz vigués adoutrinado coma todos os seus compañeiros de xeración nos tempos da ditadura de Primo de Rivera nun catolicismo tradicional e familiar, e nunha idea da patria española igualmente tradicional e máis ou menos vista a través dun prisma local ou provincial, a mudar paseniño as súas lealdades primordiais cara a unha nova patria, Galicia. E faino a través dos consellos do seu irmán, das lecturas que lle recomenda, e da aprendizaxe consciente do galego como lingua culta e escrita, e non só familiar ou informal. É unha conversión case autodidacta, que non provén aínda da socialización en organizacións políticas e culturais do novo Xaime, que si tivo despois lugar nos anos da Segunda República. Porén, e aínda que só temos o reflexo das cartas de Ramiro, sorprende pola súa precocidade e intensidade. Abofé é posíbel que Xaime Isla tivese

outros modelos *patrióticos* na súa contorna viguesa, entre os seus compañeiros ou amigos. Mais o exemplo do seu irmán, socializado nas primeiras Irmandades da Fala e nos círculos galeguistas da colectividade inmigrada na Arxentina, dos que el foi un decidido impulsor, precedérao e, intuímos, converteuse nun imán determinante. Poucos rapaces galegos houbo como Xaime Isla que, no abrente da II República e denantes da Guerra Civil, aprendesen o galeguismo na familia, ou cando menos nunha parte dela. Era un exemplo do proceso de transmisión interxeracional da identidade nacional que podería chegar a producirse a maior escala na Galicia toda, de non se ver interrompido polo estoupido da Guerra Civil. Só con eivas retomaríase na posguerra. Nese senso, este epistolario ofrece interesantes pistas, ás veces só intuídas ou suxeridas, verbo de como ten lugar ese proceso de transmisión ou conversión a unha nova lealdade nacional.

Eis unha terceira singularidade deste epistolario. Unha particularidade que vai alén das informacións e datos concretos que contén sobre o Partido Galeguista, a Sociedade Nazionalista Pondal, o exilio galeguista, as eivas dos refuxiados no Porto ou as retesías da colectividade galega de Caracas; e que tamén vai máis alá das aventuras dun personaxe abofé vagamundo e inqueda como Ramiro Isla/Illa, que por si propias son merecentes dunha novela. Pois estas cartas amosan como razón e emoción, patria e familia, esfera pública e privada, están fundamente enguedelladas. Iso recunca nun elemento que é caro á historia das emocións, e á historia dos procesos de construción nacional dende abaixo: a transmisión e expresión das identidades nacionais non só se desenvolve a través de rituais, prácticas sociais e grupais, símbolos e experiencias comúns. Tamén pode expresarse na distancia, a través de cartas que deveñen obxecto de devoción, e vehículo de sermóns e consellos dun irmán a outro. Para Xaime Isla, podemos colixir, a aprendizaxe da patria constituíu un asunto familiar. Un

reencontro cun irmán distante a quen coñecía máis de referencias e fotos ca de lembranzas de neno e encontros persoais. Unha patria galega e próxima, mais que, de forma paradoxal, podía proceder do río Paraná ou de Caracas. Unha nación viaxeira entre dous mundos, enraizada nunha lingua e nunha terra que coñecería e interpretaría nos anos da República grazas ás xeiras de Ulteira, ás leccións dos líderes do Partido Galeguista, ás experiencias partilladas cos demais rapaces das Mocidades Galeguistas, ou máis tarde, pasados os primeiros tempos da posguerra, grazas ás angueiras e inquedanzas do grupo Galaxia, da SEPT e doutras iniciativas.

De certo, como toda fonte epistolar, estas cartas abren igualmente abondosos interrogantes. Canto máis sabemos, máis quereamos saber. Desexaríamos saber máis sobre os intrínsecos en que a relixión toma a dianteira á nación, nomeadamente durante a Guerra Civil, e a identidade galega se formulaba como unha variábel a ter en conta no compromiso sociopolítico, mais non sempre a decisiva. Ou verbo da medida en que, para Xaime Isla, patria e fe relixiosa estaban entrefebradas, algo do que non parecía falar moito co seu irmán, máis ben esquerdo e laico el. Son aspectos que só unha biografía de Xaime Isla, como a que acometeu con rigorosidade Xosé Luís Pastoriza, dará resposta de maneira cumprida. Limitémonos aquí ao pracer de debuzarnos nunha proliza correspondencia que reúne as mellores calidades dun epistolario de emigrantes, de exiliados, de militantes políticos, pero sobre todo de irmáns no duplo senso: familiar e correlixionario, o que engade complexidade e interese ao estudo das emocións da patria.

Os Ánxeles (Brión), outubro de 2022

ESTUDO INTRODUTORIO

UN EPISTOLARIO DE FRATERNIDADE
E IRMANDADE GALEGUISTA

XOSÉ L. PASTORIZA ROZAS

Da que coñecín a Xaime Isla Couto en 1993, deseguida tiven noticia da significación persoal e afectiva das cartas que o seu irmán Ramiro lle enviara ao longo da súa vida. Nas súas conversas eran lembradas con saudade e agarimo especial as cartas remitidas desde A Arxentina entre 1927 e 1931 cando Xaime transitaba da infancia á mocidade¹.

Deste xeito, as cartas de Ramiro aparecían decote como unha referencia recorrente nos longos monólogos cos que Xaime nos agasallaba nun intre —década dos anos 90 do século pasado— en que o seu eu articulara unha narración autobiográfica estable e coherente². Así e todo, tratábase dun relato caracterizado como unha “conversa do eu”, xa que a “escritura do eu” ficou atrancada polo conflito íntimo de Xaime coa escrita.

1. Para as biografías de Xaime e Ramiro Isla Couto, véxase Xosé L. Pastoriza Rozas (ed.) (2015). *Xaime Isla Couto. Raz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto-Galaxia, pp. 14-90; e Xosé L. Pastoriza Rozas (2017). “Ramiro Isla Couto: pioneiro do nacionalismo alén mar”. En Justo Beramendi *et al.* (eds.). *Repensar Galicia. As Irmandades da Fala*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Museo do Pobo Galego, pp. 309-324.
2. O relato autobiográfico oral de Xaime sobre Ramiro Isla pódese consultar na transcrición publicada como “O meu irmán Ramiro” en Xosé L. Pastoriza Rozas (ed.) (2015). *Xaime Isla Couto. Raz e utopía de Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto-Galaxia, pp. 117-120.

Mais a transcendencia deste epistolario non só se revelaba na conversa privada. Nas súas entrevistas públicas tamén recoñecía o gran valor persoal das cartas do seu irmán, tal e como reflectiron Víctor Freixanes en 1977 ou Victorino Pérez Prieto en 1995:

Por aquel tempo [1927] escribinlle ao meu irmán a miña primeira carta, en castelán, e el respondeume en galego dándome azos pra que empregara a nosa lingua na correspondencia antre os dous, que el me correxiría os erros que metera. Así, desta forma sinxela e anecdótica escomezou unha pedagogía epistolar que marcou a miña vida como ningunha outra educación poidera facelo. ¡Cantas cousas fermosas e emotivas podería eu decir arredor desto!³

O mellor tesouro que teño é a correspondencia co meu irmán Ramiro, que me mandaba cartas falando de todo⁴.

En 1996 tiven a oportunidade de verificar a existencia material das cartas. Convidaran a Xaime a falar na Universidade de Santiago de Compostela verbo das Mocedades Galeguistas e o Estatuto de Autonomía de 1936. Ao comezo do seu relatorio, coma un efecto escénico, tirou do peto interior da súa americana un feixe de papeis amarrados cun cordeliño. Aquel atado apreixaba as cartas de Ramiro que, segundo lle relatava Xaime ao auditorio de estudantes, sempre o acompañaban como inspiración e memoria agradecida.

Tras o pasamento de Xaime en abril de 2012, a Fundación Isla Couto asumiu o depósito e custodia do seu arquivo persoal. E en 2013 iniciouse no seu domicilio da rúa Laxe de Vigo a valo-

3. Víctor Freixanes (1977). “Xaime Isla Couto. Dende o cristianismo e a democracia”. En *Unha ducia de galegos*, Vigo: Galaxia, p. 166.

4. Victorino Pérez Prieto (1995). *Galegos e cristiáns*. “*Deus fratresque Galleciae*”. Vigo: SEPT, p. 278.

ración e traslado dos milleiros de documentos que o integraban nun caos desafiante. Mais pasados os meses, as cartas de Ramiro xogaban ás agochadas mentres os prazos do traslado se apuraban. En decembro de 2014, nun dos derradeiros días de traballo, apareceron as cartas —de forma accidental e entre as sombras— nun altiño do armario do seu despacho. Naquel recuncho a desmán tamén se gardara un abondoso epistolario do período da Guerra Civil. Iñaqui Solla, o arquiveiro da Fundación Isla Couto, e mais quen isto escribe axiña sentimos unha fonda ledicia e un sincero alivio ante o temor de que este epistolario de afectos fraternos e irmandade galeguista ficase perdido e esquecido para sempre. Trinta anos de cartas de Ramiro que representan un “tesouro” —como afirmaba Xaime— tanto para a historia íntima e familiar do galeguismo como para a reconstrución dos seus procesos de socialización política e as súas redes de sociabilidade alén mar e en Galicia.

UN EPISTOLARIO GALEGO INCOMPLETO

Esta edición abrangue as cartas enviadas por Ramiro a Xaime entre 1927 e 1957. En total no Fondo Xaime Isla Couto do Arquivo da Fundación Isla Couto conserváronse 52 cartas remitidas desde A Arxentina, O Brasil, Galicia, Portugal, Colombia, O Uruguai, O Perú e Venezuela. Con todo, as cartas reproducidas tan só representan unha parte do epistolario que produciron ambos os dous irmáns na súa comunicación recíproca xa que este sufriu diversas perdas intencionadas e accidentais.

Como primeira singularidade deste epistolario, non se conservaron as cartas redactadas por Xaime e dirixidas a Ramiro. Apenas tres textos que reproducimos na parte final deste volume. Un primeiro texto mecanografado sen data e que podemos

situar entre fins de 1946 e principios de 1947 (carta 53). Esta carta, ignoramos se efectivamente enviada, rachaba co silencio de case nove anos sen comunicación epistolar directa entre os irmáns. Ademais, reproducimos a carta que Xaime, como conselleiro-delegado da Editorial Galaxia, lle enviou a Ramiro en outubro de 1954 nomeándoo delegado da editorial en Venezuela (carta 54). Por último, transcribimos unhas notas do 26 de marzo de 1955 escritas por Xaime a xeito de carta a Ramiro e atopadas nun dos seus numerosos e inacabados cadernos (carta 55).

Outra singularidade correspóndese cos períodos de silencio na comunicación epistolar atendendo ás cartas conservadas. Non existen epístolas previas a 1927 e, entre 1938 e 1952, aconteceu unha interrupción da comunicación de catorce anos de duración. No primeiro caso, o neno Xaime Isla formaríase parte da comunicación epistolar recíproca dos adultos, de Ramiro cos seus pais e irmáns maiores como Fidel. No segundo caso, as dificultades obxectivas de comunicación polo exilio de Ramiro en Francia, México e Colombia non serían causa suficiente para este prolongado silencio, xa que Ramiro lograra contactar co seu irmán Fidel, como acredita a carta mecanografada de 1946-1947 onde Xaime dá resposta ao degoiro de Ramiro de retomar o contacto (carta 53). Non obstante, a partir de 1952 a comunicación reactivouse intensamente na etapa final do exilio de Ramiro en Colombia e Venezuela.

O epistolario conservado unicamente abrangue catro períodos da vida de Ramiro Isla: a súa segunda estadía como emigrante económico na Arxentina (decembro de 1922 - novembro de 1931); o retorno a Galicia (decembro de 1931 - abril de 1937); a Guerra Civil refuxiado no Porto (maio de 1937 - setembro 1938); o exilio en México, Colombia e Venezuela (outubro de 1939 - febreiro de 1957). Mais non existen cartas da súa estadía en Francia (outubro de 1938 - setembro de 1939) nin en México (outubro de 1939 - abril de 1944). Amais, o maior volume de cartas (87 por cento)

concéntrase en dous períodos vitais: a segunda estadía como emigrante na Arxentina con 28 cartas entre 1927 e 1931; e o exilio con 17 cartas entre 1952 e 1957, que representan o 54 por cento e o 33 por cento do total respectivamente.

Período vital e datas extremas do epistolario	País de remite	Número de cartas	Total e porcentaxe	Idioma
Emigración na Arxentina (1927-1931)	A Arxentina	26	28 (54 %)	27 en galego e 1 en castelán
	O Brasil	2		
Retorno a Galicia. II República. (1931-1933)	Galicia	2	2 (4 %)	2 en galego
Guerra Civil (1937-1938)	Portugal	5	5 (9 %)	5 en castelán
Exilio (1952-1957)	Colombia	2	17 (33 %)	16 en galego e 1 en castelán
	O Uruguai	3		
	O Perú	1		
	Venezuela	11		

Desde o punto de vista idiomático, 47 das cartas (87 por cento do total) escribíronse en galego. Unha fidelidade lingüística unicamente interrompida en tres ocasións: na primeira carta que Ramiro envía a Xaime en novembro de 1927; polo forzoso e prudente monolingüismo en castelán nas cinco cartas remitidas durante a Guerra Civil desde O Porto á fronte de Aragón onde Xaime estaba destinado nunha unidade de artillería do exército sublevado; e por unha breve e apresurada carta desde Montevideo de xuño de 1954. Un uso do galego na correspondencia familiar que tamén aconteceu a partir de 1925 nas cartas que Ramiro escribiu ao seu pai Fidel desde A Arxentina⁵. Pero no caso de Xaime, o emprego

5. No Fondo Ramiro Isla Couto do Arquivo da Fundación Isla Couto consérvanse dezaioito cartas enviadas por Ramiro ao seu pai entre maio de 1924 e novembro de 1926.

do galego como lingua de comunicación tivo un dobre obxectivo pedagóxico e político: favorecer a súa aprendizaxe da escrita en galego e mellorar a súa competencia lingüística nun idioma excluído e marxinado do sistema educativo, e conciencialo do valor político da lingua (carta 3).

Como xa anticipamos, o epistolario sufriu diversos accidentes, incidentes e perdas que afectaron á súa conservación e preservación debido ás circunstancias políticas e ao carácter nómade da vida de Ramiro. O seu labor como viaxante de comercio provocaba que nos seus múltiples desprazamentos acontecesen imprevistos, como a carta que foxe por un golpe de vento pola fiestra dun autobús en Colombia e irrecuperable malia os seus esforzos por atrapala (carta 36). Non obstante, a principal desfeita aconteceu en agosto de 1936 tras dun rexistro policial no domicilio paterno da rúa México de Vigo na procura de Ramiro e de documentación comprometedora. Ante esta ameaza a súa irmá Blanca Sara e unha amiga queimaron todo o epistolario e documentos que Ramiro conservaba no seu piso da rúa García Barbón. Neste lume angustioso finou a totalidade do epistolario dirixido a Ramiro anterior a agosto de 1936⁶.

En canto líder e dinamizador político e cultural do nacionalismo galego alén mar entre 1922 e 1931, Ramiro tecera unha ampla rede de contactos en Galicia, A Arxentina e O Uruguai, e mesmo cos líderes exiliados de Estat Català en Francia. Pero da súa actividade epistolar no período arxentino localizamos unicamente cartas illadas nos arquivos persoais de Ramón Villar Ponte e Fermín Penzol⁷, xunto coas epístolas enviadas ao seu pai e as que integran esta edición. No entanto, esta destrución do seu

6. Vid. Xaime Isla Couto, “O meu irmán Ramiro”, op. cit., p. 118.

7. No arquivo dos irmáns Ramón e Antón Villar Ponte depositado no Parlamento de Galicia consérvanse tres cartas de Ramiro dirixidas a Ramón. En outubro de 1981 reproducíuse no número 73 de *Grial* parte do epistolario de Ramiro con Fermín Penzol conservado na Fundación Penzol.

epistolario non explica por completo o motivo polo cal non se conservaron as cartas enviadas por Xaime a Ramiro e posteriores a 1936. Cremos como hipótese máis plausible que, ou ben Ramiro non remitiu desde Venezuela a totalidade da súa documentación persoal ao seu regreso definitivo a Galicia en 1957, ou ben nas súas múltiples mudanzas transatlánticas e intracontinentais viuse obrigado a deixar atrás documentos e libros que, polo seu volume e peso, encarecían as viaxes e eran un estorbo.

UNHA HISTORIA ÍNTIMA E AFECTIVA DO GALEGUISMO

O galeguismo apelou historicamente á irmandade como valor central da súa militancia. Unha irmandade que se xestou no seo de senlleiros núcleos familiares (Vilar Ponte, Beiras, Álvarez Blázquez, Meixide, Isla Couto etc.) onde operaron dinámicas paterno-filiais e fraternas de socialización política galeguista. Este epistolario reflicte o “intercambio espiritual” ou “relación espiritual” —como o describe Ramiro (carta I)— entre o irmán máis vello e o irmán máis novo da numerosa proxenie de Fidel Isla Araújo e Manuela Couto Pazos. Un epistolario onde Ramiro, ademais, non aforra mostras de agarimo e amor polo seu irmán con apertas, bicos e despedidas do “teu irmán que te quere moito”.

Emigrado na Arxentina desde 1911, Ramiro tratou por vez primeira en persoa ao neno “Jaimito” entre os tres e o sete anos (1918-1922). Retornado á Arxentina, non volveron reencontrarse até decembro de 1931. Pero entre ambos os dous axiña xurdiu unha relación de profunda e íntima protección e admiración malia os dezanove anos que os separaban. En todas as distancias vividas, especialmente na etapa arxentina e portuguesa, Ramiro asumiu un rol protector e educador que abrangúan desde consellos de estética e pedagogía a advertencias moralizantes e instrucións

para unha vida exemplar consagrada á cultura e ao compromiso político. Neste senso puxo a disposición de Xaime tanto os seus coñecementos sobre literatura, teatro, debuxo ou música como as súas redes de sociabilidade galeguista que incluían a Eliseo Pulpeiro, Eduardo Blanco Amor, Farruco Lamas Barreiro, Manuel Antonio, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ánxel Casal, Álvaro de las Casas, Ramón Vilar Ponte, Moisés Dapresa, Rodolfo Prada, Xosé B. Abraira ou Silvio Santiago, entre outros.

As cartas marcaron o ritmo da súa relación, que evolucionou desde o disciplinado á complicidade, desde a iniciación á camaradería, desde a imitación fraternal ao respecto e amor na diferenza. A súa vida decorreu nun prolongado afastamento físico compensado pola morna calidez dun mutuo disciplinado afectivo materializado nun epistolario que amosa entre 1927 e 1931 un proceso de xenuína iniciación nacionalista.

O 20 de novembro de 1927 Ramiro escribiu unha carta en castelán dirixida a “mi querido Jaimito”, inaugurando unha relación de adultos aberta por un rito de paso: o ingreso de Xaime no novo Instituto de Vigo (carta 1). A partir desta data, e desde as provincias arxentinas norteñas de Misiones, Chaco ou Corrientes, o viaxante de comercio Ramiro abriulle a luz da conciencia galeguista e da inquedanza intelectual cunha esforzada pedagogía epistolar. A bordo dos vapores que navegaban os ríos Paraná e Paraguai e desde precarios aloxamentos en vilas e núcleos afastados, escribíalle falándolle de todo: estética, política, literatura, etnografía, e da súa vida naqueles territorios guaraníes de fronteira onde comerciaba con algodón, tecidos, confección, quincalla e plumas na compañía de Eliseo Pulpeiro, irmán galeguista e director literario da revista *Céltiga*. Cartas que reflicten a súa sensibilidade intercultural describindo a Xaime lendas e aspectos lingüísticos, etnográficos e toponímicos guaraníes (cartas 3, 17). Cartas breves ás veces, pero tamén enciclopédicas de até dezaseis

páxinas de extensión como a escrita ao longo de trinta e catro días (carta 3) e que se beneficiaron —excepcionalmente por mor do prezo— das novidades postais, como o correo aéreo (Aeroposta) que aumentaban a rapidez na comunicación (carta 13).

As cartas tamén inclúen as saudades, mágoas e penurias do emigrante, que bota man dos escasos cartos gañados cunha “vida de sacrificio” (carta 3) para mercar libros a moreas, pagar subscripcións de editoriais (Lar, Nós, Espasa-Calpe, Labor) e revistas, financiar aulas complementarias e estudos e comprarlle un traxe ao seu irmán (cartas 6, 9). Un emigrante preocupado, ademais, desde a distancia pola saúde dos irmáns (carta 5) e pola aceptación na familia da súa prometida e futura muller Chita Lamas (carta 12), un tempo de noivado e casamento que provocou un silencio de oito meses na correspondencia conservada de 1929 (cartas 13, 14).

En 1928 por mediación de Ramiro, Xaime recibiu o seu bautismo como “o nacionalista máis noviño de Galicia” das mans do seu “moi amigo” Eduardo Blanco Amor de visita en Galicia (carta 9). O folleto da súa conferencia “La nueva emoción gallega” serviu como partida de bautismo daquel rapaz que a principios dese mesmo ano enviara a súa primeira carta en galego a Ramiro (carta 4) para que lla corrixe e “saber de punta a cabo o idioma galego” que escoitaba dos beizos dos seus pais con aires da Ulla. Mais as aprendizaxes epistolares de Ramiro non pararon no idioma, senón que abrangueron unha formación intelectual integral do “pequeno gran nazonalista” (carta 8).

A brillantez nos estudos de Xaime inzaron de optimismo e de “esperanzas venturosas no futuro” (carta 3) a Ramiro, que ollou nel “unha prolongación dos meus caros anceios” (carta 21) que compensaban a frustración da súa propia carreira académica co abandono do Bacharelato con quince anos para emigrar. E desde alén mar ategou o seu irmán con moreas de publicacións e libros galegos e non galegos, alimentando o voraz maxín de Xaime coa

Revista de Occidente, Nós, Céltiga, A Nosa Terra, A Fouce, La Gaceta Literaria e os suplementos literarios dos prestixiosos xornais arxentinos *La Prensa* e *La Nación*.

Nas súas cartas Ramiro creou intencionadamente unha atmosfera de auténtica escola de nacionalismo despregando un programa de iniciación afincado nunha rigorosa ética de deberes inescusables: amar a Galicia e identificarse con ela; empregar o galego e ler en galego para se galeguizar; ou coñecer a historia de Galicia, todos eles co fin de crear unha cultura “enxebremente galega” que se arredase do “soicidio espiritoal” que representaba renegar e dar as costas á “Santa Terra Galega” (carta 3). Mais tamén afondou nas virtudes persoais que debían ser sinal de identificación co “Ideal” galeguista: o sacrificio persoal, a paciencia, a humildade, a austeridade, a rectitude, a coherencia persoal e a responsabilidade. Uns valores parellos á ética do éxito e o triunfo social na que recuncaba a miúdo Ramiro canda ao eloxio das virtudes burguesas do esforzo, a superación, o emprendemento e o aforro (cartas 5, 9, 19 e 23)

Entre 1927 e 1931 Ramiro actuou teimosamente como un mentor no sangue que axudou a Xaime a florecer vitalmente a través desta “conversa intelectual” (carta 21) como un nacionalista xuvenil de primeira hora, un intelectual e bibliófilo amante da creación e ordenamento de bibliotecas, un debuxante vocacional e un republicano nacionalista arredista. Podemos afirmar, logo, que Xaime —unha vez apegado plenamente á chamada nacionalista no verán de 1928 (carta 8)— desenvolveu a súa vida sobre o modelo e exemplo do seu irmán, que soubo recoñecer nel unha “intelixencia desperta e fina” e unha “concencia limpa, ergueita e avizorante ó rexurdimento da terra”, caracteres que facilitaron o seu proceso de conversión (carta 12).

Reciprocamente, Xaime sempre atopou no seu irmán o acompañamento, comprensión e nutrimento necesarios para vencer as

“xurdias dificultades” e atrancos da vida (carta 20) e o apoio en todas as iniciativas culturais e políticas promovidas por Xaime no Instituto, como a Asociación Escolar de Iniciación Cultural que se adheriu por telegrama e carta á VI Asemblea das Irmandades da Fala celebrada na Coruña o 27 de abril de 1930 (carta 19). Unha axuda sen límites e entusiasta como cando Xaime lle comunicou no verán de 1930 a súa vocación de mestre en coherencia co seu nacente ideario galeguista que aspiraba a resolver o problema moral a través do progreso e avance cultural (carta 20). Ramiro apoiouno incondicionalmente e procurou medios que dotasen de recursos o proxecto co que soñaba Xaime desde Vigo. Porque, infelizmente, este ideal resultaría unha “utopía” se non recibía o apoio duns inexistentes “millonarios nazionalistas”. E desde as páxinas d’*A Fouce*, e co apoio da Sociedade Nazionalista Pondal, propuxo e impulsou a creación da Asociación Protectora do Ensino Galego uns meses antes do seu regreso a Galicia en 1931 (carta 26). En continuidade con este apoio e axuda leal ao longo de toda a vida, Ramiro non dubidou en prestar valiosos servizos á Editorial Galaxia, especialmente desde Venezuela, onde actuou como o seu representante (carta 54).

E desde a mocidade, Ramiro persuadiuno, de vez, da necesidade de comprometerse co proselitismo galeguista, como cando lle pide que propague con fe e entusiasmo o nacionalismo entre os seus compañeiros e amigos (carta 19). Unha actuación galeguista que non se podía desenvolver en soidade, senón artellada colectivamente. Tras o regreso de Ramiro a Galicia en decembro de 1931 e a fundación do Partido Galeguista, a soidade xuvenil nacionalista do mozo Xaime axiña atopou un espazo onde se desenvolver con plenitude coa aparición do “proxecto colosal” dos Ultreyas (carta 29). A asociación de Álvaro de las Casas casaba perfectamente co degoiro que Ramiro lle expresara en maio de 1931 (carta 26):

O que eu desexaría agora é que vosoutros, os rapaces galegos, os galegos de mañá, vos organizarades. Ó comenzo dun xeito liberal, sen esixir ós adherentes maiores sacrificios, para que se vaian compenetrando pouco a pouco coa Terra. E desperto o agarimo a Ela, creado o sentimento viría logo o vencello, que sería a base da disciplina, e voluntariamente xurdirían as auto-obrigas coa Terra.

Unhas auto-obrigas coa Terra que Ramiro e Xaime mantiveron con lealdade ao longo de toda a súa vida, pero que no caso de Xaime abanearon a causa da conmoción que lle provocou o machadazo brutal da Guerra Civil⁸. Unha negra sombra que obrigou a Ramiro a ofrecer consolo, comprensión e un labor de padroado fraterno e intelectual que recomfortase o soldado na xélida fronte de Aragón e lle quitase un “peso do corazón” (carta 34). E desde O Porto vaille escribir cartas ao vello estilo con anécdotas da súa vida e traballo como colaboracionista forzoso co exército sublevado, crónicas da vida cultural e intelectual portuguesa, consellos sobre como fumar en pipa e debuxar, inquedanzas pola súa seguridade física e a súa saúde sexual, cartas complementadas cos envíos de pipas e tabaco, selos, profilácticos e revistas portuguesas (*Vamos lêr, Seara Nova, O mundo português, Sol nascente*) (cartas 31 a 35). Porque, aínda que o epistolario evolucionou canda ao seu proceso de maduración vital, as cartas arxentinas ficaron gravadas para sempre na memoria mutua e serviron de lembranza consoladora durante a Guerra Civil (carta 34) e definiron un ideal e modelo —“viejo modo epistolar”— sobre o que reconstruír a comunicación interrompida polo exilio (cartas 34, 53).

8. Para a evolución ideolóxica de Xaime Isla durante a mocidade e o seu alinamento coa *patria católica española* durante a Guerra Civil, véxase Xosé L. Pastoriza Rozas (2015). “Presencia da Nación! O galeguismo xuvenil de Xaime Isla Couto”. *Grial. Revista galega de cultura*, n. 207, pp. 22-33.

O VALOR DO EPISTOLARIO

Xunto co proceso de socialización nacionalista de Xaime que xa describimos anteriormente, este epistolario achega toda unha serie de informacións valiosas sobre a biografía, ideoloxía e participación de Ramiro no nacionalismo galego. Cartas onde Ramiro se declara nacionalista (carta 3); reconstrúe a memoria do seu labor de pioneiro do nacionalismo galego en Buenos Aires (carta 8); describe os procesos de infiltración e influencia nacionalista nas institucións da emigración na Arxentina e Venezuela (carta 14, 46); declara o seu entusiasmo coa Sociedade Nazonalista Pondal e o seu periódico *A Fouce*, co republicanismo e o arredismo soberanista (cartas 18, 26); desvela os conflitos internos do galeguismo na Arxentina e Venezuela (cartas 23, 27, 46, 47, 48); revela os seus pseudónimos e sinaturas (Xá, R.I.C., Arnois) e a autoría de textos anónimos (cartas 23, 24, 41); dá conta das súas lecturas (Kropotkin, Bakunin, Lenin) fundamentadoras do seu esquerdismo (cartas 17, 19); e describe as súas maratonianas viaxes por Latinoamérica durante o exilio (carta 38) nas que retece o contacto persoal con Rodolfo Prada, Xosé B. Abreira, Laxeiro, Xerardo Álvarez Gallego, Moisés Dapresa, Manuel Meilán, Lois Tobío e Silvio Santiago.

Ao tempo, grazas a esta correspondencia puidemos trazar a autotiñante ideoloxía de Xaime no fervedoiro social e político da II República: un mozo republicano nacionalista arredista e esquerdista que simpatizou inicialmente co Partido Republicano Radical Socialista de Marcelino Domingo (carta 26) até o seu ingreso no Partido Galeguista, canda ao seu irmán Ramiro. Unha ideoloxía política que foi o reflexo dun intenso e exitoso proceso de socialización política intrafamiliar e interxeracional por parte de Ramiro, e unicamente fendido polas dúbidas e brétemas ideolóxicas de Xaime durante a Guerra Civil.

Por outra banda, as cartas escritas durante a Guerra Civil ofreceron a pista inicial para reconstruír unha das redes de fuga desde Galicia a través do Porto así como o traballo como axente dobre de Ramiro⁹. Canda ao médico galeguista Ramón Obella, promotor do Instituto Bioquímico Miguel Servet, aproveitaron a cobertura do antirrepublicano Comité Nacionalista da Habana, dirixido por Manuel Emilio Martínez Baladrón, para axudar aos fuxidos en contacto con Rodolfo Prada na Arxentina. Mentres Ramiro canalizaba oficialmente doazóns económicas, tabaco e cartas de madriñas americanas para o exército sublevado, a rede financiaba e xestionaba a saída marítima clandestina cara a Francia ou América dos fuxidos agochados nas serras portuguesas.

Este epistolario permite, ademais, recoñecer o protagonismo de Ramiro na mobilización do apoio económico da emigración en Venezuela á actividade da Editorial Galaxia. Designado o seu representante oficial no país en 1954, xa un ano antes comunicara a Xaime as posibilidades de colaboración existentes pola crecente relevancia numérica e económica da comunidade emigrada (carta 39). En Venezuela reencontrouse con Silvio Santiago, co que compartira “vacacións” na cadea de Verín entre decembro de 1936 e marzo de 1937 (carta 44) e un dos líderes políticos e culturais do Centro Gallego de Caracas. A estada en Venezuela reactivou as enerxías militantes de Ramiro tras a súa breve experiencia como delegado galego de Galeuzca en Colombia. Un activismo aliñado coa estratexia político-cultural de Galaxia e canalizado a través da súa participación, primeiramente, na comisión de cultura do Centro Gallego e, posteriormente, como responsable do Ateneo Gallego da Casa de Galicia de Caracas presidida por Silvio Santiago.

9. Xosé L. Pastoriza Rozas (2022). “Salvar o peleslo e gañar a vida no exilio. Florencio Delgado Gurriarán, Ramiro Isla Couto e as redes de axuda a refuxiados republicanos en Francia en 1939”. En Luís Alonso Girgado *et al.* (coords.). *Estudos arredor de Florencio Delgado Gurriarán*. Cadernos Ramón Piñeiro (XLV). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, pp. 213-232.

Entre os seus logros debemos destacar a viaxe de Camilo José Cela a Caracas en 1953 co gallo das celebracións do Día de Galicia no Centro Gallego¹⁰ (carta 40), a viaxe de Ramón Otero Pedrayo en 1956 para a inauguración da Casa de Galicia (carta 48), o financiamento do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez González (carta 50), a edición do libro *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia universal* (carta 50), e a consecución de subscricións tanto de accións de Galaxia como ás súas publicacións (cartas 39, 41, 51).

Con todo, nas súas cartas tamén se testemuñan episodios que forman parte da historia dos conflitos pola hexemonía no seo do galeguismo na Arxentina e Venezuela. No primeiro caso reportando a expulsión do “traidor” Lino Pérez da Sociedade Nazionalista Pondal (carta 23) ou ofrecendo informes críticos sobre Antón Alonso Ríos e Ramón Suárez Picallo por diverxencias sobre a estratexia política do galeguismo alén mar ante a II República (carta 27)¹¹. E, no segundo, informando da actuación dos elementos identificados como comunistas e opositores a Galaxia en Venezuela e agrupados arredor da sociedade Lar Gallego como Xosé Velo, Xoán Noya, Xosé Sesto ou Pura Vázquez (cartas 43, 47), ou xustificando o tacticismo das boas relacións da Casa de Galicia coa ditadura de Marcos Pérez Jiménez e coa embaixada franquista en Caracas nun contexto onde as dúas ditaduras reforzaran a súa colaboración na represión das disidencias exiliadas (cartas 46). Neste último caso, mesturáronse os intereses societarios de gozar de certa liberdade de actuación —sen renunciar aos estatutos e estética e rituais nacionalistas da Casa de Galicia— cos intereses

10. Xosé Luis Pastoriza Rozas (2017). “A man invisible de Ramiro Isla Couto. As viaxes de Camilo José Cela a Colombia e Venezuela (1953-1955)”. *Grial. Revista galega de cultura*, 216, pp. 129-141

11 Sobre estas tensións, véxase Xosé Manuel Núñez Seixas (1992). *O galeguismo en América (1879-1936)*. Sada: Edicións do Castro, pp. 182-218 e 268 e ss.

persoais de Silvio Santiago e Ramiro que estaba planificando desde 1953 o seu regreso autorizado a España desde o exilio (cartas 41, 48).

Por último, este epistolario constitúe un exemplo singular da transmisión interxeracional do galeguismo entre dous dos seus líderes políticos e culturais que, pertencendo a xeracións diferentes, actuaron de forma decisiva en dous intres fundamentais: a difusión e afirmación do nacionalismo na Arxentina na década dos anos 20 e a resistencia político-cultural á ditadura franquista a partir de 1950. Dúas biografías de militancia e compromiso que contribuíron á supervivencia histórica do galeguismo e exemplificaron as súas mellores virtudes de irmandade política e fraternidade vital.

CODA

O “intercambio espiritual” reflectido neste epistolario deixou en Xaime unha profunda pegada, coidándoa “un tesouro, a mellor fonte de información que tiven. Unha especie de universidade a distancia, pero unha universidade magnífica porque estaba tecida de interese e afecto”¹². Durante trinta anos, Ramiro forneceuno cunha vasta erudición intelectual cando era adolescente; aprendulle a paixón e amor por Galicia, a súa lingua e a súa cultura, e a devoción polos libros; dotouno dunha identidade política; inspiroulle un modelo de militancia rexo, esforzado e sacrificado; e espreguizou a súa vocación polo proselitismo nacionalista e a transmisión interxeracional do galeguismo, para garantir “a semente fecunda da nova xeración” (Carta 55).

12. María Luísa Brey (1993). “Unha conversa con Xaime Isla Couto”. En Xosé Luís Pastoriza Rozas e Marcelino Agís Villaverde (eds.). *Xaime Isla Couto. Repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia*. Vigo: Fundación Isla Couto, 2022, p. 23.

Na carta nunca enviada de marzo de 1955, feita de notas privadas apresuradas e emocionadas, Xaime pon o ramo a este epistolario coa máis fermosa memoria agradecida por un amor e un afecto de irmáns que nin a distancia, os silencios, a guerra e o exilio lograron nunca murchar:

Teño os discos na casa. Foron o máis espléndido regalo de Reis que puidera soñar o máis feliz de todos os nenos da nosa Terra. Apalpo neles, aínda non oídos, en resonancias do teu agarimo que dende neno predeu na miña vida. E todos os da casa prenderon no regalo como se fose para eles. Teño que dar grazas a Deus por ser un elixido.

NOTA SOBRE OS CRITERIOS DE EDICIÓN

Para a transcripción das cartas optouse por unha adaptación e corrección lingüística que facilite a súa lectura contemporánea. Con todo, decidiuse conservar algunhas solucións léxicas (hipergaleguismos, lusismos e castelanismos) de doada comprensión. De forma excepcional, transcribiuse literalmente sen correccións a carta 4 polo seu valor filolóxico e por constituír un singular exercicio lingüístico de aprendizaxe da escrita do idioma. Tamén se conservaron os subliñados orixinais e modificouse a puntuación onde se facía preciso para unha mellor lectura e comprensión do texto. Con todo, as cartas orixinais estarán dispoñibles dixitalizadas para a súa consulta pola persoas interesadas e investigadoras na sección “obras” da páxina web da Fundación Isla Couto (fundacionislacouto.org).

A localización cronolóxica das dúas únicas cartas sen datar (cartas 4 e 53) realizouse a partir das referencias contidas nas mesmas e pola súa inserción na serie cronolóxica, garantindo unha datación bastante exacta de ambas as dúas. Ao tempo, a carta

14 carece de localización, pero a información de que foi escrita en presenza de Chita Lamas, esposa de Ramiro, permitiría situala en Buenos Aires, onde ficaba Chita durante as viaxes comerciais do seu esposo polo norte do país.

En canto ás anotacións seguiu-se o criterio de facilitar a identificación dos personaxes, organizacións, acontecementos históricos e episodios familiares necesarios para a comprensión das cartas. Unicamente se evitou esta anotación no caso de persoeiros de doada identificación. Ao tempo, tamén se tentou referenciar gran parte das publicacións (revistas, libros ou novas en xornais) que Ramiro menciona nas súas cartas, pero sen un afán de exhaustividade.

Por último, agradecer a oito e con xeito a Iñaqui Solla Covello, arquivista da Fundación Isla Couto, e a ao meu irmán Pablo Pastoriza Rozas, auxiliar de arquivos no Centro Documental da Memoria Histórica en Salamanca, o labor da transcripción literal das cartas. Unha canseira agardo que compensada pola emoción e simpatía que nace da lectura deste “tesouro”.

CARTAS DE RAMIRO ISLA A XAIME

CURUZÚ-CUATIÁ, 20 DE NOVIEMBRE DE 1927

Mi querido Jaimito:

Hoy domingo es el día que, por regla general, tengo destinado para escribiros. Recibí tu carta del 28 con una tarjeta dibujada. También he recibido, hace unos días, la carta en la que me das cuenta del triunfo obtenido en tu ingreso en la segunda enseñanza, a la que acompañabas dos dibujos también¹.

Por demás está el felicitarte, y hacerte presente la alegría y orgullo que sentí al saber la buena nueva. Pues debes suponerte lo intenso de estos sentimientos ante un acontecimiento como el enunciado. Así que no te diré sino que te estoy muy agradecido por los alegrones que me has proporcionado y que trataré de retribuirte en parte, de la mejor manera que puede hacerlo un hermano que tienes en América que será con unos reales. ¡Triste retribución si no fuese acompañada con los anhelos y votos más fervientes por tus triunfos futuros y adelantos positivos, en todo lo que te propongas hacer!

Mucho me place que tus aficiones te conduzcan a tan buen sendero, como es el del arte en sus diversas manifestaciones (al

1. En outubro de 1927 inaugurouse o Instituto de Vigo. Xaime Isla formou parte da súa primeira promoción, obtendo a cualificación de matrícula de honra na proba de ingreso como estudante proveniente do Colexio dos Salesianos de Ronda.

parecer tus preferidas son las plásticas y la literatura). Nada más loable hoy en un chico de tu edad que, por lo general, lo que más le apasiona es el deporte y, de este, el fútbol. No quiero condenarlo yo —el fútbol—; lo que condeno es el deporte como finalidad. Porque hoy parece que la meta de nuestras juventudes se alcanza cuando se domina el *dribling*, se chuta bien o, de lo contrario, se grita fuerte en el campo y se tienen ojos de lince para ver las faltas que se le han escapado al *réferi*. Soy partidario del deporte como un medio, porque es necesario para el sistema muscular y nervioso, pero hasta un límite compensativo con el desarrollo corporal. Esto, como te digo, es preciso. Pero hacer del deporte un oficio es vergonzoso y ser comparsa de los oficiantes del deporte es más vergonzoso y deplorable. Porque se crean ídolos que espiritualmente no llegan a fetiches menguados. Porque hace falta ser de chatez mental espantosa para emocionarse cuando se tiene el honor de cruzar la palabra con un Zamora, un Pasarín o un Samitier, considerados como glorias nacionales².

Con la afición al deporte se gana una cosa, según dicen los partidarios; el sacar a la juventud de las tabernas. Esto sería verdad si el café hoy no fuese la taberna de hace 10 o 15 años. Pero aún concediendo que así sea, sucede otra cosa peor cuyas consecuencias pronto empezarán a palpase, que la juventud de hoy no se preocupa de otra cosa que no sea deporte. Los destinos de su país, los problemas fundamentales de su región o nación le son completamente indiferentes. Si le preguntas a 100 muchachos viqueuses cuáles son sus preferencias entre Polo y Pasarín³, o entre

2. Xogadores internacionais coa selección española. En 1927 Luis Pasarín (1902-1986) xogaba como defensa no R. C. Celta de Vigo, Ricardo Zamora (1901-1978) era porteiro do R.C.D. Español e José Samitier (1902-1972) destacaba como goleador no F. C. Barcelona.
3. Ramón Polo (1901-1966), segundo máximo goleador histórico do R. C. Celta de Vigo.

Palacios, el arquitecto, o Eduardo Dieste⁴, el escritor, estoy seguro que 99 te contestarán que los primeros y el restante estará en dudas. Para ellos tiene más importancia un triunfo del Celta en Madrid por 5 a 2 que una exposición de Bonome, de Asorey o el triunfo conquistado por Palacios en cada nueva obra que da fin. No saben que el Celta puede ganar o perder según los jugadores que lleve, según los fondos que tenga para contratar los mejores o peores. Y, en cambio, esos artistas van, por cualquier parte del mundo que vayan, haciendo vibrar los sentimientos, dándoles una nota de emoción que únicamente ellos pueden hacer sentir con su arte ingénito tan propio como su alma. Estos artistas pueden dar dos clases de sensaciones: una, los que dedican sus actividades a un arte o estudio que puede verse o aprenderse por intermedio de otros. Tales los que laboran en un sentido general o abstracto, por ejemplo, Carracido, Gil Casares, Valle Inclán, el mismo Sotomayor y muchos más (aunque Valle Inclán es único por su estilo, sería la misma formidable figura literaria si fuese castellano)⁵. Otra clase los artistas que se identificaron consigo mismo, que pusieron en tensión todas las cuerdas de su registro y llegaron a encontrarse con su propia alma, con su propia consustancialización y libres en absoluto de ajenas influencias, (tomaron algo de aquello que les convino para su máximo desarrollo, pero lo moldearon, lo ajustaron a su sensibilidad). Y surgieron figuras como la de Castelao, Noriega Varela, Vicente Risco, Asorey..., y muchísimos más que darán horas de gloria a Galicia y, por lo tanto, a España.

4. Eduardo Dieste (1882-1954), escritor e diplomático, irmán maior de Rafael Dieste. Antonio Palacios (1874-1945), arquitecto galego.
5. José Rodríguez Carracido (1856-1928), catedrático e científico introdutor dos estudos bioquímicos en España. Miguel Gil Casares (1871-1931), catedrático de medicina especialista en cardiología e fisiología. Ramón María del Valle-Inclán (1866-1936), novelista, dramaturgo e poeta. Fernando Álvarez de Sotomayor (1875-1960), pintor e director en 1928 do Museo do Prado.

Me voy extendiendo demasiado sobre este asunto y aprovecharé otra ocasión para volver sobre el mismo punto pues es de capital importancia para nosotros. Yo no releo nunca lo escrito y, posiblemente, mejor dicho, necesariamente tiene que haber lagunas que dan sensación de cosa muy incompleta en lo que dejo dicho. Pero como te digo, volveré a insistir en el punto.

Te repito nuevamente la satisfacción que me produce el conocer sobre tus aficiones. Y puesto que te gusta leer los buenos autores, yo que sigo siendo siempre muy aficionado a la lectura, aunque no puedo leer tanto como desearía, te prometo enviar periódicamente los libros que tengo leídos y los que vaya leyendo siempre de aquellos autores que yo crea han de serte de más inmediata utilidad en el desarrollo de tus estudios.

Yo cuando pueda te daré noticia y alguna impresión de las que yo retenga en la memoria sobre el autor o autores que te envío. Y tú, a tu vez, las cambias conmigo tal y como las sientas, y de esa manera tendremos un intercambio espiritual que, si nada ganas con él, por lo menos puede servirte de mucho para el futuro, pues te acostumbras a dar salida a tus impresiones en una forma propia, según tu manera de ser y de pensar. Pues conmigo no tendrás necesidad de, bien por vergüenza o modestia, ocultar algo que te pareciera censurable, por su poco valor o por otra causa de cualquier índole.

Por lo pronto en mi modestísima colección de libros que tengo ahí, debes reparar para leer los de Cervantes, tales como el *Quijote* y las *Novelas Ejemplares*, lo mismo los de Quevedo y Lope de Vega. Como el *Quijote* que tengo ahí es una edición bastante buena, yo te mandaré desde aquí otro que tengo que es más manejable y tiene buena letra, grande y bien legible también.

Procura no hacer desgaste de memoria a pesar de la emoción que siente papá ante las cosas que se aprenden de carrerilla⁶. Lee

6. Fidel Isla Araújo (1869-1964), natural da parroquia de Santo Estevo de Oca

siempre espaciosamente procurando aprisionar siempre los conceptos que el autor quiso dejar plasmados, para así poder discernir sobre lo que estudies. No te recargues de estudios y, cuando no sientas gana, déjalo, porque aprovecharás siempre más una media hora afanosamente que una semana desganado. Claro es que hay que poner siempre un poquito de buena voluntad. Alterna con los estudios, juegos y paseos, por las afueras mejor. Y cuando te acuestes a dormir, procura despreocuparte de todo y dormir de un tirón; acostarse temprano y madrugar. No estudies después de las comidas y de noche menos.

Y por hoy bastó ya. Con el final no sé qué dirá papá; pero de todos modos si quiere observar algo a lo que dejo dicho, dile que ya le dejo abierto el camino para su rigor, con la madrugada, si alguna vez tuviese necesidad de apurarte. Lo que no creo que suceda. En lugar de hacerte lo que a mí me ha hecho, tal como tenerme de noche castigado estudiando. Lo que debe de hacer es despertarte una hora antes de lo debido. Nada perderás y así estudiarás mejor.

Nada más, puesto que con esta inauguramos una nueva etapa. Espero que esta relación espiritual no se deshará por el abandono o el olvido, o por lo que sería peor, timidez por tu parte. Yo siempre que pueda trataré de darle más consistencia...

Muchos besos a todos los de casa y tú los recibes de tu hermano con un fuerte apretón de manos de tu mejor amigo.

Ramiro

La carta que te mandé en verso la rompes, porque son versos malísimos, primero, y, segundo, porque no tiene objeto. No dejes

na Estrada era fillo de solteira dunha nai pobre e sen terras. Sen escola, a súa muller Manuela Couto Pazos, da veciña parroquia de San Xiao de Arnois, aprendeulle a ler e escribir despois de casaren.

de hacerlo que me avergüenza el pensar que haya hecho una cosa tan mala. Soy mal poeta, malísimo, pero si quiero puede hacer cosas mejor hechas que esa. Vale.

Ramiro

CORRIENTES, 5 DE DECEMBRO DE 1927

Corrientes, 5 do Nadal do 1927

Sr. D Jaime Isla

Benquerido Jaيميño: hai uns días que che escribín e, en troques de botar a carta ó correo, así que a rematei de escribir, cereina e tívena gardada na maleta na agardanza dunha ocasión como a de hoxe na que che puidese facer un xiro. Así que aquela escrita hai uns 15 ou 20 días boteina hai tres no correo. E deste xeito a promesa dos reás que na miña che facía non se fará agardar.

Mándoches esas 200 pesetas para que as dividas. Cen: son para os libros que, coma supoño que os terás comprado dáslle a papá o importe dos mesmos. E co resto que che fagan un traxe para ir á clase. Non para un día. Porque chegará ese día que será cando teñas que botalo a diario porque che se escapa, porque xa está corto.

Como non teño tempo para máis non son máis extenso. Faite de cargo que esta carta é continuación da miña derradeira e contéstame as dúas xuntamente.

Moitos bicos ós nosos irmáns e a ti unha forte aperta do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

POSADAS, FEBREIRO DE 1928,
CAÁ CATÍ, MARZO DE 1928

(Posadas, Territorio de Misiones), 9 de febreiro de 1928

Benquerido Jaimiño:

Recibín a túa do 6 do pasado xaneiro, o tempo mesmo que chegou unha de Fidel do día 2. Contesteille a el pola tarde e, agora que acabei de cear, póño-me a escribir esta en resposta a túa referida.

Cada nova túa que recibo é motivo de xusta ledicia para min, polos progresos que demostras. Progresos que ademais de causar-me a meirande satisfacción, échenme de orgullo, e fanme concibir esperanzas venturosas no futuro. Asi é que novamente fágoche presente o meu entusiasmo co máis azoso dos ¡¡¡Adiante!!! que do corazón me sae.

E, antes de entrar de cheo no contido da túa, vou darche unha explicación do porqué en lugar de escribirche en castelán, como ti me escribes, fágoo no noso idioma galego.

A tal explicación abondaría xa despois de subraiar noso idioma galego; que se é noso, xusto e cabal é que se use. O raro e particular sería facelo noutro idioma que non sexa o noso. Porque é o idioma dun pobo a característica máis pronunciada e rexa que pode ter, pois é máis do pobo que as plantas e as paisaxes que nel haxa. E a lingua galega é, para os galegos, o

froito máis esgrevio que a Galiza podía dar; pois é o “sangue do espírito” que dixo A. Vilar Ponte. Renunciar ó idioma natural é renunciar á propia natureza, renunciar á natureza e igual que suicidarse, pospoñer o idioma galego a calquera outro idioma é un suicidio espiritual.

Por iso os galegos que tivemos a sorte de ollar este movemento reivindicatorio da personalidade galega, debemos de usar, aprender, e chegar a dominar o noso idioma¹. Claro está que isto non quita para que se aprendan e se cheguen a dominar outros idiomas, cantos máis mellor. Os galegos novecentistas temos que sentir, por riba de todo, a cobiza do imperialismo da nosa lingua. Non se poderá ser bo galego, nin é posíbel aspirar a que Galiza ocupe o posto que lle corresponde de acordo a súa tradición e historia brillante, se non se atopa dona dunha cultura axeitada ó noso modo de ser, conforme á nosa idiosincrasia, unha cultura enxebremente galega, consubstancializada co ser de seu.

Moitos que falan de liberdades, non teñen en conta isto. E debían decatarse que as liberdades non se conquiren abolindo leis, senón adquirindo cultura, e cultura propia, non cultura allea. Porque se non é axeitada á nosa maneira de ser, se non leva o cuño diferenciador, será un escravo espiritual desa cultura allea e, polo tanto, escravo do pobo dono da cultura allea que adquiramos. Mais a medida que se vaia desenrolando a propia personalidade, iremos sentíndonos máis donos de nós e do noso espírito, libre de influencias estrañas. E cando cheguemos ó franco dominio de todas as facultades do espírito, ben abertas a todas as fenestras e vieiros do mundo, é cando se sente un na plenitude e goce de todas as liberdades.

1. En 1918, ao seu regreso a Galicia para cumprir co servizo militar obrigatorio na Guerra de Marrocos, Ramiro coñeceu a Lois Porteiro Garea, fundador das Irmandades da Fala, xusto antes do seu prematuro pasamento en outubro dese mesmo ano a causa do andazo da gripe.

Con isto coido que abondará para que te decates de que eu son nazonalista. Se as razóns antepostas non foran suficientes, a de ser nazonalista xa sobraría para que eu empregue o galego na maioría dos casos que deba empregalo; porque non se pode ser nazonalista senón con lingua propia.

E paso adiante, pois o tema do Idioma Galego e mais do galeguismo coido que o haberemos de tocar algunha vez máis, que é, para min, o máis interesante dos problemas.

Atopo acertada a túa observación respecto o *Quijote* e as *Novelas ejemplares* de Cervantes. Efectivamente, o estilo cheo de negligencias, moitas veces incidentes pesados e, como ti apuntas moi ben, repeticións; nunha verba: trazos de indolencia e quizais de improvisación; mais, a pesar de todo será sempre superior a todo o publicado, pola naturalidade, por esa gama de tons e cores, cheo de modismos pintorescos, simple e franco, sen rebuscamentos, nunha época que se perderan o senso e o gusto da simplicidade. Hai que ter en conta que na época que se escribiu o *Quijote* cada un formaba o seu estilo; e a lingua “retorcida” perde a forza e a pureza.

Febreiro 17

Mais a pesar das fallas que moitos pedantes deixaron catalogadas, constitúe o *Quixote* un texto incomparábel onde sempre se poderá, e será preciso, para aprender castelán. E onde se poden adquirir leccións de “prudencia práctica”, pois tanto o *Quixote* como as *Novelas ejemplares*, sobre todo aquelas que como *Rinconete y Cortadillo*, *La gitanilla*, *El coloquio de los perros*, e me non lembro de outras, están cheas, acougadas de sabenza, filosofía moral e rica experiencia, cecais un pouco dolorosa, máis dolorosa canto máis práctica, que da vida tiña Cervantes.

E a miña admiración, profunda e sincera, hacia a obra cervantina, aínda que teña que estar de acordo co poeta inglés Lord

Byron en que o cervantinismo matou o idealismo na Hespaña. E a perda da nosa literatura medieval, moito máis rica que a francesa, por ser a epopea hispana das máis formidables do medioevo, foi debido a que se queimaron moitos textos de cabaleirías, xénero literario mais característico da época, a semellanza do que fixeron o crego e o barbeiro cos libros do cabaleiro manchego. Desgraciadamente os que saímos perdendo moito máis fomos os galegos pois a maioría de libros desaparecidos estaban escritos en galai-co-portugués que era a lingua culta que estaba de moda na época medieval. Dunha literatura, como máis arriba che dicía, máis rica que a francesa, ficounos apenas o *Amadís de Gaula*, e isto grazas ós noso irmáns de idioma, os portugueses.

Temos, os galegos que conformarnos cos cancioneiros que pouco a pouco foron descubríndose, afortunadamente, para darlle ó idioma galego o posto que en xustiza lle correspondía. Mais paso por alto os cancioneiros porque algún deles non pode conquistar lelo nin saber onde se poderán atopar, e dos que coñezo falaremos noutra ocasión.

Febreiro 21

Esta carta comezada o 9 deste mes, polas trazas non vai ter fin, mais as miñas ocupacións son intensísimas. Xunguidas estas ás incomodidades que trae aparelado o clima, a maneira miña de vivir, sempre dun lado para outro por estas terras cheas de mosquitos e millares de insectos. Mais todo ten fin na vida e a forza de empurronciños vai ir indo².

Relendo o que levo escrito, atopo bastantes fallas, algunha de sintaxe, porque redacto segundo se me van aparecendo as verbas

2. Na súa correspondencia con Fermín Penzol (*Grial*, 73, 1981), Ramiro laiábase tamén da calor húmida e abafante do verán austral no clima subtropical das provincias de Misiones, Corrientes e O Chaco que, xunto cos insectos, incomodaban a súa vida nómade de viaxante de comercio facendo a carreira do Paraná.

na pantalla do maxín. Pero eu nunca volvo atrás os ollos porque non faría nada nunca, pois todo se volvería tachar e rachar papeis. Así que o único que fixen foi ollar se se me ocorría algo mais encol de Cervantes e non tendo outra cousa que dicirche, ocórreseme falarche dun escritor contemporáneo que, posibelmente dende Cervantes até os nosos días, sexa imposible atopar nada mellor nin que se lle semelle. E refírome a D. Ramón María del Valle Inclán.

D. Ramón del Valle Inclán, pese as súas arbitrariedades, os seus raptos violentos e actitudes descompostas, que serven para que catro mediocres —entre eles Jaime Solá³— lle resten méritos, sendo precisamente esas arbitrariedades, esas violencias e esas actitudes, manifestas acentuacións propias de todo xenio. O escritor de estilo máis persoal e depurado, e non de estilo, senón de estilos, porque para cada grupo de obras que el separou baixo un adxectivo orixinal, creou un estilo axeitado a esas obras. Así as *Sonatas* e *Flor de santidad* son dunha musicalidade perfecta e acabada que nos fai lembrar Beethoven nas súas sonatas e, ás veces, a Chopin nos nocturnos. En troques *Romance de lobos* e demais *Comedias bárbaras* son dun estilo completamente distinto, pero tamén personalísimo que, abusando das comparanzas, poderíamos dicir que responden ás *Triloxías* de Wagner, tales son os efectos orquestrais da súa prosa maxistral que lle fai vivir toda intensidade da traxedia ó lector. Ten ademais as obras que tratan da Guerra Carlista, e os *Esperpentos*, derradeiro xénero creado por el que, con novos moldes e nova argamasa sempre tan persoal, saca estas derradeiras obras non menos notábeis que as primeiras co que acrecenta a súa laboura xigante. Non é na poesía tan orixinal, a pesar de ser un notable poeta, pois lembra sempre o seu grande admirador e, por tanto admirado, Rubén Darío. Na miña pequena biblioteca debo ter as catro *Sonatas* que, o mesmo que as demais

3. Jaime Solá (1874-1940), escritor e xornalista, director da revista *Vida Gallega*.

obras de Valle Inclán, están cinceladas dunha prosa que canto máis a le un, máis marabillado fica. En canto morra este autor daráselle o posto que lle corresponda, pois pasarán centos de anos sen que se lle supere como estilista.

Febreiro 29

Vou escribindo esta carta ás cansadas. Pasan os días e non podo engadir unha nova liña, porque se algún buraquiño fago no tempo para detelo e poderche escribir é despois de traballar cando os sentidos están cansos e a memoria fatigada. E eu estou escribindo sen outro lembramento que o que me doan vellas lecturas.

Merquei hai uns días un fascículo de *Geografía Universal* que a casa Espasa-Calpe de Madrid está pondo a venda. É interesantísima, non é pesada, e extensa si, mais toda a extensidade aproveitadora. Está moi ben ilustrada, moito mapa, moitísima ilustración, voucha ir mandando a medida que vaian aparecendo outros fascículos.

Se te afeccionas ós libros é inútil recomendarche que os coides e prestes o menos posible. Pois o mesmo agarimo que teñas á súa lectura estenderase ó volume e darache noxo un libro mal coidado, o non devolto.

Nestes días mandeiche un libro que apareceu aí na Galiza titulado *Historia Sintética de Galiza*⁴. É notabilísimo, non soamente porque se facía imprescindible, dado o abandono en que estamos os galegos respecto á nosa Historia —na Historia de Hespaña— senón pola marabilla de datos e cúmulo de sucesos da nosa Historia tan ben tocados en tan pequeno volume. Non deixes de lelo moitas veces, porque non podes ser bo fillo de Galiza o que podendo, non coñece as súas glorias e os feitos que lle doan honores, e non sendo bo galego tampouco se poderá ser bo español.

4. A *Historia sintética de Galicia* de Ramón Villar Ponte saíu do prelo o 25 de novembro de 1927, sendo a publicación inaugural da editorial Nós de Ánxel Casal.

Teño en Buenos Aires a colección da famosa *Revista de Occidente* que se publica en Madrid baixo a dirección de José Ortega y Gasset. Son xa unha chea de números; teño moito medo que se perda algún porque moitos están esgotados⁵. Pouco a pouco ireicha mandando para que aí estea segura e non se estropee nin se perda, cousa que lamentaría moito si sucedera.

Marzo 8

Hoxe, 8 de marzo, póño-me ante o papel coa intención de finar esta carta. Estou nun pobo da provincia de Corrientes que se chama General Paz. Denantes, hai pouco tempo, aínda chamábase Caacatí⁶, tanto que os vellos nativos aínda lle chaman así, pero agregando ao final a verba Cué que significa no idioma guaraní: pasado-ido-finado. Eufonicamente é parecido ó fué castelán, e neste caso tamén significa a mesma cousa.

Xunteime aquí con dous colegas dos que máis aprecio lle teño, un é de Ribadeo e o outro de Padrón, onde morreu a nosa santiña Rosalía⁷. Tanto un coma o outro téñenme tamén en xusta reciprocidade un grande aprecio. Saben que cumpro anos e, sen que eu soubese nada, tópomos a mediodía, ó final da comida, conque a meniña, filla do fondeiro, traendo un gran postre rodeado de flores e herbiñas recedentes, diríxese a min en nome dos compañeiros e dela mesma para felicitar-me pola cumprida de anos⁸. Aledeime

5. En marzo de 1928, a revista fundada en 1923 xa acadara os 57 números publicados.
6. Caá Catí, municipio do departamento General Paz na provincia de Corrientes. En 1910 denominouse General Paz até que en 1971 recuperou a súa orixinal denominación guaraní de Caá Catí (Ka'a Katí).
7. O amigo natural de Ribadeo é Eliseo Pulpeiro (1901-1974), viaxante de comercio, co-director literario de *Céltiga. Revista Gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*, e redactor responsable da “primeira” da revista quincenal que, a partir do seu número 12 (25 de xuño de 1925) pasou a denominarse “El momento de Galicia”.
8. As flores e herbiñas recedentes poderían ser a hortelá, romeu, ourego ou

moito, pois estaba acostumado a que pasasen os días e, cando o azar facía que ollase nunha data calquera no calendario, lembrábame que tal día facía 8 ou 10 que fora o meu cumpreanos ou santo⁹. E digo, aledeime moito, mais non tanto que coa ledicia non chegara un amarguexo que me lembrou o que outras veces acode á miña imaxinación e cóbreme dun velaño de tristura, pensando en como corren estes anos, que parecen meses doutra época, ollando que parece que foi onte cando tiña 24 anos e estaba convosco aí. E dentro doutro tanto tempo terei 40, idade da que só me faltan 10 anos para ser vello. E non soamente a idade senón á miña cabeza que vai ficando calva, e o pouco pelo que resta cheo de canas. E a todo isto estou como se non empezase a vivir, a miña vida en proxectos aínda, como se a estivese comezando, cando levo moito máis da metade recorrida. En fin, no medio da miña melancolía lémbrome de vosoutros, dos pequenos, dos que unicamente me cabe agardar algunha satisfacción. E dou por ben perdidos os meus anos se a vosoutros e a ti, sobor todo, che pode servir de exemplo para que aproveites os anos mozos. É ben certo que non se escarmenta en testa allea, mais cando os exemplos están tan a rentes dun serven de preventivo para moitas cousas. É por isto que hoxe, 8 de marzo, data na que cumpro 32 anos, che poño estas letras un pouco amarguradas, é certo, pero como no optimismo cabe un pouco de amargura ou polo menos sérvelle de contrapeso. E aínda que melancólico, non deixo de ser optimista respecto ó teu porvir que pode ser brillante se, como che digo, aproveitas estes anos. Cecais non comprendas aínda á miña tristura, mais se en min puxeches algunha vez fe, nunca mellor que nestes instantes, porque é triste chegar a convencerse por si mesmo das cousas.

alfábega propias do lugar e que lle daban nome, xa que Caá Catí en guaraní significa planta ou herba de aroma forte ou intenso.

9. San Ramiro de León celébrase o 11 de marzo.

Marzo 15

O outro día, hai 7 hoxe, non puideren rematar a carta porque os amigos interrompéronme para facerme compañía e falar un pouco, xa que ese día ningún tiña que facer e até pola noite non pasaba vapor polo inmediato pobo de Itá-Ibaté, onde embarcamos cada un para o seu lado, para continuar a xeira¹⁰. É unha cousa enorme esta, comezar o día 9 do mes pasado unha carta e hoxe, 15 do mes seguinte, aínda sen saber se se rematará porque xa non creo no término dela até que a vexa no sobre metida.

Mais como todo chega ó seu fin vou rematala hoxe, pero non sen antes recomendarche que te acostumes a ler poesía. Eu coído que teño aí algúns tomos de bos poetas: Antonio Machado, cecaís o mellor poeta actual, Marquina, Amado Nervo, Ruben Darío etc. E sobor todo os poetas galegos: Rosalía, Curros, Pondal, Leiras Pulpeiro, Cabanillas, Taibo, López Abrente, Noriega Varela. De todos che irei falando pouco a pouco.

Estuda moito, aproveita o tempo o máis que poidas. Un pequeno sacrificio por día pode ser o triunfo no teu porvir. Cando precisas algún libro ou outra cousa pídema. Non deixes de escribirme a miúdo, aínda que non recibas puntualmente a miña resposta, porque xa ves pola mostra que son tardo, mais abondoso. E procura, lendo en galego, galeguizarte o máis que poidas, pois será en ti sinal de home superior o día de mañá. Canto máis galego te sintas, mais dono de ti e do teu espírito te sentirás. Se algunha cousa me serviu a min de consolo nas contrariedades que a vida me doou, foron os escritores galegos e o sentirme máis feliz, na miña desgraza, que a miña Terra Galega, en cuxo rexurdimento traballo na miña esfera, e nos medios que podo e a sorte me vai deparando. Ó amor a Galiza débolle o non haber perdido a fe en min mesmo nos momentos difíciles da miña vida. Se de algo che

10. Caá Catí fica a case cincuenta quilómetros do río Paraná, sendo preciso desprazarse ao embarcadoiro de Itá Ibaté para tomar algún dos vapores fluviaís.

sirvo, ou che servín, debes de agradecerllo á Galiza, a nosa Santa Terra Galega que é a mellor do mundo, porque é a máis nosa.

Unha saudosa aperta do teu irmán.

Ramiro

BUENOS AIRES, c.a. 1928¹

Anque eu, como bon galego que son, debía de saber de punta a cabo o idioma galego, no no¹ sei nin por asomo; por algo hay que empezar²; e deste³ xeito, adícoche esta pequena⁴ carta para que ti corrijas⁵ e atopas as faltas⁶ de grafía e as moitas palabras⁷ que si habían de estar en galego atopanse en castellano⁸.

Non che pido que copies a carta exatamente⁹ igoal, coas faltas¹⁰ correxidas, non; solo que lle des un¹¹ vistazo general¹² e que me digas as mais gordas.

Na proxima¹³ mandareiche un ejercicio¹⁴ de composición que me coidei¹⁵ de escribir n'un rato libre¹⁶.

Bouche¹⁷ a pedir un favor, e él vai a ser que me mandes unha obra teatral en prosa ou en verso, cuya¹⁸ aición ha realizen¹⁹ soyo homes. Moito cho agradecería pois he²⁰ para representar unhos bos amigos meus, etc.

1 non-o ou nono

2 castelanismo en galego comenzar

1. Neste carta optouse por unha transcripción literal do orixinal para non alterar o seu valor lingüístico e ser fiel ao seu sentido orixinal. A datación desta carta situámola na primavera de 1928, escrita como resposta á invitación e recomendación previa feita por Ramiro de ler e escribir en galego como un dos deberes da galegitude consciente.

- 3 d-iste ou d-este
- 4 galicismo. Nós temos diminutivos
- 5 para que ti enmendes
- 6-10 fallas
- 7 verbas ou parolas
- 8 en castelán
- 9 esaitamentos
- 12 unha ollada xeral
- 13 na vindeira
- 14 exercicio ou exercizo
- 15 e 16 poida escribir nun instante de lecer
- 17 (Horror) Vouche
- 18 cuia
- 19 Na que traballen soio homes

Anque eu, como bon galego que son, debía coñecere de cabo a rabo o idioma galego, teño que confesare que somentes o coñezo un pouquichiño; mais por algo se comeza; e do xeito que ollas mándoche ista, pra que ti a enmendes e asinales as fallas de grafía e as moitas verbas que si habían sere esquirbidas en galego atopárense en castelán.

Non che pido que copées a carta o pe da letra, co-as fallas correxidas, non; soio que lle pases unha ollada xeral e que me risques as mais gordas.

Na vindeira mandarei-che un exercicio de composición que poida esquirbir nun canto de lecer.

Vouche a pedir un favor, e il vai a sere que me mandes unha obra teatral en prosa ou verso en cuia representación entre somentes homes. Moito che agradecerei pois é pra representar unhos bons amigos i-eu. Etc.

Querido Xaimiño:

Non teño tempo de che escribire, dime si a obra ha sere en castelán ou en galego.

Si son en galego terás que mercalas ahí.

Mal de moitos = Trato a cegas = O Menciñeiro = todas elas de Charlón e Hermida².

Unha fonda aperta do teu irmán.

Ramiro

2. Euxenio Charlón Arias (1887-1930) e Manuel Sánchez Hermida (1888-1940), dramaturgos e actores ferroláns. Participaron na fundación da Irmandade da Fala ferrolá en 1917 e compuxeron sainetes e pezas teatrais para ser interpretadas por dous actores. Ramiro militou canda a eles na Irmandade da Fala de Ferrol e, posteriormente, na delegación local da Irmandade Nacionalista Galega.

PARANÁ, 18 DE XULLO DE 1928

Paraná (Entre Ríos), 18 de xullo de 1928

Benquerido Jaimiño: Recibo a túa do derradeiro 16 que me puxo con coidado respecto á enfermidade de Blanca¹. Agardarei novas noticias nestes días, pois supoño irá mellorando, pois as recaídas son fatais, e se mellora daranme noticias, pois o non dar-
mas até de agora sería en vista do perigo que correu. Non estarei tranquilo até saber que está ben de todo.

As túas clasificacións nos exames son motivo de dobre satisfacción para min, porque amais do triunfo en si, celebro o ver que se van cumprindo os presentimentos meus, respecto ó teu porvir. Sigue estudando como até aquí e logo, se Deus me dá saúde, estudarás o que queiras ou adicaraste ó que queiras. É a única forma que podo exteriorizar a miña satisfacción, ofrecéndoche o que poida para o porvir.

Cando teña un anaquiño de lecer termarei de dar remate a unha carta que hai tempo comecei e por falla de tempo non podo darlle fin.

1. Blanca Sara Isla Couto, irmá de Xaime e Ramiro, cursara Maxisterio en Pontevedra por ensino non oficial, rematando a carreira en 1927. No verán de 1936, Xaime agochoouse durante un mes na súa escola do Casal (O Porriño) tras do golpe de Estado do 18 de xullo. Tamén foi a irmá que queimou, ese mesmo verán, toda a correspondencia e documentación que Ramiro gardaba no seu piso da rúa García Barbón.

Desexando que Blanquiña se poña ben de todo e ti sigas como até aquí, despídome cunha forte aperta do teu bo irmán que te quere moito.

Ramiro

Agardo que despois dos “éxitos” que sufriu o Celta por estas terras non che dure moito o entusiasmo polos *equipiers* galegos². Afortunadamente, ó mesmo tempo, os galegos que pensamos coa cabeza, tivemos unha fonda satisfacción que foi o enorme triunfo conquistado polo augafortista galego Julio Prieto Nespereira³, triunfo que vale moitísimo máis que tódolos trofeos que puidera conquistar o Celta.

Ah! E dilles ós partidarios que todas as perdas foron en boa lei. Nin foron os árbitros, nin o público, nin o campo. É que son moi malos como xogadores. Non hai que facerse ilusións, afortunadamente.

2. Entre xuño e agosto de 1928 o Real Club Celta realizou unha xira pola Arxentina, O Uruguai e O Brasil. Na data desta carta, disputara tres encontros na Arxentina, gañando un (0-1) e perdendo os outros dous por 8-0 e 3-0.
3. Julio Prieto Nespereira (1896-1991), pintor e gravador galego, visitou A Arxentina e O Uruguai entre marzo e agosto de 1928, expoñendo os seus augafortes en Buenos Aires e Montevideo. Ramiro asistiu ao banquete de homenaxe organizado na súa honra o 5 de xullo en Buenos Aires.

CORRIENTES 26 DE XULLO DE 1928

Meu querido Jaimiño: Recibín a túa do 21 do pasado San Xoán que me trouxo a ledicia de saber que Blanquiña vai mellorando da súa doenza.

Cando me atope con máis lecer e un pouco máis abondoso de cartos, vouche mandar algo para celebrar o teu triunfo nos exames.

Eu ando atafegado de traballo, pois tiven que facer a zona dun compañeiro doente e cheguei un pouco tarde á miña. E véxome mouro para poder facer o negocio debido, pois as cousas cada vez parece que van a peor nesta provincia, en troques noutras mellora moito a situación. Mais hai que ter pacencia que as cousas teñen que mostrar algunha vegada a outra face, sempre cara de tristura non han teren.

Estou lendo, e non podoo dar fin, o primeiro tomo da novela *Os camiños da vida* do profesor do Instituto de Ourense, Ramón Otero Pedrayo¹. Polo que levo lido ollo unha cousa notable. En canto lle dea fin, mándochá. Nestes días recibín noticia de que se está traducindo ó alemán. Será o primeiro caso dunha obra que non estea publicada toda, pois até de agora se non publicou máis que a primeira parte titulada “Os señores da terra” e xa interesa no

1. A triloxía *Os camiños da vida* publicouse entre marzo e xuño de 1928, sendo a primeira obra de Otero Pedrayo publicada por Nós.

estranxeiro. Ademais será un triunfo enorme para as letras galegas que, cada data que pasa, van cobrando a importancia de que son merecentes os nosos intelectuais que as cultivan. O que non ten máis vista da que ten unha toupa, e non olla mais aló das cifras, non se decatará da importancia que no futuro lle agardan ás letras galegas.

Téñoche hai tempo unha longa carta comezada que termarei cando poida. Farei os posibles para que sexa canto antes.

Moitos agarimos na casa e ti recíbeos do teu irmán cunha forte aperta.

Ramiro

Escribindo galego olla que vas progresando. Hai que ler moito para se adoitar a escribilo con soltura e sen castelanismos.

SANTO TOMÉ, 30 DE AGOSTO DE 1928

Sr. D. Jaime Isla

Benquerido irmanciño: Aínda que non teño ningunha túa para referirme, póñoche estas letras preguntándoches se é que recibides aí na casa a revista *Céltiga*, que vola fago mandar todos os números desde o comezo do ano e aínda non tiven noticia de se a recibíades ou non. Hai tempo que desexaba preguntárvolo porque estraño moito que non me digades nada, se é que a recibides, porque de vez en cando publico eu un artigo ou poema¹. E cando non, leva ilustracións miñas feitas en gravados como este que puxen neste papel e no da carta dirixida a papá². E penso que, ou non a recibides, ou se a recibides non a ledes. De vez en cando hai fotografías nas que aparezo eu, como nestes derradeiros números no do banquete de Prieto, o augafortista galego³.

1. Ramiro colaborou con *Céltiga* con gravados en linóleo e a coordinación entre 1925 e 1926 da sección “Idearium galeguista”, na que se publicaron textos de Vicente Risco, Lois Porteiro Garea ou Euxenio Montes, e poemas de Ramón Cabanillas e Xaime Quintanilla. Tamén se incluían nesta sección artigos anónimos de opinión da autoría de Ramiro ou Eduardo Blanco Amor. No número 57 (10-V-1927) publicou un gravado en linóleo que ilustra as “Cantigas do Maio”, reprodución do publicado no número 4 de *Terra. Boletín da cultura galega* (25-IX-1923) co título “Cantigas das Maías”.
2. A carta leva na parte superior esquerda un gravado dun cruceiro, coa cruz destacada sobre a Lúa.
3. “Homenaxe a Julio Prieto Nespereira”. *Céltiga* 85-86, 25-VII-1928.

Ti debes de tratar de perfeccionarte no debuxo, se é que che gusta⁴. Hai moitos recursos hoxe. Hai o augaforte, o gravado, a ilustración, o *affiche*, o óleo, a acuarela, o pastel, en fin. E moitos máis de distintos procedementos que con calquera deles pode facerse un nome e, o que é mellor, cartos tamén. Sobor todo que aínda que te adiques a outras cousas é unha satisfacción para o espírito o facer isto nos momentos que un lle rouba ó descanso. E son moi grandes as satisfaccións experimentadas por estes medios.

Como é que non me escribiches nada durante as vacacións? Estás feito un nugallán e non hai dereito.

Moitas apertas ós nosos irmáns e ti recíbeos do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

4. Xaime formouse na técnica do debuxo na Escola de Artes e Oficios de Vigo, mantendo ao longo de toda a súa vida esta afección, especialmente ao retrato e a caricatura, que practicaba en xantares, faladoiros, xuntanzas, conferencias, congresos e conversas.

GOYA, 21 DE SETEMBRO DE 1928

Sr. D. Xaime Isla

Benquerido Xaimiño: Agora mesmo recibín a túa do 21, do finado agosto, que axiña dou resposta.

Polo contido da mesma decataraeste de canta é, de que fonda é a miña ledicia. Non soamente, por ver que en todo identificáches-te co meu ideal, senón —por que non dicilo— porque vexo que tiven bo acerto ó dirixirche as miñas primeiras cartas no senso que o fixen. Algo me ditaba a min que a semente caía en terra propicia. E iso é o que máis ledicia me dá. Chámalle vaidade, egoísmo, ou como queiras, pero é así.

Quero facerche unha aclaración respecto ó que dis de que queres galeguizar a Galiza, iso sen ir a América para lembrar-me da Terra. Non penses que a lembranza da Terra fai sentirse máis galegos ós galeguiños de aquí. Se así pensas, trabúcaste. Eu vin de aí sendo nazonalista pois pertencía á delegación de Ferrol, asistín á Asemblea de Monforte, e fun a proa do movemento aquí na Arxentina¹. Pois sendo Conselleiro Supremo da Irmandade

1. Entre 1920 e 1922, Ramiro residiu en Ferrol como xerente dos Estaleiros de San Filipe, propiedade de Epifanio Deza e vencellados á Casa Banca Deza. En Ferrol integrouse na Irmandade da Fala local, liderada por Ramón Villar Ponte e Xaime Quintanilla Martínez, promotores da Editorial Céltiga.

Nazonalista Galega, Vicente Risco nomeoume, cando vin delegado da ING aquí na América do Sur. “Terras —dicía na credencial o Risco— até de agora completamente refractarias ás nosas ideas”. Así que podes calcular, o nazonalismo aquí coñécese desde que eu cheguei, que traía comigo cen exemplares da *Teoría do Nazonalismo Galego* de Vicente Risco que aquí coloquei a máis de moitos libros que trouxen ou me enviaron logo².

Se eu tivese tempo e vagar sería moi curiosa a miña odisea nazonalista nestas terras e poida que en forma de contos ou novela a escribise, mais aquí non hai tempo para nada.

A túa idea de estudar o bacharel e logo Filosofía e Letras se fose miña, non acertabas tan ben. É a carreira pola que sinto vocación e sentín sempre. Non podendo facela eu, pensei moitas vegadas en ti³. E olla por onde vas dar-me polo pau. Ti estuda que a carreira mentres eu viva non a deixarás de termar. Así que non te preocupes, pégalle de duro, e continúa identificándote cada vez máis coas cousas galegas, cos nosos poetas, cos nosos prosistas, pulindo a linguaxe que chegue a ser o supremo instrumento de creación. Que isto non será outra cousa que darlle saúde, forza,

Posteriormente militou na Irmandade Nazonalista Galega (ING) tras a súa constitución na IV Asemblea Nazonalista celebrada en Monforte de Lemos do 18 ao 20 de febreiro de 1922. Nas actas desta IV Asemblea non consta a asistencia de Ramiro ás sesións, limitada a tres representantes por grupo participante. Pola Irmandade de Ferrol rexistrouse como delegados a Euxenio Charlón, Ramón Villar Ponte e Xaime Quintanilla. Nesta Asemblea coincidiu co seu futuro cuñado, Farruco Lamas Barreiro, da Mocidade Galeguista de Ourense, que colaboraba como ilustrador da Editorial Céltiga.

2. Ramiro embarcou cara á Arxentina a finais de 1922 levando consigo 80 exemplares de *Abrente* de Victoriano Taibo, 20 de *Doutrina Nazonalista* de Ramón Villar Ponte, 200 de *Teoría do nazonalismo de Risco*, 500 de *Ollo de vidro* de Castelao e outros títulos da editorial Céltiga.
3. En 1911, con quince anos, Ramiro viuse obrigado a abandonar os estudos de bacharelato no Instituto de Santiago de Compostela para emigrar a Buenos Aires.

consistencia, robustez e espírito, posto que a nosa lingua é o sangue do noso espírito.

A “Biblioteca Galega Isla” atópoa moi ben. Non pode haber nazionalismo sen cultura, porque precisamente o nazionalismo é un problema de cultura. A proba témola en que a maioría dos nazionalistas son intelectuais e pode case que asegurarse que non hai un só nazionalista que non se preocupe das cuestións do intelecto aínda que non sexa intelectual, como me pasa a min, e a moitos máis. O que combate o nazionalismo é porque non o estudou, ou porque non o sente. No primeiro dos casos, non se pode discutir con el porque as armas que el opón son as da incultura. E no segundo tampouco se pode tratar porque non habendo sentimento galego e galeguista, non pode haber cultura galeguista tampouco, posto que cultura sen sentimento é case que imposible.

O que non estou de acordo, e coído que ti vaste decatarse tamén, é da división en seccións da biblioteca. Está ben dividila en seccións, pero ti, seguramente, non pensaches que eu teño algúns libros. E os que non teño préstanmos na casa dos meus amigos Lamas que teñen unha biblioteca regular⁴. E, polo tanto, axudado desta, tes que facer a división doutro xeito que pode ser o seguinte: 1º Literatura Medieval: que comprende os Canzoneiros Galaico Portugueses (Canzoneiro Vaticano, Canzoneiro de Ajuda, Canzoneiro de Colocci Brancuti) no que están as cantigas en loor de Santa María de Fernando III o Santo, Alfonso IX, Alfonso X o Sabio os trobadores e xograres: Pero Meogo, Martín Codax, Airas Nunes, Pérez Froián, Joan Zorro, Bonaval, Soarez Tabeirós e moitos máis.

Para esta sección, desde logo, enviareiche eu copias de poesías de todos estes trobadores e, se teño tempo, un pequeno

4. Na súa segunda estada na Arxentina (1922-1931), Ramiro foi acollido, acompañado e animado pola familia de Farruco Lamas Salgado, presidente da Agrupación Rexionalista A Terra da que Ramiro fora membro da directiva e bibliotecario. Pai de Farruco e de Chita Lamas Barreiro, Ramiro casou con Chita en abril de 1929.

ensaio de noticias soamente, pois teño datos recollidos, encol desta época⁵.

Nesta sección entra tamén, que xa me esquecía, o Poema de Alfonso XI, o Canzoneiro Galego-Castelán de Lang, o de Baena e Macías o Namorado.

2º Sección a Idade Moderna: na que se denota a decadencia do galego (séculos XVI - XVII) pola preponderancia que o castelán toma na Península. Galicia antes libre e rica perdeu as súas liberdades na Praza de Mondoñedo coa decapitación de Pardo de Cela e pasa a ser colonia castelá, perdendo toda a súa personalidade histórica. Nesta sección debes ter as obras de Camões portugués, que escribiu galego da época e ocupouse moitas veces de Galicia, como naquel soneto que di:

Alá en Monterrei en Val de Laça,
a Violante vi beira de un río
tan fermosa, en verdá, que quedei frío
de ver alma inmortal en mortal maça: etc.

Desta época é a Condessa de Altamira, que escribía en galego, Pedro Vázquez de Neira, o Abade de Urdilde, Torrado, o Padre Feijoo, o Padre Sarmiento, o coruñés Cornide, Cernadas o primeiro crego de Fruíme, aínda que estes derradeiros son do século XVIII.

E con estes poden ir tamén os da primeira época do século XIX: Freire Castrillón, Pardo de Andrade, Nicomedes Pastor Díaz.

E logo chega a Idade Contemporánea que hai que dividila en

5. Este coñecemento da lírica medieval galego-portuguesa, permitiría atribuír a Ramiro a autoría do artigo “Da antiga lírica-galega Alfonso X, o Sabio”, publicado anonimamente en *Terra, Boletín da Cultura Galega. Idearium da I.N.G. n'América do Sul*, n.4, 25-IX-1923, pp. 3-4.

varias partes. Na primeira van os Precursores: Murguía, Valladares, Saco e Arce, Añón, os dous irmáns de la Iglesia, a nosa Santa Rosalía, cume iniciática do noso renacemento, Lamas Carvajal, Pondal, Brañas, Curros, Leiras Pulpeiro, Lago González, Marques de Figueroa en fin. Murguía ten un libro titulado: *Os precursores*.

Despois podes facer unha división non por editoriais, senón por xéneros literarios nos autores de hoxe. Tes os poetas representativos da Galiza de hoxe que son López Abente, Cabanillas, Noriega Varela, Taibo, Zapata García (aquí na Arxentina). Tes os prosistas do xeito de Otero Pedrayo (boeno, Otero Pedrayo é único), Vicente Risco a cousa máis seria do noso renacemento. Forte pensador, é filósofo, crítico agudísimo, un gran poeta, novelista etc.

A poesía de vangarda que ten hoxe os mellores autores da península. Autores galegos están representados polo malogrado Amado Carballo, Manoel Antonio, Euxenio Montes, Otero Espasandín, Denys Fernández, Correa Calderón e moitos máis que agora me non lembro. Pero boeno, para non armar un barullo, o mellor separar por novelas, libros de carácter científico, poetas novos, teatro, ensaios etc.

Eu irei, pouco a pouco, enviándochे reforzos, sobor todo os cancioneros que irei copiando todo o que atope.

Agora por este mesmo correo mándochе o que teño comigo, a saber:

Para a sección Precursores: Valentin Lamas Carvajal: “A musa d’as aldeas”

“ “ “ “Seleición da súa poesía”

“ “ Poética Moderna: Francisco Herrera y Garrido:
“Almas de muller...”⁶

“ “ López Abente: “D’Outono”

“ “ Taibo: “Da vella roseira”

6. O título completo é: *Almas de muller... ¡volallas n’a luz!*

“ “ “ Vanguardista: Amado Carballo: Proel
 “ “ “ “ Manoel Antonio: De catro a catro
 “ “ “ Ensaios: Vicente Risco: Teoría do nazionalismo
galego
 “ “ “ Cencias: Otero Pedrayo: Síntesis xeográfica de
Galicia
 “ “ “ Novela: “ “ : Os señores da Terra

Os libros de Rosalía e os de Curros están entre os meus libros, e quizais haxa algún outro en galego anque coído que non porque trouxen eu moitos para aquí que lin repetidas vegadas.

Dime os que atopes aí, para se non mandarchos. Tamén che mandarei todas as obras de Cabanillas e todas as de López Abente en canto chegue a Buenos Aires.

Nestes días escribíreille ó meu amigo Ánxel Casal administrador da Editorial Nós para que che subscriba a *Nós* e *A Nosa Terra*. E tamén farei o mesmo con Carré para que che envíe *Lar*.

Agora vou darche uns datos para que os teñas presentes, para o cal debes apuntalos e telos na Biblioteca.

Rosalía Castro Abadín de Murguía: Naceu en Santiago o 23 de febreiro de 1834 e morreu o día 16 de Santiago de 1885 en Padrón.

Manoel Leiras Pulpeiro: morreu o 9 de novembro de 1912.

Valentín Lamas Carvajal: naceu no ano 1849 e morreu o 4 de setembro do 1906.

Pondal: naceu o 6 de febreiro de 1835 en Ponteceso.

Porteiro Garea: morreu o 28 de outubro de 1918.

Curros: morreu o 8 de marzo de 1908.

Como non teño apuntes nin datos máis abondosos comigo non che podó mandar máis. Axiña che escribirei. Ti non deixes de facelo o máis a miúdo que poidas, pois como debes comprender, e te poderás decatarse, interésanme moito as túas cartas.

Dime se recibes *Céltiga* dúas veces por mes, pois hai moitos que se queixan de non recibila, e hai moitos números que están bastante interesantes.

E nada máis, pequeno gran nazonalista, nada máis que a fonda expresión de agarimo máis intenso por nazonalista, por comun-
gar no mesmo altar do amor á Terra-Nai, e por irmán no sangue. E que te apreixa e te saúda dádoche a benchegada co berro de “Terra a nosa”.

Ramiro

ESQUINA, 29 DE SETEMBRO DE 1928

Meu querido Xaimiño

Recibo a túa agora mesmo, e agora mesmo lle dou resposta porque esta noite ás catro saio para unha vila que se chama Sauce e que dista de aquí 25 leguas¹. Como o camiño amais de ser longo é moi malo (neste país non hai estradas coma aí) e alí terei bastante que facer, non sei, se deixo a resposta para o meu regreso, cando cha irei dar. E como non quero atrasarme contigo, velaí por que o fago con bastante apuro mais deixo feito xa que cando eu regrese do Sauce xa irá esta durmindo nun trasatlántico polo lombo do mar adiante camiño da Nosa Terra.

Debe estar no teu poder unha miña, e uns libros que che mandaba. Entre eles falla un, o de Otero Pedrayo, que ficou esquecido entre outros que teño en castelán. Mais non importa, porque lendo a túa de hoxe ocrreseme outra cousa, que coa mesma poño en práctica. Dentro desta atoparás 10 pesos arxentinos que, non tendo como trocalos eu en pesetas, mándochos así e ti trócalos aí. Teñen que darche en duros, a metade, 5 duros, e ce-cais, se non son moi ladróns, unhas perrañas máis². Cos 5 duros

1. 125 quilómetros aproximadamente. Desde 1878, na Arxentina a legua equivalía a 5.000 metros.
2. Denominábanse popularmente *perras* ou *cadelas* as moedas de 10 céntimos de peseta (*perra* ou *cadela* gorda) e 5 céntimos (*perra* ou *cadela* chica).

mercás os tres tomos de Otero Pedrayo que importan 7,50 pts, e o Dicionario de Lar 8 pts³. Total 15,50 pts. Fícanche 14,50 pts. para que merques un Ford para ir ó instituto e, se non che gusta o auto, mercas unha casa na rúa do Príncipe e o que che sobre méteo na Caixa de Aforros. Non o malgastes que é unha perda, e o día de mañá sentiralo.

En canto chegue a Buenos Aires subscríbote á revista *Nós* e novela Lar. E a editorial *Nós* e Lar enviaranche pola miña conta cantas obras vaian publicando, pois eu son moi amigo de ambas as editoriais e así poderás chegar a realizar o teu soño de teres unha Biblioteca Galega⁴.

A carta que che anunciaba está mesmo como estaba cando che escribín a que ti me contestas. Non a toquei porque emprendín unha nova máis urxente para ti, que é unha escolma dos Cancioneiros que pouco a pouco che irei mandando. Casualmente onte recibín un tomo dos Cancioneiros que lle pedín por correo a Lamas. E ós saltos vouno facendo. Acompañarei as poesías cunhas notas que eu teño recollidas ampliadas coas impresións que vaia recibindo pola lectura que fago ó copialas.

Nos primeiros días de outubro coído que sae para Galiza un poeta galego radicado en Buenos Aires. Chámase Eduardo Blanco Amor. O *Pueblo Gallego* anunciará a súa chegada⁵. Podes visitalo no meu nome dicíndolle que es nazonalista e irmán meu. É moi amigo. No *Pueblo Gallego* daranche a dirección de onde ha parar.

3. Trátase do tomo I do *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos publicado pola editorial Lar en xullo de 1928.
4. A editorial Lar cesou a súa actividade neste mesmo ano de 1928, publicando desde 1924 corenta novelas curtas.
5. O 10 de outubro de 1928 *El Pueblo Gallego* anunciou na súa portada a chegada de Blanco Amor a Galicia como enviado especial de *La Nación* de Buenos Aires. Blanco Amor desembarcou en Vigo o 26 de outubro. Xaime encontrouse co escritor ourensán, que lle dedicou un exemplar da súa conferencia *La nueva emoción gallega* coa frase: “O nacionalista máis noviño de Galicia”.

É un dos mellores poetas xóvenes de Galiza, moi considerado entre a intelectualidade arxentina, pois é colaborador de *La Nación* de Buenos Aires.

Non teño tempo para máis. Unha forte aperta para cada un da casa e para ti do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

CORRIENTES, 6 DE OUTUBRO DE 1928

Meu querido Xaimiño:

Pola túa do 31 de agosto vexo que continuas coas afeccións ó debuxo. Nada me dis de como aprendes, se tes algún mestre ou vas a algunha academia, ou se soamente ti vas facendo algunha copia. Sendo así, e téndolle moita afección, non estaría de máis que mo dixeses para poder orientarte. Pois niso estou bastante enterado e coido unha perda preciosa de tempo o gastalo en academias facendo copias de láminas ou de figuras. A Natureza é o mellor mestre. Claro é que de boas a primeiras non te vas poñer a pintar ou debuxar unha paisaxe. Para isto hai que estudar os primeiros elementos da xeometría do debuxo tales como perspectiva sen cuxo coñecemento non poderás dar calidades nos segundos termos das paisaxes, nin poderás debuxar unha rúa. O mesmo pasa coas figuras. En canto teñas a man afeita a saber onde tes que colocarlle os ollos, o oval da cabeza, hai que debuxar da natureza. Apuntes, moitos apuntes e tratar de rematar os apuntes. Que as partes integrantes destes apuntes teñan vida, e darlle ás figuras sensación de movemento, dinamismo, en suma. Se che gusta un pintor ou debuxante, e querendo seguilo, trata de facelo tomando del todas aquelas condicións que máis che gusten, pero non para imitalas, non para calcalas, senón para que che sirvan de forza impulsora do que ti leves dentro. Os mestres non hai que consideralos

como metas senón como medios, aproveitando as ensinanzas técnicas para novas interpretacións da natureza, para novas visións dos obxectos ou persoas.

Unha Venus, ou un friso do Partenón, ou unha escultura de Praxíteles. E ó citar estes exemplos gregos, podes poñer outros máis modernos de renome. Está moi ben admiralos, pero como exemplo de arte clásica. A inspiración do artista non debe de axustarse ós modelos, senón que estes sirvan de acicate ó libre voo daquela. Pois a Arte debe ser como a vida: movemento e, polo tanto, imposible de deter. A Arte, se se ollá o seu pasado e un pretende facer revivir o pasado nas súas obras, será recrearse nese pasado, iso será recreación. E a Arte verdadeira, a Arte pura, é todo o contrario, é Creación.

Por iso che digo, que non perdas moito tempo en copiar servilmente láminas ou modelos; por moi difíciles que eles sexan e moi ben que o fagas. Non terán o valor da liña que contornee unha árbore do natural ou o debuxo da cara dun modelo vivo na que ó velo diga un de pronto: este é fulano ou esta é a árbore de tal sitio.

E máis adiante explicareiche tamén que moitas veces a forza de pintar do natural chégase a ser un fotógrafo do debuxo ou da pintura. E que ten máis valor nun cadro fallo de exactitude e desdebuxado, o atoparlle esa sensación emocional que se debe desprender do obxecto debuxado, en fin: darlle espírito ó debuxo, que un cadro moi ben copiado, moi ben terminado, pero unha cousa fría sen emoción, desas cousas que o vulgo di: Que bonito! Claro é que se se xuntan o bo debuxo e a nota emotiva, entón mellor.

Nada máis, unha forte aperta do teu irmán que te quere.

Ramiro

Mandeiche *Romances galegos* de Blanco Amor.

A BORDO DO URUGUAY, 7 DE OUTUBRO DE 1928

A bordo do Uruguay, Outono 7/1928

Benquerido Xaimiño:

Hoxe embarquei en Corrientes en dirección a unha vila que se chama Itá-Ibaté; e logo deste irei a outro que se chama Ita-tí. De aí a Corrientes, e deste punto a Bella Vista, e seguirei a Buenos Aires.

Lendo uns números de *El Pueblo Gallego* que recibín hai uns días, atopo o artigo a Correa Calderón que vai con esta e no que subraiei unhas liñas que me veñen dar a razón no que che dicía na carta derradeira¹. E serven de aclaración ó que eu che dicía respecto os mestres da pintura. É por iso que volvo escribirche, pois non pensaba facelo agora, estando como estou agobiado de traballo para pasar notas en limpo e, logo, escribir a papá que, aínda que o fixen contigo dúas veces (esta a terceira), non o fixen con el e aínda que xa suporá que estou ben ó escribirche a ti, non ha de estar moi conforme que lle non conteste a el. Por iso que

1. Evaristo Correa Calderón (1899-1986), escritor e xornalista galego. O artigo enviado por Ramiro foi “Los trabajos y los días. Nuestro salón gallego” (*El Pueblo Gallego*, 10-VIII-1928) no que realiza unha crítica da Exposición de Arte galega celebrada en Madrid no Palacio do Retiro e organizada polo xornal *El Heraldo de Madrid*.

fago punto até dentro duns días en que volverei escribirche, aínda que cada vez que teño tempo agozo algo a dúas cartas que teño entre mans, unha delas hai moito tempo e a outra faládoche do que che prometera encol dos cancioneros galegos.

Supoño estarás entregado de cheo á tarefa dos estudos por haber comenzado as clases, mais ha de ficarche tempo para escribíresme algunhas liñas falándome dos teus adiantos en galego, nas lecturas, e no debuxo.

Nada máis, unha fonda aperta do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

BUENOS AIRES, DECEMBRO DE 1928

Buenos Aires, mes do Nadal do 1928

Benquerido Sant-Iago¹:

Recibín varias túas ás que pouco a pouco irei dando resposta, pois cheguei aquí nunha época de traballo intenso. Entre o balance que se fai a fin de novembro e, agora, preparación das mostras para a estación de inverno, estou atarefadísimo amais doutras cousas de carácter íntimo das que xa estarás informado por Fidel e de que lle dou conta a papá nunha carta que hoxe lle escribo. Respecto a este troco na miña vida a ti non debe inquietarte, pois o teu porvir non se anubla no máis mínimo por este suceso². Ó contrario, cecais se consolide máis, pois as túas cartas gañaron toda a simpatía, que merecen, da túa futura irmá. E podes ter a absoluta seguridade do feito real, que é, o agarimo que por ti sente:

1. Na súa correspondencia xuvenil, Xaime adoitaba asinar como Sant-Iago, tradución do seu nome Xaime, como nas cartas conservadas dirixidas a Ánxel Casal. Posteriormente, Xaime empregou o pseudónimo Santiago Fernández en artigos publicados n'*A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego* ou o *Suplemento de los Sábados* do xornal *La Noche*.
2. A prometida de Ramiro era Inmaculada Concepción Lamas Barreiro (1909-?), filla de Farruco Lamas Salgado, e coñecida como Chita. Trece anos máis nova ca Ramiro, casaron en abril de 1929. A nova do casamento foi publicada en *Céltiga* (n. 104, 25-IV-1929) cunha fotografía do banquete e un retrato de Chita pola man do seu irmán Farruco Lamas Barreiro.

agarimo que, xunguido ó meu, fai un respectábel aumento que ti saes gañando.

E deixando isto paso a referirme a algunha túa, ou mellor dito, a varias cousas que teño na memoria espalladas en todas as túas.

Me non trabuquei nada cando fixen a primeira apreciación respecto á intelixencia túa. Demostras tela desperta, e fina, pola apreciación que fas do del Valle Inclán. A literatura deste escritor non é para todos. Hai que ter sensibilidade aguda para apreciar a súa beleza.

E antes de que me esqueza vouche facer unha observación: nas derradeiras cartas, titúlaste, debaixo da firma: “O pequeno nazonalista”. Isto fálame moito e ben do teu santo ideal, e de que tes a conciencia limpa, ergueita e avizorante ó rexurdimento da terra. Mais cómpre que estes títulos veñan a nós, non ir nós a eles. Ti, sendo nazonalista e cumprindo como tal, non precisarás poñelo nunca como título (título honrosísimo do que un debe gabarse, sempre que o mereza, como de ningún outro) senón que el só, sen ti chamalo, colocaráseche, non soamente despois do nome, senón antes del.

Non che fago esta observación con carácter de tal, pois estou seguro que até de agora non foi outra a túa intención que a darme a min unha satisfacción. Se así foi, déchesma, e cumprida. Mais por se acaso o usares con outro, foron estes derradeiros renglóns.

Hoxe escribinlle tamén a Ánxel Casal, administrador da editorial Nós para que te subscriba ás revistas *Nós* e *A Nosa Terra* e che mande pola miña conta todas as publicacións que vaian aparecendo na citada editorial.

Volvendo a del Valle Inclán está publicando unhas obras agora de xeito tan distinto ás anteriores que, se un non coñecera o autor, diría que son escritas por un escritor novo. Ó dicir novo,

refrome novo en ideas, un escritor do día. Nadie podería dicir que del Valle Inclán, despois de adquirir aqueles estilos tan marabillosos das *Sonatas*, *Voces de gesta* ou *Canto de abril*, se renovase e lles pegase no coco ós vangardistas, escribindo un *Tirano Banderas*, epopea americanista superior a todo o escrito e por escribir dos americanos. E agora, despois dos *Esperpentos*, transición entre a obra anterior e esta de *Ruedo Ibérico*, do que leva publicados dous tomos, *La corte de los milagros* e *Viva mi dueño*, referíndose á Corte Isabelina.

Remexo os números que teño da revista *Síntesis* e atopo o artigo encol das *Serranillas* do Marqués de Santillana firmado por Jerónimo Toledano, que colixo debe ser o teu profesor³. Está ben o artigo, que é de erudición sen aportar unha maior luz encol do asunto. Pois unicamente se limita a citar e máis citar. É un artigo de consulta ben ligado e nada máis. Pouco para un especialista nos clásicos; de abondo para un afeccionado da pluma, ou para un xornaleiro da mesma.

Polo que dixo do Cabanillas debe ser un señor moi apegado ás tearañas da pedantería que moitas veces é o que se saca de remexer nos libros vellos. Atragantóuselle o po e as tearañas en forma de literatura e queren emendarlle a plana a Menéndez Pelayo, Milá y Fontanals, Menéndez Pidal e moitos máis que opinan e proban o contrario. E quere facer súa a “xenialidade” ou tomadura de pelo que Valle Inclán lle fixo ó parvo de Estévez Ortega nunha interviú, onde lle dicía que a lingua galega non existira nunca, que fora inventada por uns poetas, como o armenio fora inventado por uns frades. Isto dito hai poucos meses levantou unha

3. A revista *Síntesis* foi fundada e dirixida en Buenos Aires en 1927 polo escritor e xornalista ourensán Xavier Bóveda (1898-1963). Jerónimo Toledano Cañamaque, natural da Coruña e catedrático de literatura, foi director e secretario do Instituto de Vigo. Casou con María de la Concepción (Concha) Valle-Inclán, filla maior de Ramón Marfá del Valle Inclán.

gran polvareda aí en Galiza⁴. E os protestadores, tan cándidos, nin se decataron que hai uns anos Valle Inclán escribira a *Lámpara maravillosa* onde dicía e di: "Son tres las lenguas romances que en la península Ibérica se desprendieron del bajo latín: el provenzal, lengua de comerciantes, el galaico de labradores y el castellano de gente de armas". Deixa coar o vasco por considerarse máis antigo que o latín. Non me gusta facer citas sen o texto diante, pois nunca se deben facer de memoria⁵. Pero aínda que así o fixen, o espírito do que quixo dicir fica entre comiñas (non as verbas, eh?). Non é Valle Inclán dos que escriben hoxe para contradicirse mañá, e menos contradicirse de palabra. Parece que o cronista ou entrevistador, non coñecera as posturas sempre inéditas e insospeitadas do "gran don Ramón". E menos tendo escrito iso no libro máis serio que ten, pois vén ser unha especie de breviario da súa estética.

Nestes días recibirás unha mancha de libros. Procura non distraer dos estudos moito. Algúns dos que che mando non teñen gran valor, pero, máis que por nada, por curiosidade e porque pertencen ó século pasado.

No vapor *Gelria* anda de agregado á oficialidade o poeta Manoel Antonio. Cando te enteres que vén, vai á axencia da Lloyd Real Holandés a enterarte como podes velo e saudalo no meu

4. A entrevista provocadora con Enrique Estévez Ortega (1898-1936) —xornalista e crítico de arte e teatro— foi publicada en *Vida Gallega* (n. 323, 20-XI-1926), sen que se mencionase a cuestión do idioma. A invención do galego foi declarada por Valle-Inclán a Joaquim Novais Teixeira, correspondente en Madrid do *Diário de Lisboa* (26-I-1928): "O galego nunca foi um idioma falado. Nunca se rezou em galego. Assim como o armenio foi a invenção de alguns frades, o galego foi a criação dum grupo de poetas". Antón Villar Ponte citou estas declaracións na súa réplica desde *El Pueblo Gallego* (24-II-1928).
5. A cita textual é: "Tres romances son en las Españas: Catalán de navegantes, galaico de labradores, castellano de sojuzgadores". *La lámpara maravillosa, ejercicios Espirituales*. Madrid, SGEL, Imprenta Helénica, 1916.

nome. Leva o volume *De catro a catro* pra que cho adique⁶. Faleille aquí de ti. O mesmo podes facer do Villar Ponte, calquera dos dous, cando saibas que están en Vigo⁷.

E nada máis, meu querido Xaimiño, recibe unha fonda apreixa do teu por dereito e pola causa da Nosa Terra.

Ramiro

Dentro duns días escribireiche sen falla.
Se tes ocasión mándame unha fotografía.

6. Manoel Antonio (1900-1930) e Ramiro coincidiron na Asemblea de Monforte de Lemos de 1922 e na común militancia na Irmandade Nacionalista Galega. Ambos os dous eran pilotos da mariña mercante, aínda que Ramiro —formado en Buenos Aires— nunca chegou a exercer. Manoel Antonio viaxou a bordo do *Gelria* a América en tres ocasións entre 1928 e 1929. Nas súas conversas, Xaime confesaba que, infelizmente, nunca chegara a coñecer a Manoel Antonio. Avisado da súa chegada, foi cun amigo á consignataria para atoparse co poeta. Pero os empregados esquecéronse deles e Manoel Antonio marchou, morrendo tras da súa seguinte viaxe de regreso a España (1930).

7. Xaime coñeceu en persoa a Ramón Vilar Ponte durante a estrea da ópera *O mariscal* no Teatro Tamberlick de Vigo o 31 de maio de 1929.

POSADAS, 2 DE AGOSTO DE 1929

Benquerido Xaimiño:

Hai moito tempo que non teño carta de papá. Escribinlle o primeiro de maio xuntamente con Chita e mandabamos unha fotografía, e estrañoume moito o non ter recibido acuse dela¹. Agar dando carta, pasouseme o tempo e tamén eu caín na desidia. Túas teño varias cartas sen contestar, mais eu sei que en canto recibas a miña próxima vas ficar satisfeito de min.

Fixen que che mandasen de Céltiga os tomos que me pedías. Os outros libros, aquí non se atopan libros galegos, cando chegue a Buenos Aires xa Chita terá arranxado todo e farei unha revisión. Anque coido non será necesaria porque ela mesma se encargou de buscarche e separar os que atope.

Non deixes de escribirme o mais a miúdo que poidas para deste modo normalizar a correspondencia. Faino como sempre a Alsina 934², que de aí sairán as cartas directamente para min.

Aproveito esta novidade da Aeroposta porque afórranse unha chea de días por aquí. E no outro papel vouno a facer a papá³.

1. En abril, Chita Lamas e Ramiro contraerían matrimonio.
2. Ramiro traballaba para Sangrador, González, Etchegaray & Cía, domiciliada neste enderezo, sede de varios negocios de tecidos, mercería e roupa instalados neste edificio obra do arquitecto modernista e filántropo Guillermo Álvarez (1867-1929), natural de Cortegada (Ourense).
3. A compañía Aeroposta Argentina comezou a operar con autorización oficial

Nada máis até dentro duns días que, como che digo, comen-
zareí a normalizar pola miña parte para así poñervos vosoutros ó
día tamén.

Fortes e saudosas apertas do teu irmán que te quere moito.

A Chita pregúntame en todas as cartas [...]

en marzo de 1929 para o transporte de correspondencia por vía aérea polo
interior do país na rota entre Buenos Aires e Asunción do Paraguai. O papel
para os envíos por correo aéreo era máis fino e lixeiro.

BUENOS AIRES, OUTUBRO DE 1929

*Mes de outono de 1929*¹

Benquerido Xaimiño:

Recibo a túa do 30 de agosto e doulle resposta axiña con obxecto de volver normalizar a nosa correspondencia. O non tela normalizada, contigo foi causa principal o meterme en labours superiores ás miñas forzas e tempo. Prometerche é polo afán de cumprir, ficar sin dar cumprimento e sen escribir pola agardanza a poder dalo.

Teño a medias feito, un estudo sobre poesía medieval galega e outro sobre a moderna². Empeceinos simultaneamente e aí andan. Van a tropicóns. Quixen mandarche unha colección de poemiñas de xeito novo. Algúns feitos aí. Ó darlle unha derradeira lectura para mandarcho me non gustaron moitos deles e púxenos en carpeta para facerlles algunha reforma e logo mandarchos. Estou vendo que calquera día métoos nun sobre e mándochos tal como están, cansado de velos diante. Ademais prometérache unhas impresións

1. A carta non indica a localización. Con todo, contra o final da mesma, Ramiro revela que a escribe en presenza de Chita, que ficaba en Buenos Aires durante as súas viaxes comerciais ao nordeste do país.
2. Ramiro publicou, baixo o pseudónimo de Xá, este estudo sobre a poesía medieval n'*A Fouce* (n. 37, 25-7-1931): "Un "raid" pol-a Lírca Galega. Dos orixens o medio-evo".

de viaxe, algo así como o diario espiritual dunha tempada, que tamén teño en apuntamentos e non podo poñer en limpo.

E para remate, tiven que facerme cargo dunha laboura que hai tempo tiña que facer e ía deixándoa de lado con desculpas. E chegou un momento que estas me non valeron; e, por vergoña, tiña que dar cumprimento. Trátase da Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales, organismo este de maior vitalidade da colonia e que os nazonalistas conquerimos, tendo agora as rendas do seu goberno³. Para continuar e poder levar a bo fin a galeguización do dito organismo, valémonos de conferencias e actos galeguistas, os uns e os outros puramente de divulgación. Pois a maioría dos socios son xente traballadora e moita desexosa de coñecementos, e entón explotamos a súa afección de saber dándolles conferencias instrutivas, e explotando tamén a súa ignorancia dándolles as conferencias nosoutros, que boa falla nos facían que nolas ditasen a nós. Polo medio disto, aproveitamos para arrimar a brasa á sardiña nazonalista sempre que hai ocasión e poder ir galeguizando esa xente que lles fai tanta falla coma o aire que respiran.

Pois ben, a min colocáronme unha conferencia sobre Arte que a toda présa estou documentándome, de cuxa metade máis ou menos che mando copia. Esta pragada de omisións, unhas por falla de espazo e as outras que tratarei de subsanar con lecturas recentes. E cando a teña o máis completa posíbel madareicha, que será para o mes de Nadal cando a lea na Federación.

3. Fundada en setembro de 1921, a Federación asociou as principais e máis dinámicas sociedades galegas na Arxentina, tendo como órgano de expresión *El Despertar Gallego*. De orientación agrarista e progresista, os galeguistas procuraron acadar a súa dirección e control para gañar influencia na comunidade emigrada. En xuño de 1929 celebrouse un congreso extraordinario da Federación na que triunfou a tendencia galeguista, mais as tensións ideolóxicas internas derivaron na ruptura, constituíndo unha parte das sociedades unha alternativa Federación de Sociedades Gallegas.

Estas son as causas polas que eu non teño cumprido contigo, non soamente como debera, senón como prometín. Pois por mandarche algo do que tiña para termar, fun deixando, fun deixando, e atopeime con que nin unha cousa nin a outra. E agora sexa como sexa, mandarei cando poida as cousas que che teño prometidas e outras que vaia facendo. Pero escribir, fareino todas as semanas, para que non me pase como esta temporada, que até Chita se incomodou comigo temerosa do que poidades pensar dela dada a coincidencia do casamento noso con este silencio meu.

Os debuxos que na túa atopei, asombráronme polo que adiantaches. Tes que perseverar sempre do natural. A natureza é a Mestra suprema da vida. Hai que facer moitos apuntes, non cansarse de facer raias. Fáltache moito aínda, mais coído que non é o peor. Sigue con entusiasmo e chegarás a ser un bo debuxante. Non te limites agora a figuras soltas, debuxa rúas, grupos de persoas, estuda perspectiva e procura fixarte que decontado colocas as figuras onde correspondan de maneira que a sensación das distancias sexa exacta. A isto cun pouco de adicación, chegas ó dominio sen decatarte.

Está moi ben que che guste a caricatura, mais un caricaturista faise bo despois de ser un bo debuxante, un bo debuxante de todo. Así que antes de elixir hai que facerse debuxante pois sen iso non se pode acadar o outro.

O cubismo, como o dadaísmo etc., son cousas, como dis moi ben, extravagantes⁴. Se é que ti, como me dis, tratarás disto outra vez, resérvoche para esa ocasión o que che puidera dicir.

Pío Baroja é un dos mellores novelistas, aínda que como escritor é un tanto descoidado; (nos meus libros ha de atoparse un dos volumes de Ortega y Gasset *El espectador*; ten un estudo encol

4. Ao longo da súa vida Xaime mantivo a afección ao debuxo, especialmente á caricatura e ao retrato, con mostras espalladas de acuarelas. O único ensaio cubista desenvolveuno na portada e ilustracións de *El Planeta 13*, revista de guerra manuscrita na fronte de Aragón en marzo de 1938.

da novela referíndose a Baroja). Non se preocupou de crear un estilo, como Azorín ou como Valle Inclán. Descoidou a forma por interesarlle demasiado o fondo da obra, cousa esta que lle non pasa a Valle Inclán, que é o meirande, non soamente estilista senón creador de estilos, que ten e tivo o castelán, e quizais non tivese ningún outro idioma.

Buscarei algo do que me pides, e fareiche uns envíos principalmente dos suplementos literarios de *La Prensa* e *La Nación*, o deste derradeiro reformado en formato de revista.

Dos estudos nada che digo porque te supoño, como sempre, un bo alumno, atopando moi ben o teu programa, desexándochे folgos, saúde e entusiasmo para desenrolalo en forma. E non toco máis o asunto; senón no referente á correspondencia nos días de vagar, que supoño pasarás por alto o meu silencio pasado e me terás a miúdo ó tanto dos teus adiantos e dos teus estudos.

Para debuxar usa lapis negro brando, non uses lapis tinta, e procura non copiar láminas nin nada que non sexa do natural.

Chita é moi afeccionada ó debuxo e gústanlle moito os teus apuntes. Pídeme que non cerre esta que che vai escribir unhas letras.

En canto teña feito algo máis da conferencia (quero dicir terminado á lixeira como vai iso. Pois o plan foi o primeiro que fixen; unha vez termadas a Escultura e Pintura, ou sexa antes do deseño, ocúpome das artes espirituais, que son a Música e a Poesía) mándocho para que vexas que non soamente os que estamos en América facemos cartos, ou traballamos como burros para facelos, que non é o mesmo. Porque moitas veces a maioría traballamos e cada día estamos máis probes.

Nada máis, moitos agarimos para todos con bico a Manueliña que é que nos recorda na túa⁵, e ti recíbeos cunha fonda aberta do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

5. Manuela Isla Couto, irmá coñecida familiarmente como Lela.

SOLARI, 14 DE FEBREIRO DE 1930

Solari (Ctes), 14 de febreiro de 1930¹.

Sr. Jaime Isla Couto

Vigo

Benquerido irmanciño:

Débolle resposta a unhas cantas túas. Tratei de xuntalas para darlle debida contestación con toda extensión que merezan. E unhas teño e outras fican en Buenos Aires polo que non poderei darche máis que unha resposta incompleta.

Non podes decatarte do que sinto eu ó non dar resposta a tempo a túa do 13 de outono (que teño diante). Nela pedíásme 12,50 mensuais para Permanencia². Mais chegou nun momento tan malo a túa que até de agora que, con máis tranquilidade, boto unha ollada á maraña de cousas que teño pendentos e pouco a pouco irei desenredando, se Deus me dá saúde, e poreime ó día con todos. Polo pronto con esta irán 15 pesos desta moeda, que calculo che han de dar polo menos 10 duros grazas a Primo de

1. Trátase da localidade de Mariano I. Loza, tamén coñecida como Estación Justino Solari, pola súa estación de ferrocarril. Está situada no departamento de Mercedes na provincia de Corrientes a medio camiño entre Mercedes e Curuzú-Cuatiá.
2. Aulas de reforzo impartidas no Instituto fóra do horario académico —en Vigo despois do xantar— e que eran pagadas polo alumnado.

Rivera que deixou a peseta á altura do betún, senón daríanche 7 ou 7 e medio. E tes para pagar 4 meses até febreiro a quen chos prestase. E na miña próxima mandareiche os meses restantes para terminares o curso.

Dos libros que me pides, enviareichos tan axiña como chegue a Buenos Aires. O de Fitzmaurice Kelly téño na casa mercado dunha edición feita aquí hai 3 ou 4 anos³. O de Dantín Cereceda non o teño e busquei nos catálogos de Espasa-Calpe que teño comigo e non o atopei, senón facíacho mandar pois teño conta na sucursal de Buenos Aires desa Editorial⁴. A *Deshumanización del Arte* de Ortega y Gasset mandareicho co de Kelly porque aínda hai pouco que o lin por segunda vez.

Na miña biblioteca, ou mellor na que aí tes, debe haber un tomiño falando da organización das bibliotecas. Búscalo e a ver se che serve, se non buscarei eu este que me pides.

Repasando o catálogo de Calpe ollo unha obra de J. Dantín Cerceda que se titula *Geografía Moderna* dividida en 5 tomos. O segundo “Eurasia”, o 3º “América y Antártico” (publicados). Faltan o primeiro “Geografía General”, o IV: “Africa Insulandia y Australasia”, e o V “Península Ibérica”. Dime se será isto, que entón mándochos en canto aparezan, pois desde calquera lado que me atope fago unhas letriñas en mandarche enseguida o que eu lles ordene.

3. Trátase do *Manual de la Historia de la Literatura Española (desde sus orígenes hasta nuestros días)* publicado en Buenos Aires en 1926 e da autoría do hispanista e cervantista escocés James Fitzmaurice-Kelly (1858-1923).
4. Juan Dantín Cereceda (1881-1943), xeógrafo e catedrático de instituto, destacou no estudo das rexións naturais de España. En 1922 publicou o seu *Ensayo acerca de las regiones naturales de España. Tomo I* (Madrid, Museo Pedagógico Nacional) e en 1925 o estudo *Distribución geográfica de la población en Galicia* (Madrid, Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas).

Nada máis: Chita supoño che escribirá. Eu fareino tamén deseguida. Mentres tanto recibe un aperta saudosa do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

ITATÍ, MARZO DE 1930

Benquerido Jaimiño:

Teño unha carta comezada en Mburucuyá que non terminei por non tela aquí para continuar¹. Firme no propósito de que nos escribamos catro ou cinco veces por mes, sen ter ningunha á que referirme, escriboche para mandarche un billete de 10 pesos para pagamento do repaso de leccións. Hai uns días mandeiche 15 pesos e agora mándoche estes 10. E por iso é que non quero agardar a terminar a carta comezada porque pasan os días e volvemos ás andadas.

En canto chegue a Buenos Aires mandareiche os libros que me pides, e algún máis que vexa eu que che pode ser útil.

O dono da casa onde che estou escribindo, español moi culto, ó que lle lin a carta túa falando dos estudos, interésase por coñecer o plan do Bacharelato elemental. Eu dinlle copia xa do universitario, así que unicamente me mandas o elemental.

Non deixes de escribirme o mais acotío que poidas, pois eu dareiche resposta a todas ó seu debido tempo.

Cariños a todos na casa, e ti recíbeos cunha saudosa aperta do teu irmán.

Ramiro

1. Localidade na provincia de Corrientes.

MBURUCUYÁ, 8 DE MARZO - ESQUINA,
23 DE MARZO DE 1930

Mburucuyá, 8 de marzo de 1930

Benquerido Jaimiño:

Hoxe cumpro 34 anos nesta vila colonial completamente afastado de todos os meus, mais sen a pena de ausencia que debería sentir nunha ocasión como esta.

Posibelmente inflúa niso a vila. Hai moitos días que me sinto decaído cunha tristura fonda, que se mostra na superficie, ou o exterior, en forma de neurastenia. E precisamente veño notando que iso ocórreme nalgúns lugares. Cando viaxaba por outras provincias, ocorríame máis a miúdo. Esas vilas todas iguais feitas polo mesmo patrón, igual praza, iguais mazás de casas, iguais edificios, iguais obeliscos á liberdade, é unha cousa deprimente¹. Mais esta provincia de Corrientes, ten unha serie de vilas (algunha outra provincia tamén) que foron fundados polos colonizadores españois, e sucede unha cousa rara. Nestes lugares, fundados polos españois, é onde se atopan os elementos máis autóctonos da raza aborixe.

Unha destas vilas é esta de onde che escribo. Tipicamente colonial, casas que albergaron posibelmente os irmáns [*illexible*] dos compañeiros de Alvar Núñez Cabeza de Vaca.

1. As localidades das provincias do nordés arxentino desde onde escribe Ramiro presentan unha trama urbana en cuadrícula consonte ao modelo colonial.

Chámase Mburucuyá, que logo se tornou en burucuyá ou birucuyá do sur, levado polos guanches descendentes dos guaraníes aborixes.

Mburucuyá é nome de flor ben coñecida aí. Chámase pasionaria esa enredadeira ou liana rubideira que dá a flor da paixón, que de aí vén o seu nome científico, coído que pasiflora².

O cronista da rexión selvática guaraní, misioneiro P. Pedro Lozano di: “Llamámosla los hespañoles granadilla y con nombre más piadoso, flor de la pasión”³.

Os guaraníes que foron os primitivos habitantes destas rexións, naquela época selvas, e onde non, esteiros e lagoas, foron moi dados ás lendas. Os misioneiros españois, recolleron en crónicas ou relacións, os asuntos míticos, que aproveitaron moi ben para conquistar maior docilidade nos indios. Claro é que, atentos a isto, desvirtuaron unha gran parte da riqueza folclórica para substituír os cultos primitivos polos cultos relixiosos. E así perdéronse figuras e feitos de riqueza extraordinaria, e moitos mitos chegan até nós trocados os personaxes e falseada a finalidade.

A lenda do caí (moniño destas selvas que aínda fican moitos), tiña necesariamente que existir antes da chegada dos españois⁴. Os misioneiros valéronse dela para inculcar ós indios o respecto á Virxe (Tupa-çi), ó seu poder, e a inclinación á caridade. E di o padre Lozano: A Virxe e o neno camiñaban por unha selva, cansos e

2. Mburucuyá, do guaraní *mburukuja*, é coñecida tamén como pasiflora azul. O seu nome científico é *passiflora caerulea*.

3. Pedro Lozano (1697-1752), xesuíta español destinado ás misións do Paraguai, publicou en 1773 a súa *Descripción chorográfica de terreno, ríos, árboles, y animales de las dilatadísimas provincias del Gran Chaco, Gualamba, y de los ritos y costumbres de la innumerables naciones de bárbaros e infideles que las habitan. Con un cabal relación histórica de lo que en ellas han obrado para conquistarlas algunos gobernadores y ministros reales, y los misioneros jesuitas para reducirlos a la fe del verdadero Dios*.

4. En guaraní, esta especie de primate é denominada *ca'í* e correspóndese ao xénero *sapajus*.

sedentos. Chegaron o pé dunha guabirá onde uns cantos rapaciños comían dos seus doces froitos⁵. A Virxe pediulles para o seu neno, mais os pícaros, burlándose guindáronlle as tonas. Olláronse castigados ó ficar convertidos en caís.

Houbésemme gustado averiguar o mito Mburucuyá, mais a tradición arranca da época dos hespañois facéndolle chamar Mburucuyá á filla dun capitán, da que estaba namorado un rubichá (xefe guaraní). Enterado o pai, fixo matar o indio. Mburucuyá ó sabelo por unha india vella, nai do rubichá, pediulle que a guiase a onde estaban os restos do amado morto. Segundo costume guaraní as tumbas eran aéreas, e os mortos eran colocados entre as ramas no alto dunha árbore.

Fixo, a desditada namorada, unha cova onde depositar o corpo do que por ela morrera. E a carón del, cravouse no peito unha frecha que en días mellores lle regalara o indio. E a pequena frecha de plumas ficou sobor do corazón como unha flor exótica que del brotara.

A vella india dou terra ós corpos. E asombrada ollou, tempo andando, como da sepultura brotara unha planta até entón non coñecida que se chamou como a morta Mburucuyá. A ruda intelixencia dos indios deu cabida á crenza de que se a flor da Mburucuyá ten os atributos da paixón do N. S. [Noso Señor] é porque Aquel que morreu polos homes aprobou o sacrificio da rapaza.

Esquina, 23 de marzo de 1930

Despois de escribir o anterior e ficar sen tinta estilográfica e sen ter onde mercala en Mburucuyá, escribinche desde Itatí, enviándoche 10 pesos. E agora que recibo a túa do 24 do pasado, volvo escribirche para que vexas que non ficaches sen interlocutor

5. Árbore cun froito amarelo do tamaño dunha ameixa.

e que non monologueaches moito (estás perdoado, e non fago máis que seguir a broma).

Dentro de pouquísimos días recibirás os libros que atope. Libros de estudo, pídemos con tempo, pois se cadra estou en viaxe e pasan dous meses mentres non chego a Buenos Aires.

Pensando no próximo curso fai unha listiña dos máis interesantes e mándama o máis axiña. Libro en galego aquí non se atopa ningún que non sexan os recién aparecidos aí.

Nesta carta atoparás dez pesos máis, para pagar a pasantía dous meses. Non deixes de acusar recibo de todas as cartas porque así sigo enviándoches nesta forma, pois doutro xeito é máis incómodo e non hai bancos na maior parte das vilas. Até agora mandeiche tres cartas con cartos.

Non deixes de escribir en canto teñas ocasión o máis longo posíbel.

Blanca débeme carta. Non sei nada dela. O mesmo os demais rapaces. A Fidel estaba en débeda con el e escribinlle hai uns días⁶. O mesmo a papá que lle volverei escribir mañá a bordo, contestándolle a súa que chegou xunto coa túa.

Cando precisas documentarte e coñecer bastante ben a literatura rusa, dimo, porque hai un libro ruso traducido ó inglés que son unhas conferencias que Pedro Kropotkin pronunciou en Londres sobre o Ideal e a Realidade da Literatura Rusa⁷. Non está traducido ó castelán e Chita, que domina o inglés e o francés bastante ben, está por encargo meu traducindo o que di de certos autores, en papeletas por autor. E cando eu chegue, que estou

6. O matrimonio de Fidel Isla e Manuela Couto tivo nove fillos entre 1896 e 1915: Ramiro, Ana, Fidel, Blanca Sara, Flora, Manuel, Celso, Manuela e Xaime.

7. Pietr Kropotkin (1842-1921), intelectual e teórico do anarco-comunismo, pronunciou en 1901 en Boston unha serie de conferencias no Lowell Institute que foron revisadas e publicadas en 1915 co título *Ideas and Realities in Russian Literature* (New York: Alfred A. Knopf).

estudando inglés, iremos traducíndoo todo. E como che digo, se tes necesidade no curso da Literatura comparada, escíbeme que che mandarei datos de todos os autores que queiras. E ó ver uns agregarei aqueles que teñen algunha influencia ou relación dada ou tomada dos que a ti che interesan.

E nada máis, inda que pareza e me condenen os feitos, non estou nada afastado de vosoutros, nin sufro esquecemento de ningunha clase.

Teño moita gana de ir por aí, mais non quero ir de pracer para volver outra vez. Quero ficar aí definitivamente. Coido que non me farei moito máis vello do que son antes de ir para a Nosa Terra. Un pouquiño de paciencia, e un pouquiño menos que paciencia de sorte, pois a sorte de agora non é moita, os tempos non axudan. Pero en fin, xa trocarán as cousas.

Agarimos a todos. E ti recíbeos cunha fonda e saudosa aperta do teu irmán.

Ramiro

BUENOS AIRES, 1 DE MAIO DE 1930

Benquerido Xaimiño:

Cando recibas esta terás xa no teu poder dúas obras enviadas ó teu nome pola editorial Espasa-Calpe de Madrid polos da sucursal neste país. Unha delas é a *Xeografía Universal* de Ernest Granger e Dantín Cereceda que che prometera¹. E outra é o *Diccionario*, derradeira edición da Real Academia que, adiantándome ó suposto éxito dos exames che mando de regalo². O exemplar de Fitzmaurice Kelly tñao bastante estropeado —cousa rara nos meus libros— e fíxeno encadernar denantes de mandarcho, así que cando mo traian mándocho.

Mándame unha listiña dos números da *Revista de Occidente* que tes aí. Ireiche mandando algúns, pois quero ir trasladando os meus aí para o día que eu vaia levar o menor volume posíbel.

Supoño recibirás o quincenario nazonalista *A Fouce* que turrámos aquí³. Aí ollarás moitos gravados meus como os que che

1. *Nueva Geografía Universal. Aspectos de la naturaleza, la vida de los hombres, recursos agrícolas e industriales*. 3 tomos de Ernesto Granger, Juan Dantín Cereceda e Juan Izquierdo Croselles, publicados en 1928 por Espasa-Calpe.
2. Trátase da 15ª edición do *Diccionario de la lengua castellana* que, nesta edición de 1925, pasa a denominarse *Diccionario de la lengua española*.
3. O quincenario *A Fouce*. *Periódico galego* editouse en Buenos Aires en dúas etapas. En xaneiro de 1926, a reconstituída Irmandade Nazonalista Galega liderada por Ramiro e Lino Pérez tirou do prelo catro números. En febreiro

mando que, non tendo comodidade nin medios para sacar probas, mándoos á *Fouce* para ollar como saen e logo ir mellorando os traballos⁴.

Dentro duns días volverei escribirche, e será máis amplamente. Agora foi para avisarche do envío da Espasa e mandarche ademais esa carta que me deu a Chita para ti en resposta dunha túa. Deuma así pechada, e pechada cha mando. Dentro duns días supoño escribirá ela aos papás mandando fotos nosas.

Nada máis. Mándoche 10 pesos correspondentes a febreiro e marzo, ou marzo e abril. Non sei.

Bicos e apertas a todos do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

de 1930, a Sociedade Nazonalista Pondal reeditou o periódico, publicando un total de oitenta e oito números até xullo de 1936. *A Fouce* foi o principal órgano publicista “arredista” na Arxentina, en canto expresión do soberanismo independentista.

4. Tres exemplos destes gravados pódense consultar n'*A Fouce* nos números 11 (30 de abril de 1930), 14 (15 de xuño de 1930) e 17 (25 de xullo de 1930).

CURUZÚ-CUATIÁ, 23 DE MAIO DE 1930

Benquerido Xaimiño:

Recibín a túa que, inda datada no marzal, supñoa de abril polo seu contido.

Hoxe chegaron ó meu poder os derradeiros números de *El Pueblo Gallego* entre os que vexo un telegrama dirixido á VI Asemblea Nazonalista polo secretario da Asociación Escolar de Iniciación Cultural e firmado Isla, polo que supño serás ti. Moi ben pola Asociación Escolar de Iniciación Cultural¹.

Noutro número atopei a interviú de Juan Carballeira e de Torres de “11 a 2 en el instituto”². Produciume fonda satisfacción, ledicia íntima. De todo corazón, moi ben. Foi unha xurdia satisfacción, para min como para o papá, que a pesar das protestas polo teu republicanismo de 14 anos rezúmalle o contento por cada letra.

Mais é conveniente non esquecer que cada triunfo que se conquiere é unha maior e meirande cantidade de responsabilidade

1. *El Pueblo Gallego*, 24-IV-1930. Esta Asociación Escolar enviou un “telefograma” de adhesión á VI Asemblea Nazonalista celebrada na Coruña o 27 de abril e na que se acordou a reconstitución das Irmandades da Fala.
2. *El Pueblo Gallego*, 19-IV-1930. Johan Carballeira (1902-1937) visitou o Instituto de Vigo acompañado polo pintor e caricaturista Manuel Torres (1901-1995), dedicándolle a Xaime unha longa sección da reportaxe baixo o título: “Jaime Isla, pensativo e inteligente”.

contraída cun, e cos máis que, coma un, están atentos ós nosos actos. Os triunfos non facilitan o camiño, entorpeceno, mais é preciso cada vez unha maior dedicación ó estudo, unha maior austeridade e unha meirande rectitude en todos os nosos actos, inda naqueles de índole privada e miúda que non teñan transcendencia maior, pero que poden influír nunha futura ética.

En síntese, que en todo momento debe darse a sensación de que o que se di e se fai en público é un reflexo pálido do que un sabe e do que pode chegar a facer; se non cáese na defraudación.

De Johan Carballeira moi pouco che podería dicir porque a pouco de començar a telo no *Pueblo* publicou un artigo no que deixaba bastante mal parado o nazionalismo, o idioma e unha chea de cousas máis³. E non o lin máis porque lle tomei unha fonda antipatía. Nestes derradeiros tempos, e a raíz do inquérito da xuventude galega, comencei a lelo porque foi simpático o movemento que produciu, pero non o suficiente para opinar sobre os valores máis ou menos positivos que posúa o Carballeira⁴.

Tarde é para aconsellarte no asunto da reválida de Bacharelato elemental, pois xa vai maio vencido. É ademais asunto que ti aí poderás resolver mellor sobre o terreo. Convenche, si, estudar con seriedade todo. Os coñecementos que adquiras, que teñan a solidez da intimidade con eles, non soamente o marchamo oficial que un exame afortunado pode mellorar. Como sei que isto faralo, sen necesidade desta miña aportación, fico tranquilo neste asunto.

3. “Posición del gallego”. *El Pueblo Gallego*, 4-IX-1928. Artigo que deu lugar a unha polémica onde interviron Jaime Solá (“La bomba del día 4”, *Vida gallega*, 10-IX-1928) e Plácido Castro (“Cosmopolitas o castellanos de imitación”, *El Pueblo Gallego*, 14-IX-1928).
4. Johan Carballeira trasladou a Galicia o debate aberto polo diario madrileño *El Sol* a finais de 1929 cunha enquisa aberta sobre “Qué piensa nuestra juventud”. A partir do seu “Vendimiario. Tema de juventud” (*El Pueblo Gallego*, 27-XI-1929) as páxinas do xornal acolleron repostas diversas da mocidade galega a esta cuestión.

Política. Hoxe é un asunto de dignidade a república en Hespaña, inda esquecendo o dano incomensurable que os Borbóns lle fixeron a Hespaña. Non hai máis que ollar a política dos derradeiros 15 anos para decatarse que tendo rei na Hespaña, non puideron gabarse de dignidade os españois. En consecuyente coas ideas de Kropotkin até Lenin que din que mentres haxa, nun país, un problema nacional a resolver, hai que solucionar este antes que todos os problemas sociolóxicos. Para min primeiro Galicia, dimpois virá o de socializala. Agora que se para conquistar a autonomía, separación, o que sexa, hai que xungirse a outros partidos, son da idea de con garantías facer pactos con calquera. O partido republicano socialista⁵ será cousa simpática por ser, pode dicirse, creación ou idea de Marañón que foi o que primeiro falou diso na revista *Atlántico de Madrid*⁶. Atopo ben a túa elección mais sen deixar de man o noso problema nacional que che pido propagues entre os teus compañeiros e amigos, con fe e entusiasmo.

Dime se recibiches a *Xeografía* e o *Diccionario*. Mandareiche algún libro de Pirandello e con eles, para que non te entusiasmes moito con el, un libro de Andrenio titulado *Pirandello e Cia*⁷: moi atinado e enxundioso con ese don de razoable equidade que tiña Baquero facendo crítica. Tamén che mandarei algún de Unamuno.

Pulpeiro-Eliseo, director de *Céltiga* que viaxa comigo á mesma zona hai xa tempo polo que somos moi amigos, celebrou moito a interviú de Juan Carballeira e encargoume que te felicite. Xa te

5. O Partido Republicano Radical Socialista, liderado por Marcelino Domingo e Álvaro de Albornoz, constituíuse a finais de 1929 como unha escisión da ala esquerdista de Alianza Republicana.
6. *Atlántico. Revista mensual de la vida hispanoamericana*, fundada e dirixida por Francisco Guillén Salaya (1900-1965), publicouse regularmente en Madrid entre xuño de 1929 e maio de 1930. O derradeiro número apareceu en marzo de 1933 tras a interrupción da súa publicación.
7. Publicado en 1928 co título *Pirandello y Cia* na editorial Mundo Latino de Madrid por Andrenio, pseudónimo do xornalista e crítico literario español Eduardo Gómez de Baquero (1866-1929).

coñece pois foi o que escribiu o asunto Toledano en *Céltiga* e é autor da primeira páxina “El momento de Galicia”⁸. Chita entusiasmada contigo caéronselle as bágoas ó ler o parágrafo adicado a ti.

Mándoche dez pesos, dos cartos que che sobren despois de pagar o repaso e mercar algún libro, debes facer un fondo para excursións. A primeira a Ourense para coñecer a Risco, Otero Pedrayo e demais irmáns nazonalistas; que che parece a idea? Ademais de coñecer os homes, coñecer monumentos e paisaxes novas. Se conquires permiso do papá mándoche diñeiro para iso, e cartas de presentación no xeito que ti me digas, pois estou relacionado con todos eles⁹.

Nada máis. Moitos bicos a todos e apertas da Chita para todos e para ti dos teus irmáns que te queren moito.

Ramiro

Felicita o teu compañeiro Sábada no meu nome, e faille presentes os meus acendrados votos polos seus progresos e forte galeguismo¹⁰.

Mándame dicir o que custa o tren a Ourense. Hospedaxes podes enterarte por Fidel etc.

8. Xaime laiárase nunha carta a Ramiro de que Jerónimo Toledano criticara a poesía en galego e a obra de Rosalía de Castro acusándoa de ser “sensiblera cursi”. Eliseo Pulpeiro retrucoulle desde “El momento de Galicia”, na primeira de *Céltiga* (n. 103, 10-IV-1929), falando de “un sabio”. Esta nota de Pulpeiro provocou posteriormente unha forte discusión no Casino de Vigo entre o grupo de Valentín Paz-Andrade e Toledano, segundo lembraba Xaime.
9. Esta excursión a Ourense para coñecer os guieiros do galeguismo ficou adiada até o regreso de Ramiro a Galicia en decembro de 1931.
10. Carlos de Sádaba Sanfrutos, compañeiro de curso de Xaime no Instituto de Vigo, fillo do farmacéutico Rafael de Sádaba Capablanca, director da Escola Industrial de Vigo.

CURUZÚ-CUATIÁ, 15 DE AGOSTO DE 1930

Benquerido Xaimiño:

Vou darche resposta a algunha das varias que teño pendentes de contestación ou, mellor dito, a algúns puntos.

Envieiche o *Diccionario* e o *Geografía* como regalo excepcional pola boa terminación do Bacharelato elemental, así que ficas obrigado comigo a iso.

Da editorial Labor recibirás os libros que, en lista á parte, engado a esta.

Da editorial Nós nada sei. E novamente lle escribín hai uns días por vía aérea, pedíndolle colaboracións dos intelectuais da Coruña para *A Fouce* nun número especial adicado a Lois Porteiro (q. e. p. d.)¹.

Aínda non puiden averiguar nada do microscopio, pois recibín a carta a véspera de saír de viaxe e non tiña tempo para nada.

IDEARIUMS: nada teño que obxectar á túa interpretación do que ten de ser a ética dun individuo consciente diante do problema tan sen resolver e de tan interesante complexidade como é o do ensino.

1. Finalmente colaborou unicamente Antón Villar Ponte co artigo “O loitador inesquecente”. *A Fouce*, n. 21, 15-X-1930.

Inda que fallen moitos puntos para concorrencia dun idearium completo sobor da moral, resolvendo o problema cultural están resoltas o 99 por cento das dificultades.

É materia asaz interesante e pedagóxica. Eu descoñezo absolutamente todo o relativo a ela. Cando oio falar do asunto, se teño que meter baza, boto man do que o senso común me dita. E se algunha cousa se me ocorre debe ser por intuición ou por reflexo doutras lecturas.

Do Ideario galeguista, efectivamente, está moi ben. Mais é unha utopía, e ben utopía. Utopía que se convertería en realidade se na Galiza tivésemos uns cantos millonarios nazionalistas, máis que Cambó na Cataluña².

O noso traballo é lento, mais ten que ser así. Lóitase con xurdias dificultades, o temor ó ridículo, na clase media, hoxe vencido en parte, o logreirismo, iso non se vencerá xamais. E a proba está en que os mellores nazionalistas de todos os agrupamentos son os que proceden da clase artesán. O caso de Euxenio Montes hase repetir indefinidamente, como o do Peña Novo e moitos máis. Sálvase a clase intelectual con Castela, figura cumio do movemento galeguista. Risco, Otero Pedrayo, Villar Ponte, e moitos máis. Pero os Correa Calderón, os Xoán Carballera, os Jesús Bal etc., están cos galeguistas. Namentres non lles publiquen nada na *Revista de Occidente*, non teñen a valentía de romper o vencello cultural castelán, son escravos do acerbo cultural da meseta.

Non falo máis que dicindo o que sinxelamente penso sobor do problema. Entre un periodista ou escritor destes que van a Madrid a abrirse camiño e calquera dos galegos que citei, prefiro estes que fan obra e iso é sempre cousa que debemos agradecer. Pero se

2. Francesc Cambó (1876-1974), avogado e político catalanista, ministro de Fomento (1908) e Facenda (1921-1922). Grazas á súa rede de negocios chegou a ser unha das persoas máis ricas de España.

esta xente volveuse os ollos de fronte á Terra, sen ollar de esguello para ver o que se perde noutro lado, que obra moito máis esgrevia non farían. Eis o caso Castelao, o caso Otero Pedrayo.

É preciso consagrarse á Terra, libre de todas as pequenas ambicións alleas, (falo nun senso cultural). Vivir para ela, consubstanciarse con ela. E non é cousa desagradecida a Terra para quen, con agarimo, se adique a ela. Sempre dá froito, e os froitos mellores son os dos que con máis atención e desvelo a Ela se adicaron.

Atopo moi ben a idea de facerte mestre. Primeiro e principal porque che gusta e, segundo, que despois terás unha grande autonomía para as túas futuras adicacións. E que mellor campo de acción para o desenrolo da grande Idea que en ti xermola que a Escola?

Respecto a se podes colaborar nalgunha revista, vouche dar resposta como desexas. Isto é: claro e sinxelamente.

Se o feito de ollar traballos dun, en letra de imprenta, e se ademais olla un eloxios para eles, vai ser cousa de que se engaiole un mesmo e se bote a durmir nos loureiros; non me parece ben. Se pola contra, non fas caso ó canto de serea das loanzas, e comenzas a analizar friamente os defectos que ten aquel traballo para no seguinte tratar de superarse, contraendo a cada eloxio unha nova obriga para non defraudarse a si mesmo e, polo tanto, ós máis, entón si podes facelo³. O escribir é cousa fácil. Sen gran preparación pode chegarse a escribir ben e até dicir cousas interesantes. Entra moito a práctica. Refrome sempre a escribir para revistas ou xornais dunha relativa responsabilidade.

Eu nunca escribín nada. E cando o intentei, fíxeno moi mal, como o sigo facendo. Pero cando turrámos a revista *Terra* aquí en Buenos Aires, sen decatarme fun facendo soltos e recheos con

3. Curiosamente, Xaime desenvolveu na súa vida adulta un teimudo e recoñecido perfeccionismo como escritor.

gran facilidade, asombrándome eu mesmo disto, lembrándome de cando tiña que suar tinta para facer dúas liñas⁴.

Mándame a min, o que vaias facendo para publicación e, ben sexa en *Céltiga* ou n'*A Fouce*, irá saíndo sempre que sexa aceptado polas direccións respectivas. Ben entendido que o rechazo ou non publicación dalgunha cousa non ha de ser motivo de desalento nin de noxo pola túa parte, senón acicate que che sirva para un máis intenso melloramento. Estás conforme co que che digo?

O que mandaches para o Sant Iago chegou tardísimo.

Se teño tempo farei un extracto da túa carta e mandareino á *Fouce*⁵.

A.E.I.C.⁶: Atopo moi ben tamén iso, mais que é un corpo moi pequeno para un alimento terriblemente abundante. Está moi ben, pero coido que a A.E.I.C. vai indixestarse de programa⁷. Eu non quero que imaxines que me burlo facéndome solidario dalgúns compañeiros teus que van ó rabo e non poden ver os empollóns. Está ben, repito, esa preocupación túa, mais non robes horas ó estudo, nin ó paseo que necesariamente debes facer, por conquerir algo práctico. Segue afinando, pero en teórico. E se aparecen rapaces capaces de facer ambiente e chegar a ter un xuntoiro relativamente abondoso, si. Mais ollo, que será moita laboura para

4. *Terra. Boletín da Cultura Galega. Idearium da ING n'América do Sul* publicou cinco números entre xuño e outubro de 1923 baixo a dirección de Ramiro. O redactor xefe era Blanco Amor, o director artístico Farruco Lamas Barreiro e o administrador Xenaro Fernández Couto, curmán de Ramiro.
5. O primeiro artigo de Xaime publicouse na portada da *Fouce*, baixo a sinatura de Lourenzo, co título "Notas d-un Ultreya" (n. 58, 15-VIII-1932).
6. Asociación Escolar de Iniciación Cultural.
7. Os obxectivos da AEIC son descritos por Xaime, secretario xeral da asociación, nunha carta enviada a Otero Pedrayo o 10 de xuño de 1930, na que se adherían á homenaxe pública que recibira en Ourense o día 8, e conservada no Fondo Otero Pedrayo-Fundación Penzol. Unha das constantes vitais de Xaime como proxeccionista foi a tendencia ao deseño de amplos programas de acción.

ti só. E cando se quere adquirir solidez na cultura, a vida é moi curta para aprender o que a un lle fai falla.

Vexo na lista de libros que che faltan algúns que eu teño aquí e que chos vou mandar. Mellor dito, vou mandar pouco a pouco todos os que teño, pois pouco máis dun ano, se chega a el, me resta de ficar neste país.

Tamén che vou mandar esta axiña, porque a teño comigo, unha colección (5 números) da revista *Terra* que hai anos turrámos en Buenos Aires, porque vexo que non a tes entre as publicacións.

Seguirei dentro duns días.

Agarimos e apertas para todos. E ti recíbeos coas saudosas apertas do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

A Chita non está ben. Neste día segundo noticias que teño de hoxe, atópase mellor⁸.

Libros que lle pedín á editorial Labor e que deberas recibir directamente deles.

16-17 = Gramática castellana	Moneva y Puyol
21 = Cultura del Renacimiento	R. Arnold
38 = Prehistoria: 1 Edad de Piedra	M. Hoernes
41 = “ 2 “	“
80 = “ 3 “	“
69 = Historia de la España Musulmana	Ángel González Palencia
83-84 = España bajo los Borbones	Pío Zabala

8. Chita sufriu continuos problemas de saúde de natureza física e emocional. Tras do seu regreso a Galicia a finais de 1931 e na procura desesperada de remedios para as súas frecuentes xaquecas e crises nerviosas, consultaron diversos médicos até que Roberto Nóvoa Santos lle diagnosticou con crueldade unha neurose sexual e recomendoulle severamente refacer a súa vida.

127-128 = España bajo los Austrias	Eduardo Ibarra
154 = Historia del Antiguo Oriente	Fritz Hommel
158 = Europa Medieval	H. W. C. Davis
10 = Astronomía	Jose Comas Solá
22 = Geografía Física	A. Günther
5-6 = Introduc. al derecho hispánico	Moneva y Puyol
44 = “ a la Quím. general	B Bavink
35-36 = Aritmética y Álgebra	P. Crantz
45 = Trigonometría plana y esférica	G. Essenberg ⁹
46-4 = Física teórica I	G. Jäger
136-13= “ II	“
129 = Geometría del plano	G. Mahler
130 = “ “ Espacio	“
140-141= Física General	Jose Mañas y Bonvi
2 = Introduc. al estudio de la Botánica	A. Hansen
31 = Antropología	F. Frech ¹⁰
54-55 = Geología I	“ “
87-88 = II	“ “

9. G. Hessenberg.

10. Autoría atribuída incorrectamente xa que é obra de Ernesto Frizzi. Os libros de xeoloxía son da autoría de Fritz Frech.

MERCEDES, 6 DE SETEMBRO DE 1930

Mercedes (Corrientes), sábado, 6 do setembro de 1930.

Benquerido Jaimiño:

Teño recibido as túas do 7-8 e 9 do Sant-Yago e hoxe chegaron ás miñas mans unha do 20 do mesmo mes. Vou darche resposta até onde poida, pois dala cumprida non sería posíbel por non atoparme en condicións de tempo, nin de “cabeza”.

E digo isto referíndome a un parágrafo derradeiro dunha das túas na que me propós a exposición de puntos encol da conversa (conversa que case é monólogo cun espectador) intelectual, que vimos sostendo.

Non é a miña situación a máis cómoda para desenvolver temas con claridade e precisión que non deixen dúbidas na limpeza dos contornos en que sexan designados. A miña profesión que, á parte o non poder gozar doutras lecturas que non sexan desfrutadas a “salto de mata” e sen tempo de rumiar o que se le, (entran no estómago a enviños, atropeladamente e sen poder asentelas para a boa dixestión), ten o inconveniente do concepto da responsabilidade, sempre vixiante e esperto, que nin as lecturas o fan a mal adormecer. Estes inconvenientes, que o deixarían de ser cun pouquechiño máis de tranquilidade e un pouco menos de preocupación, son cousas dabondo suficientes para non darlle a estas nosas

conversas o interese e madurez que eu desexo. Mais conformáreme así con rozar temas, cousas. É moito máis que conformarme, se este leve tantear as cousas che fai profundar nelas, que xa sería xurdia satisfacción, iso, agora que me vou tranquilizando cada vez que penso que os traballos se me arremuñan no meu porvir e vexo máis lonxe a posibilidade dunha era de tranquilidade para adicarse ás lecturas do xeito que eu teño maxinado; por ollar en ti unha prolongación nos meus máis caros anceios.

É non estou a rozar, como xa dixen, un tema que está recente aínda na miña percepción por ser de actualidade e lerse moito encol del nestes derradeiros tempos. Trátase do “Romanticismo” que moito se vén falando nestes tempos por estarse cumprindo o centenario.

Que foi o romanticismo?

Denantes de dar resposta clara a esta pregunta habería que falar dos diferentes romaticismos, do francés distinto do alemán, do español diferente deses dous, mais sempre ben achegado ó francés etc. Mais evitando digresións, poderemos dicir que o romanticismo foi un movemento de ideas moi xeral, que recadou todas as grandes cuestións que pode concibir a intelixencia humana: relixión, filosofía, moral, política e estética. Simplificando máis aínda, poderíase dicir que hai en todos estes ordes unha modalidade romántica que consiste en descubrir a verdade co corazón, e non coa razón. É por iso que terase que vulgare de lixeira a opinión dos que imaxinan, que o romanticismo foi unha rifada entre dúas escolas literarias, con respecto á lexitimidade de certos modos, de certos procedementos.

Cada época ten a súa literatura. Os mesmos principios son interpretados de diferente modo dun século a outro. Ollamos situacións que para os clásicos foron temas de comedias, e para os románticos transfórmanse en temas de dramas. Esta sagrada fatalidade que reviste o concepto devandito de que cada época ten a

sua literatura fica demostrada e establecida exactamente no xogo de parolas de Victor Hugo “Que se lle reprocha ó romanticismo? Ser a literatura do século XIX. E á literatura do século XIX? Ser romántica”.

Estas inversións explícanse claramente ós comezos do século XIX. Un abismo separa a moza xeración romántica da que lle precedeu inmediatamente. Acontecementos de grande importancia como ser a Revolución francesa, os trastornos sociais, guerras, revoltas dos pobos etc., trouxeron como consecuencia aqueles que tiñan 20 ou 25 anos entre 1810 e 1835 comezos de pensamentos e de sentimentos, un cúmulo de perspectivas que a xente de 1760 ou 1780 non podía interpretar.

Tivo o romanticismo tres grandes inspiracións: o individualismo, o anihumanismo e a aspiración relixiosa. Deixando os dous derradeiros puntos para novas letras, vou tratar de sintetizar os trazos esenciais do individualismo romántico.

Di moi ben Pierre Lasserre que se non debe confundir a literatura individualista coa literatura persoal¹.

O individualismo dos románticos é unha disposición do individuo ó illamento moral. É un acedo repudio á sociedade, unha maldición latente da sorte ou de Deus, como se o individuo tivese motivo de queixas dunha crueldade especial por parte da sociedade, do destino ou de Deus. Queixas moi inxustificadas, por certo, pois non se atopa nada particularmente dramático nos René, nos Werther, senón as aventuras ordinarias nunha xuventude privada de grandes acontecementos². Sufrirían unha verdadeira desgraza, e non poderían ser románticos, pois tendo motivos de queixa por unha cousa, non poderían expresar unha queixa en xeral. O seu

1. Pierre Lasserre (1867-1930), xornalista, ensaísta e crítico literario especialista no Romanticismo francés.

2. *René*, autobiografía novelada de François-René de Chateaubriand publicada en 1802. *Mágoas do mozo Werther*, novela epistolar de Goethe publicada en 1774.

individualismo constitúe unha reclamación indebida e presentada como xusta.

O mozo burgués de 1840, por pouca imaxinación que tivese, sentíase home fatal. Consecuencia esta de haber invadido a época enteira, o motivo de queixa do home de letras. Flaubert ó comenzo da súa *Educación sentimental*: “parecíalle que a felicidade merecida pola excelencia da súa alma tardaba en chegar”. E isto dicíao Flaubert que, inda que foi vítima, foi tamén satirista do mal romántico. Na súa vida poderían gozar de satisfaccións mediocres, pero non sen encanto. O contaxio das xentes de letras aminguaba pola falsidade mesma do ideal que lles brindaba.

O individualismo dos románticos é antisocial. Pero para combatelo hai que ter en conta que a ausencia de todo individualismo é o conformismo que presenta os máis grandes perigos. Hai obriga de exaltar o individualismo cando finque na unión do individuo co transcendental. O progreso nace nas forzas do home superior. Hai que considerar que a sociedade é un ambiente mediocre, sempre disposta a trabar e dificultar a obra do iniciador en calquera orde. Pero non foi para a súa inventiva, para o seu xenio ou para os seus esforzos que o poeta romántico pedía protección, senón para a súa pequena personalidade. Ignoraba que o individuo faise apreciar pola acción.

Claro é que onde o individualismo cobra importancia é ó alcanzar as colectividades este sentimento, que fixo e fará xurdir maravillosas emancipacións históricas.

E por hoxe abonda. Continuarei con este tema até terminar co romanticismo nas artes plásticas. Época a romántica que máis simpatía lle teño sobor todo na Hespaña, que é para os ollos do esteta a máis interesante, dígao senón D. Ramón del Valle Inclán e o non menos Don Ramón Otero Pedrayo.

Até pouco unha fonda e saudosa aperta do teu.

Ramiro

CURUZÚ- CUATIÁ, 7 DE OUTUBRO DE 1930

Benquerido Jaimiño:

Chita, que estivo primeiro cunha excitación nerviosa durante unha temporada e logo con anxinas, fá escribirche e, como non puido facelo, mandoume eses debuxos que tiña feito para acompañar a carta, e mándochos eu xa que para ti os fixera.

Hai uns días escribín á casa, tan pronto levantaron a censura postal e sacaron os militares das oficinas de Correos que fixeron barbaridades, como as de queimar a correspondencia toda. En fin, unha calamidade que tivo unha cousa boa, que foi durar pouco, en relación co que duran esas cousas por aí¹.

Escribireiche con máis vagar dentro duns días.

Moitos bicos e apertas para todos do teu irmán que te abraza.

Ramiro

1. O 6 de setembro de 1930 un grupo de militares e civís liderados polo tenente xeneral José Félix Uriburu deu un golpe de Estado, derrocando ao presidente Hipólito Yrigoyen, tras do que se decretou o estado de sitio e a lei marcial.

URUGUAIANA, 28 DE NOVIEMBRE DE 1930

Uruguayana (Río G. do Sul), 28 de novembro do 1930¹

Benquerido Xaimiño:

Como non teño aquí a correspondencia túa, non podo darche resposta debida ás túas que teño pendentes dela, pero como dispoño dun pouco de tempo debido a que, coa revolución brasileira está isto tan tristeiro para os negocios como A Arxentina², quero aproveitalo para pórme un pouco ó día coa correspondencia, que ben atrasado estou a Deus grazas.

Desde logo non podo menos de felicitarte pola brillantez con que deches termo ós estudos de Bacharelato elemental (eu feliciteime xa cando recibín a túa), e novamente repito o que che dixen noutras ocasións semellantes: que a medida que conquires lauros nos teus estudos, se ben é certo que aqueles son o premio ós teus desvelos nestes, tamén debes ter presente que cada conqurimento trae aparelada unha nova obriga de superamento.

1. Cidade brasileira fronteiriza coa Arxentina no estado de Río Grande do Sul e separada da localidade arxentina Paso de los Libres, provincia de Corrientes, polo río Uruguai.
2. O 3 de outubro de 1930 iniciouse no Brasil un golpe de Estado nos estados de Minas Gerais, Paraíba e Río Grande do Sul, que derrocou o 24 de outubro ao presidente Washington Luís.

Tes que ter presente que te vas colocando nun vieiro de responsabilidade grande, vieiro que vai dar o todo ou o nada. Non caberán medias tintas. Ou traballar con tesón para chegar a ser algo, ou abandonar definitivamente ese camiño e tomar outro completamente distinto. Como isto derradeiro sería un golpe mortal para o espírito, hai que continuar superándose sen lembranza dos triunfos que un vaia gañando. Eses tempos son polo que un fixo, non polo que teña a facer. E canto maiores sexan, maior debe ser a laboura a imporse para non defraudarse a si mesmo.

Moitos estudantes que fixeron a carreira con brillantez pouco común, foron logo na vida unhas mediocridades; a historia repítese constantemente. O caso de Calvo Sotelo, de Ramiro de Maeztu nos máis coñecidos. Lin inda non hai moito un artigo dun norteamericano comentando unha estatística feita en dez universidades americanas nas que de cada 100 estudantes que cursaran os estudos coas máis altas clasificacións, o 20 por cento chegaron a ser destacados nas súas profesións. En troques, as figuras máis brillantes na ciencia e nas letras saíron dos desaplicados. Eu achaco isto a un exceso de confianza en si mesmos. Conseguiron un aval de sabenza doado polos exames e non se preocuparon máis. Coidaron que as boas notas serían suficientes para seguir sabendo e deixáronse ir en procura de novos lauros oficiais, mais sen solidificar aquilo que aprenderon. O caso de Ortega y Gasset ou Unamuno repítese poucas veces, que foron bos estudantes e chegaron a ser eminencias na súa especialidade. Repítese pouco, é certo, mais repítese e ti, no teu interior, tes que facer un proceso de suxestión e dicir: unha das repeticións serei eu.

Lémbrome que na túa derradeira dicías que me mandabas dous recortes e non viñan, un deles referente ó repaso de estudos. Mándamo que non sei a que te refires.

Nestes días escribireiche, dándoche resposta e mandareiche cartos para pagar a pasantía no Instituto.

Polas *Fouces* derradeiras ollarías que houbo que expulsar un dos máis traballadores que era Liño Pérez. Mais polo visto traballaba para si, máis que para a Causa e por traidor houbo que expulsalo nunha xunta xeral da Pondal, por unanimidade e sen discusión³. Agora tiven que comenzar eu a colaborar que, calcula coas ocupacións miñas e falla de humor por tanta cousa que se xunta, nin sei o que fago, nin podo tampouco facer gran cousa porque me custa un traballo enorme. Ademais teño ao meu cargo a conferencia no acto de conmemoración de Pardo de Cela que celebrará a Pondal o 17 de Nadal. Xa veremos que ensalada sairá de alí. N'A *Fouce* firmo coas iniciais, e cando publique dúas cousas, a mais importante irá coas iniciais e a outra co pseudónimo XA⁴.

Saúda a Zamora que o coñecín na Coruña. Presentáronmo no café na mesa de Vilar Ponte. Coido que o que mo presentou foi Rodríguez Chás⁵.

Nada máis. Novamente, adiante! Cunha fonda aperta do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

3. Lino Pérez formaba parte da “peña intelectual” que reactivou a Irmandade Nazionalista Galega en 1925 e tirou do prelo a primeira xeira d'A *Fouce* en 1926. A finais de 1930 foi acusado de “traidor” e expulsado da Sociedade Nazionalista Pondal cando ocupaba a dirección d'A *Fouce* (*A Fouce* 22, I-XI-1930).
4. Ramiro colaborou activamente con *A Fouce* entre o 1 de novembro de 1930 e o 25 de xullo de 1931. Xunto cunha serie de editoriais anónimos, asinou os seus traballos como R.I.C., XA, Isla Couto e R. de Arnois.
5. Federico Rodríguez Chás e Federico Zamora, militantes históricos do galeguismo coruñés. Trasladado a Vigo, Zamora presidiu a sección viguesa da Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA), regresando á Coruña en setembro de 1931.

MERCEDES, 7 DE DECEMBRO DE 1930

Mercedes (Corrientes), 7 do Nadal do 1930

Sr. D. Xaime Isla Couto.

Vigo

Benquerido Xaimiño,

Como che prometín hai uns días cando che escribín dende O Brasil, novamente fágoos hoxe aproveitando que é domingo e, sobor todo, que choveu onte, e hoxe podemos vivir un pouco máis aliviados das calores fortes desta rexión.

Recibo a túa do 4 do outono e atópome co que che dicía na miña anterior, que non recibín os citados “recortes”. Se teño tempo mandareiche unha copia da conferencia que ía ler no acto do 14 deste conmemorativo de Pardo de Cela. Pero que non se levará a cabo porque continuamos en estado de sitio e os da Pondal, ó pedir permiso á policía para facer o acto, dixo ser de carácter político. E non dan permiso máis que para actos literarios puramente ou artísticos. Así que a deixaremos para máis adiante.

Polos números d’A *Fouce* ollarás que colaboro activamente. Perdido o costume de escribir, eu que nunca o fixen regular tan sequera, e sen tempo para poder ler e pulir o que un fai, son un pouco verzas as cousas que escribo. Mais como o carácter d’A *Fouce* pide claridade, razóns, non preciosismos, vou inda que

malamente cumprindo coa miña sección INSISTINDO¹. Outras cousas firmo XA. Ademais sempre fago algún debuxo, pero a falla de tempo mántame e non me deixa facer cousa algunha ben feita.

Recibín carta de Casal moi agradecido de vosoutros de cando estivo en Vigo polo día da Terra².

Mándoche 10 pesos para que pagues a permanencia de outono e novembro. Na próxima mandareiche para este mes e xaneiro, pois coído que che alcanzarán xunto para libretas e tinta.

Vou iniciar n'A *Fouce* unha campaña en contra da ida dos nazionalistas ás eleccións e outra a favor da creazón de Escolas Nazonais Galegas³. A ver se podemos conquistar dalgunha sociedade destas que se forman para protexer escolas que faga unha galega axeitada e estruturada por técnicos galegos nazionalistas⁴.

Nada máis. Dentro de 12 ou 14 días chegarei a Buenos Aires. Vou ollar como se atopa Chita. Nas cartas dime que vai mellor e que xa está ben.

Apertas e bicos dela e do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

¿Como vai o Celsiño?⁵

1. Sección asinada coas iniciais R. I. C.
2. Ánxel Casal (1895-1936), fundador da editorial Nós. O 25 de xullo de 1930 celebrouse o Día de Galicia en Vigo cun mitin no Teatro García Barbón de Vigo coa participación de Castelao, Otero Pedrayo e Paz Andrade, seguido dun xantar no parque da Barxa, tradición do galeguismo vigués até o final da II República.
3. O artigo "Os Nazionalistas galegos non deben ir o parlamento", asinado como Isla Couto, publicouse n'A *Fouce* 24, o 17 de decembro de 1930.
4. A campaña en favor da Escola Nacional Galega iniciouna co editorial anónimo "A ensinanza galega non existe" (*A Fouce* 25, 1-I-1931), continuada coa publicación do artigo de Vicente Risco "A galeguización da escola" (*A Fouce* 29, 1-III-1931) e un segundo editorial anónimo "A creazón da escola galega, como toda laboura galeguizante debe de contar con orgaizazóns que coordinen e metodicen a acción de todol-os galeguistas" (*A Fouce* 30, 15-IV-1931).
5. Celso Isla Couto, ao igual que os seus irmáns Ramiro, Fidel e Manuel traballou

POSADAS, 15 DE FEBREIRO DE 1931

Posadas (Misiones), Febreiro, 15 de 1931

Sr. Jaime Isla Couto.

Meu querido Jaimiño:

Hai moito tempo que arelo escribirche e vai percorrendo o tempo sen que o meu desexo se leve a cabo. Hoxe vou facelo cunha nova que teño a seguranza compensará a miña tardanza. Ela é a data da miña viaxe a esa Terra que farei da forma seguinte. En abril ou maio, se fose algunha familia coñecida de viaxe á Terra, mando a Chita diante para que aproveite o verán, tome baños e se repoña, porque segue sempre con molestias. E no mes de setembro ó final ou primeiros de outono, máis tardar, ireime eu de xeito definitivo e terminante se por aí me trata a sorte nada máis que medio regular. Non son ambicioso, así que coido atoparei forma ou modo de ficar entre vosoutros.

Se a Chita non atopase con quen ir, agardaría a primeiros de San Xoán que se embarcará o coro De Ruada de regreso e veñen

como axente comercial e creou unha empresa de representacións. Un dos primeiros accionistas da Editorial Galaxia, en decembro de 1987 constituíu a Fundación Isla Couto en memoria de Ramiro canda aos seus irmáns Xaime e Manuel e a súa cuñada Cristina Nóvoa.

nel unhas rapazas irmás, que son fillas dunha familia de moita amizade dos meus sogros, e con elas iría ben¹. Ela está tola por ir e o seu maior desexo é embarcarse canto antes. Claro é que quixera que eu fose con el, pero a min convenme moito ficar eses meses que aforrarei case todo, porque fareime un pouco o fresco coa casa. A Chita dime que vai facer moi boas migas con todos (é moi cariñosa), pero sobor todo contigo. Ti o que debes facer en canto chegue é dicirlle que che dea clase de inglés e francés, que coñece e fala moi ben. Eu xa lle falei do asunto. Iso, ademais de ser moi conveniente para ti, serviralle a ela de distracción pois moito da enfermidade é espiritual.

Eu escribireille a Fidel tamén. Pero mentres tanto, pono ó corrente disto, caso de que estivese de viaxe. O mesmo digo cos da casa. A papá escribireille longo nestes días, que van indo as calorres a menos (tivemos unha temporada de dous meses e medio algo feroz e imposible de poder resistir, coido serán os derradeiros).

E nada máis. Moitos bicos e agarimos para todos e para ti do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

1. O coro ourensán De Ruada realizou a súa primeira xira americana entre marzo e xuño de 1931, actuando na Arxentina, O Uruguai e O Brasil.

POSADAS, 22 DE MAIO DE 1931

Sr. Jaime Isla Couto

Benquerido Jaimiño:

Non sei por que temos deixado de nos escribir. Eu, desde logo, confeso a miña parte de culpa no abandono. Xustificable (se se puidera xustificar) co exceso de calor que este ano fixo desde novembro até o mes de abril. Houbo tempadas espantosas, algo de non crer.

Pero, boeno, o caso é reanudar a nosa conversa co mesmo entusiasmo e fogosidade con que decae: nada máis que con eses dous elementos, pois o de duración trato eu de evitar que viva con esta miña de hoxe.

A Chita transcribume as túas letras que, na carta que lle mandaches, me adicas a min. Estou contigo no que respecta ás cousas do espírito. O pretender ollalas dun xeito practicista con miras ó futuro é o mesmo que hipotecar o porvir, sacarlle á vida iso que ten de emocional e de sorpresa en cada revolta do camiño. Cada día trae aparelhada unha nova obriga, un novo afán, unha nova emoción. Quitarlle iso ó vivir cotián é meter o espírito nun deserto onde forzosamente se agostará e non renderá froito algún.

Se sobre isto se puidese dar un consello, eu daríacho vivindo aí no ambiente onde vas desenrolar as túas actividades. Pero nisto

non se pode aconsellar. O propio albedrío é o mellor guieiro. Podo si facerche unha lembranza que coido inútil case que facela, por tratarse de ti. Esta é: “Galiza”. Galiza que ten todos os problemas en pé sen se resolveren. Galiza que non existe como personalidade. E mentres non recobre ela a personalidade á que ten dereito, mentres non exista Galiza, a Galiza plena, temos os galegos todos que sacrificar todo outro ideal, toda ambición particular ou “política” até non conquistar esa personalidade, esa plenitude. Hai un problema nacional en pé. Os máis problemas políticos quedos, até non resolver aquel. Sen nación non pode haber política, Isto é axiomático.

Eu non sei se recibes *A Fouce* aí, pois desde hai máis de 8 meses que non me dis se a recibes. Nela está clara e definida a posición nazonalista do noso grupo Pondal. Cóidoa a actitude máis digna, máis galega, e máis liberal (inda que coiden outra cousa os nazonalistas republicanos) que alentou ningunha entidade nazonalista galega. É triste para nós o pensar que tivemos que dar exemplo de galeguismo ós galegos nazonalistas da Terra, de galeguismo e de mellor comprensión dos nosos problemas. D’*A Fouce* moitos editoriais son meus, os artigos firmados por X.A. e polas miñas iniciais tamén. O pasado 28 lin unha conferencia feita a vapor cos fallos conseguintes por ser miña, primeiro, pero polos datos que tiña dos poucos días que levaba a República¹. Manifesteime separatista, como decote, como o que son, como o que é a Pondal, como desexaría que fosen moitos galegos. Non con ese separatismo dos cataláns, que depende do caixón do mostrador

1. O día 28 de abril de 1931 celebrouse no salón-teatro do Orfeón Español un acto público da Sociedade Nazonalista Pondal coa intervención de Manuel Oliveira, Vicente Barros e Ramiro. Os posicionamentos de Ramiro na súa conferencia, “A posizón do nazonalismo ante a República Española” tamén foron recollidos no editorial “A nosa posizón o momento hespañol” (*A Fouce* 32, 1-V-1931).

dos tendeiros². Non sinto odio nin fago reproches. Reclamo para o meu país os dereitos que lle corresponden e que nos tempos que corren é un crime negarllos. Non quero para a miña Terra máis que igualdade coas terras dos máis habitantes do mundo. Quero ser cidadán galego con tanto dereito como outro o ten a ser cidadán danés, finlandés, polaco, sueco ou holandés. E deixo citado algún que naceu nun país de menos extensión que Galiza.

Mándoche un número d'*A Fouce* por se non a recibiches onde fixeron uns entrefilés da conferencia que, como vai ser publicada nun folleto, non che envío copia.

Na Pondal creouse un organismo á parte que está en marcha, do que eu son iniciador, propoñente e elemento propulsor. Trátase dunha Asociación Protectora do Ensino Galego. *A Fouce* publicou dous ou tres editoriais meus a propósito diso. Como é cousa que require colaboración, pedímola en nome da cultura galega ós máis organismos, sen patrocinio algún da Pondal debido á rexa disciplina que é preciso para ser compoñente desta entidade. Pero coa nosa colaboración no caso de que fixesen cargo da iniciativa. Caeu no vacío. Os que se titulan nazonalistas, e galeguistas e demais da Federación (que van a Galiza a buscar a recompensa pola súa campaña de república española, coa pretensión dun posto nas Cortes Constituíntes. Malpocados!) fixéronse os xordos³. Pero eu, que cando entreguei o proxecto tiña traballado o asunto por outro lado, podó asegurarche que dentro de moi pouco empezarán a funcionar dúas escolas de ensinanza galega, aí na Terra. Posiblemente

2. En 1924, Ramiro relacionárase cos catalanistas independentistas do Estat Catalá de Francia e os seus seareiros na Arxentina, como lle comunicaba a Fermín Penzol da Mocidade Céltiga de Madrid. Carta de Ramiro Isla Couto a Fermín Penzol, Machagal (Chaco arxentino), 18-XII-1924. Reproducida en *Grial* 73, 1981, p. 317.
3. A ORGA de Buenos Aires, canda á FSGAC, aprobou a finais de abril de 1931 o envío a Galicia dunha delegación da que finalmente viaxaron no mes de maio Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo e Pedro Campos Couceiro.

unha na provincia de Ourense e outra na de Lugo⁴. Quizais outra máis en Cambados, mais isto está máis atrasado.

O que eu desexaría agora é que vosoutros, os rapaces galegos, os galegos de mañá, vos organizádeses. Ó comenzo dun xeito liberal, sen esixir ós adherentes maiores sacrificios, para que se vaian compenetrando pouco a pouco coa Terra. E desperto o agarimo a Ela, creado o sentimento viría logo o vencello, que sería a base da disciplina, e voluntariamente xurdirían as auto-obrigas coa Terra.

Isto podería facerse, moi ben, ós comenzos, facendo excursións a pé, polo campo, rubindo montes, admirando vales. Facer estudos de Botánica, Mineraloxía, Arqueoloxía etc., sobor e a carón da Natureza mesma. A entidade da que me falabas hai tempo, coido que que é a A.E.D.I.C., podía chegar a ser o que proxectades se comenzades por iso. Os mesmos mestres vos acompañarían, non en xeito de mestres, senón de compañeiros, labor de consulta. Compenetración coa Terra, coñecemento das necesidades, das labouras agrícolas e pesqueiras. Decatarse das posibilidades da Terra⁵.

E por riba de todo, unha nota simpática dos estudantes sería o dirixirse á prensa, ó Claustro, ó goberno e demais reclamando a ensinanza en galego, e do galego, da historia galega, e demais.

Entre outros, recibirás dous libros interesantísimos, sobor todo un de Hipólito Taine titulado *Del Ideal en el arte*⁶. Estúdao con atención, que é moi bo para o que ti desexas saber de estética.

4. Tras do regreso de Ramiro a Galicia, esta campaña tivo continuidade acadando en 1933 e 1934 o apoio e mobilización da Unión Provincial Orensana (*A Fouce* 64, 1-X-1933; *A Fouce* 73, VIII-1934).

5. En 1932 Ramiro alentou en Xaime a súa participación nos agrupamentos xuvenís Ultreyas (vid. carta 29). Este programa de actuación xuvenil logrouse realizar posteriormente tanto a través das xeiras dos Ultreyas como das xeiras do Seminario de Estudos Galegos de 1934 (Terra de Deza) e 1936 (Fisterra) nas que participou Xaime.

6. Publicado orixinalmente en francés en 1867 polo filósofo e historiador Hypolyte A. Taine (1828-1893), teórico do naturalismo.

O outro, de O'Neil, dramaturgo de moda no mundo cun estudo preliminar do novo ministro da República Hespáñola en Chile, Ricardo Baeza, garantía de fidelidade e respecto na tradución das obras do inglés de Norteamérica⁷.

Chita non embarcou porque está cun réxime de curacións e, até que termine, que será o mes do Sant-Yago, non poderá emprender viaxe. Como che dixen nunha miña anterior, procura que che aprenda inglés e francés. Será para ela unha distracción e ti sairás gañando iso. Ela ten pouco carácter debido posiblemente ó seu temperamento delicado acotío, mais ten a vantaxe de que se encariña moi pronto. Ela proxecta facer boas migallas con todos e pasalo ben, sobre todo coas rapazas e contigo.

A min en outubro téndesme aí. Así que lle podes dicir a Fidel que concrete a captura dalgunha cousa para min nesa data⁸.

Dille a papá que nestes días lle escribirei a el, o mesmo que a Fidel. Mentres tanto que me perdoen.

Nada máis. Moitas apreixas e bicos para todos, e ti recíbeos do teu irmán que te quere moito.

Ramiro.

7. *El emperador Jones y Antes del desayuno* do dramaturgo norteamericano Eugene O'Neill (1888-1953), con tradución e estudo introdutorio de Ricardo Baeza (1890-1956), foi publicado pola editorial Mundo Latino de Madrid en 1929.

8. Fidel Isla Couto (1902-1989) traballaba de axente comercial para a Casa Busquets Hermanos, representantes en España da Standard Oil e dedicada á venda de produtos farmacéuticos, insecticidas, fertilizantes e lubricantes.

URUGUAIANA, 24 DE AGOSTO DE 1931

Sr. D. Jaime Illa-Couto
Vigo

Moi querido irmán,

Por fin! Recibín novas túas, que tanto tempo agardaba. Como tamén sígoas agardando do papá, que nada sei de como andades por aí. Mais agora que recibo a túa alédome moito porque inda que, sen pormenores, supoño o non dicir nada que novas de vulto non aconteceron.

Vou con calma a darche resposta á túa nestes días. Mais non coides que fiquen en promesa, non. Nesta mesma semana farei o vagar suficiente para escribirche porque teño especial interese en darche novas que che fará falla saber respecto á política e á nosa posición respecto a Suárez Picallo e Alonso Ríos, para que non vos tomen de sorpresa cousas que puidesen acontecer no futuro con estes señores¹.

Causoume unha grata sorpresa a túa foto e a do teu amigo Fernández Vila (que será meu cando chegue)². Porque inda que

1. O 28 de xuño de 1931 celebrouse a primeira volta das eleccións a Cortes Constituíntes da II República. A Federación Republicana Galega (FRG) obtivo 17 deputados, entre os que saíron elixidos Ramón Suárez Picallo, Castela, Antón Villar Ponte, Ramón Otero Pedrayo e Santiago Casares Quiroga.
2. José Fernández Vila, compañeiro de Xaime no colexio dos Salesianos de Ronda e no Instituto de Vigo, participou nas actividades do galeguismo xuvenil de

un, sabe moi ben! que os anos corren e non percorren en van, ten decote a visión da derradeira ollada e non foron suficientes as túas letras para esquecer aquel pequerrecho que eras ti cando eu saín da nosa Galiza³. E atópome coa sorpresa dun tremendo home máis alto que eu, se me descoído.

As obras de Charlón e Hermida levareichas eu, pois téñoas en Buenos Aires, polo menos o tomo de Céltiga de Ferrol onde están, que son dúas. As outras dúas cecais as teñas tamén, mais non teño seguranza. De todos os xeitos, podías escribirlle a Xaime Quintanilla a Ferrol dicíndolle que es irmán meu e pedirilles, por se as tivese⁴. As obras de Xavier Prado non me gustan moitas delas, inda que para o público das aldeas han ser eficaces para facer rir porque están pragadas de porcalladas e non repara de desvergonza, mais ou menos, o Xavier Prado, para conquistar unha nota cómica⁵.

E nada máis por hoxe, que teño que facer moito neste lugar tan simpático no que case se fala galego.

Aledareime que Celso vaia moito mellor, e que todos gocen de boa saúde. Moitos agarimos de Chita para todos e para ti con saudosas apertas do teu irmán.

Ramiro

Vigo durante a II República. Xaime lembrao en “O pseudónimo de Santiago Fernández” en *Xaime Isla. Ratz e utopía de Galicia*, Vigo, Galaxia, 2015, pp. 121-122.

3. Finais de 1922, cando Xaime tiña sete anos.
4. Xaime Quintanilla Martínez (1898-1936), médico, xornalista e escritor, fundador da editorial Céltiga e primeiro alcalde republicano de Ferrol (1931-1934). Foi fusilado polos sublevados o 18 de agosto de 1936 nas tapias do cemiterio de Canido.
5. Xavier Prado Rodríguez (1974-1942), veterinario, dramaturgo e poeta, publicou *Farsadas e Monifates* (1928), dúas recompilacións de cadansúas sete pezas teatrais.

SALADAS, 7 DE SETEMBRO DE 1931

Benquerido Jaime:

Continuo a dar resposta ás túas de Sant-Yago e de agosto.

A nosa viaxe será para derradeiros de outono, pois darei fin á viaxe de negocios o dez ou doce dese mes e preciso quince ou vinte días para arranxar unha chea de cousas que teño que deixar arranxadas, porque o meu pensamento é non volver a estas terras.

Dos teus estudos, algo, moi pouco poderei axudarte, pois non debes agardar moito da miña capacidade. Poderá servirche de algo a miña experiencia de afeizoado á lectura, dun xeito desordenado e sen método. Cousa da que sinto moito o non ter algunha persoa que nos comenzos me orientase de xeito que fose lendo e adquirindo unha base sólida de coñecemento sistematizado, en troques de ler hoxe unha cousa e mañá outra completamente diferente, co que ó cabo da terceira ou cuarta lectura esquécese un do que puidera ficar da primeira. Isto é o que coido eu che convén evitar. Debes pórllle freo á curiosidade, moitas vegadas, e en canto un está cunha especialidade ir levando até a fin un método ou sistema ampliativo dentro da dita especialidade. Exemplo: estás estudando a Literatura do século de ouro castelán, débese ler cantos máis autores desa época mellor, ademais historia desa época, usos, costumes e xeografía do país naquelas datas, monografías e todos os traballos que un teña á man que se relacionen co asunto.

O latín procura estudalo ben. É dunha utilidade enorme ós afeitozados á literatura. É moi bonito o seu estudo, inda que os sistemas que usan para ensinalo fano antipático e árido. Isto foi o que me fixo a min ser un mal estudante de latín. E hoxe pésame, non por nada, senón por puro diletantismo.

A carta que me dis escribiches na túa excursión non a recibín, nin tarxeta algunha tampouco¹. E sentino porque hai moito tempo que non teño novas da casa, na que me están debendo carta. Agora a túa tranquilizoume porque ó non dicir nada, supoño non ocorrerán novas e o Celso irá mellorando.

Mandeiche hoxe unha encomenda con libros, non por interesantes, senón porque os levo lidos e tanto me custa mandalos a Buenos Aires como a Vigo. Entre eles un de Voltaire, *Cándido*, de moita sona. O *Juicio final* de Cami é humorística inda que vale menos que os nosos Fernández Flórez ou Camba². Despois unha biografía do político inglés do século pasado *Disraeli* de André Maurois³. Un estudo psicolóxico de Salvador de Madariaga, *Ingle-ses, Franceses, Españoles*⁴. Un do norteamericano Sinclair Lewis que non é mellor que un novelista español de segunda fila⁵. E outro de Lenin titulado *Imperialismo*, que vén ser un estudo encol da economía burguesa, materia que veño adicándome a iso hai tempo polo que me resultou moi bo.

1. Entre maio e xuño Xaime viaxou co Instituto de Vigo a Madrid, Toledo e Ávila, guiados polo seu catedrático Julián Alonso. En Madrid visitaron o innovador Instituto Escuela de Madrid.
2. Pierre-Henri Cami (1884-1958), escritor, debuxante e humorista francés. *El Juicio Final*. *Novela prematura* publicouse en 1929 en Madrid por Ediciones Oriente.
3. André Maurois (1885-1967), novelista, biógrafo e ensaísta francés publicou a biografía de Benjamin Disraeli en 1927.
4. *Ingle-ses, franceses, españoles*. *Ensayo de psicología comparada* publicouse en 1929 en Espasa-Calpe.
5. Sinclair Lewis (1885-1951), escritor norteamericano Premio Nobel de Literatura en 1930.

Ando a voltas cunha *Estética* de Benedetto Croce que, en canto fine, mandareicha⁶. Inda que cada día terá de desacreditarse máis a obra dos críticos modernos do materialismo, é moi interesante como de quen é. E con esta obra recibirás outro de Manuel de Montoliú titulado *Literatura Española*⁷. Moi boa obra que estou polas $\frac{3}{4}$ partes do libro.

Nestes días seguirei con outra parte das túas.

Agarimos a todos e a ti, recíbeos cunha forte aperta do teu irmán que te quere.

Ramiro

6. Benedetto Croce (1866-1952), filósofo, historiador e político italiano liberal e antifascista. En 1902 publicou *Estética como ciencia da expresión e lingüística xeral*.

7. Manuel de Montoliú (1877-1961), crítico e historiador da literatura, publicou en 1929 o seu *Manual de literatura castellana* na Editorial Cervantes de Barcelona.

NOIA, 10 DE MARZO DE 1932

Noia, 10 de marzal de 1932

Benquerido Xaime:

Esta noite atopeime con Álvaro de las Casas que me viu pasar por diante do Instituto e saíu seguíndome para falar-me indignado contra ti por non terlle ti respostado dúas cartas que che escribiu¹, a derradeira falándoches do proxecto de ir a Pontevedra a pasar oito días na Misión Biolóxica. É un proxecto colosal, cun programa de visitas e excursións soberbio. Coido que hai que ir o día 19 deste mes, así que cómpre que lle escribas dándolle o nome do rapaz que irá contigo. Terá que ser un rapaz que sexa digno de ir polo seu desexo de saber e capacidade suficiente de asimilación do que se lle explique. Álvaro di que non debes de facer sortes, senón que debes ir ti e outro rapaz que reúna as condicións devanditas².

Non deixes de escribirlle en canto recibas esta.

Leume unha chea de cartas colosais de catedráticos e outras persoas da rexión. O proxecto marcha colosalmente.

1. Álvaro de las Casas (1901-1950), catedrático do Instituto de Noia e promotor dos Agrupamentos Xuvenís Ultreya en 1932.
2. A xeira dos Ultreyas á Misión Biolóxica de Galicia desenvolveuse entre o 20 e o 27 de marzo de 1932. Xaime asistiu canda a Rufo Pérez (1916-2011) en representación da Liña III de Vigo.

Nada máis, agarimos a todos e unha forte aperta do teu irmán que te quere moito.

Ramiro

Coido que para a semana haberá en Vigo local para o Partido Galeguista³.

3. O 7 de decembro de 1932, o Grupo Galeguista de Vigo nomeou a Ramiro vogal da sección de política e propaganda e escolleu a Xaime para organizar unha sección xuvenil. O local do Partido Galeguista inaugurouse o 17 de marzo de 1933 na rúa García Barbón, 8.

VIGO, 29 DE XUÑO DE 1933

Benquerido Xaime:

Baixo a viseira brumosa do Cantábrico supóñote libre do aparcamento que a nós, homes case nórdicos, nos ataca nas terras de sol limpo, fino, brillante¹.

É unha lástima non pasar por Barcelona, máis que nada para que vos decatádeses do que vale comparada con Madrid. Claro é que son máis partidario de coñecer ben profundamente unha cidade que coleccionar tomas de edificios de vinte vilas. Pero neste caso, e estando en Madrid non é xusto non chegar a Barcelona, pasando tan cerca.

No museo valenciano, un dos máis interesantes dos provinciais de Hespaña, verías a Ribalta, un dos fundadores da escola chamada valenciana, que seguramente pintou ollando as persoas ou os obxectos coa retina dos seus apelidos galegos².

Lamento novamente que non fósedes a Barcelona porque vos decatariades que Valencia é unha prolongación de Cataluña, pois

1. Tras rematar os estudos de Bacharelato con Matrícula de Honra, Xaime viaxou co Instituto de Vigo entre o 17 de xuño e o 7 de xullo de 1933 na excursión de fin de bacharelato que pasou por Valladolid, Madrid, Valencia, Teruel, Zaragoza, Pamplona, Donostia, Bilbao, Santander, Burgos, Palencia, León, Astorga e Ourense.
2. Francisco Ribalta (1565-1628), pintor barroco residente en Valencia desde 1599.

os mesmos edificios, como a Lonxa da Seda, son de puro estilo catalán.

Eu estiven en Valencia de présa e correndo, e apenas podo dar conta de nada, xa hai anos, que non sexa a catedral e o Palacio de Cortes, coido que se chama, que por fóra non se figura un que vai ollarse dentro, e o museo que me gustou.

Supoño traerás apuntes dabondo para non esquecerse do que se leva ollado.

Que rematedes a xeira con saúde e ánimo, e cun abrazo saudoso o que che desexa teu

Ramiro

Chita coido que embarcará o 10 do próximo.

PORTO, 15 DE NOVIEMBRE DE 1937

M. EMILIO MARTÍNEZ BALADRÓN Y GARCÍA¹

Delegado en Oporto del Comité Nacionalista de La Habana

Rua Duque Saldanha, 612

Telefone 7666

Telegrafo SERVET

Benquerido Jaime: Hasta hoy no han llegado a mi poder los libros que dejaste para que me fueran enviados. Muito obrigado y más por la *Antología de Poetas modernos*. Entre ellos encontré la nota referente al anuncio del *Século*. Se hará como deseas, pero

1. O avogado e empresario compostelán Manuel Emilio Martínez Baladrón y García foi un dos socios fundadores do Instituto Bioquímico Miguel Servet en abril de 1936 canda a dous galeguistas —o médico Ramón Obella Vidal e o funcionario de Facenda Alexandre Bóveda Iglesias—, o farmacéutico Francisco Rubira Fariña e Serafín Campos Pichel. Apoiou o golpe de Estado do 18 de xullo doando ao exército sublevado a súa fortuna persoal de 30.000 libras esterlinas e marchando como voluntario á fronte. Ferido nunha perna na fronte de Madrid en decembro de 1936, foi operado en Alemaña en agosto de 1937 acompañado polo médico Ramón Baltar. Estableceu no Porto a delegación en Portugal do Comité Nacionalista Español de Cuba e a súa anexa Comisión de Damas, oficina xestionada por Ramón Obella e Ramiro. En Cuba o seu avó materno, Ramón García Mouriño, fixera fortuna e a familia mantiña negocios e redes comerciais. Desde decembro de 1937, desempeñouse como xefe da Sección de Donativos do Cuartel Xeral de Franco.

anticipándome a este, hace días escribí a la Comisión de Damas de nuestro Comité solicitando una madrina de aquel tropical país. Son simpatiquísimas, muy patriotas y, sobre todo, muy rumbosas. Cosa, por otra parte, que no tiene nada de particular porque para eso son de la tierra de la rumba².

Yo por aquí como siempre, lleno de correspondencia hasta los topes, que nos envían de Cuba, y ahora de Méjico y otros países Centro Americanos, para la España nacionalista ya que si no la envían aquí se pierde. Porque los de Correos de aquellas tierras son tan amigos nuestros que envían la correspondencia a los vermelhos³.

No dejes de escribirme y a ver si necesitas algo de aquí para enviártelo.

Cuéntame algo de tu vida por ahí, qué servicio tenéis, si hay frente cerca de donde te encuentras, etc⁴.

Hace unos días le di la dirección de Chita a Fidel, que creo se la había pedido⁵. Te la doy yo por si no entendió bien. Es Ribadavia 1238, piso 5º Dpto 1 Buenos Aires. Te agradeceré le escribas porque en todas las cartas me pregunta por ti. Parece se encuentra bastante bien y animada a venirse⁶. Si tengo que continuar

2. As madiñas de guerra enviábanlle aos seus “afillados” roupa, víveres, tabaco e cartas. Xaime debeulle pedir a Ramiro a inserción dun anuncio solicitando unha madiña no xornal matutino lisboeta *O Século*.
3. En contacto co Grupo Galeguista de Buenos Aires a través de correspondencia con Rodolfo Prada, Ramiro e Obella colaboraron clandestinamente desde O Porto coa xestión da saída cara a América e Francia dos fuxidos de España a través da fronteira con Portugal.
4. Mobilizado en outubro de 1936, Xaime causou alta no Rexemento de artillería lixeiro n.º 15 de Pontevedra en febreiro de 1937. A principios de outubro o seu grupo de canóns foi destinado a Aragón.
5. Nesta mesma oficina operaba a delegación en Portugal do Instituto Miguel Servet, onde traballaba Fidel Isla Couto de xefe comercial en Vigo. En agosto de 1937 Obella e Ramiro rexistraron a marca comercial Zeltia a nome do Miguel Servet para a exportación de caruncho de centeo.
6. No verán de 1936 Chita residía na Arxentina, onde viaxara previamente coa

aquí más tiempo creo saldrá de allá a mediados de enero. Todo depende de las noticias que reciba de Baladrón cuando venga de Alemania donde estuvo operándose y creo que va a quedar bien de la pierna. Lo esperamos por aquí a mediados del próximo mes.

Bueno, Jaimiño, mucha suerte, mucha puntería y, sobre todo, mucha salud.

Abrazos, abrazos, abrazos.

Ramiro

Mira si necesitas alguna cosa, sobre todo algo de aseo como ser pasta de dientes o algún aséptico o preservativo⁷. Me lo escribes que eso va discretamente y no hay inconveniente alguno en las aduanas, lo mismo que papel de dibujo, lápices, en fin lo que necesites.

¡Viva España!

súa irmá. Tras a detención de Ramiro en Verín en decembro de 1936 e a súa liberación sen cargos en abril de 1937, o matrimonio reencontrouse finalmente no Porto a mediados de 1938.

7. A alta incidencia da sífilis e outras doenzas venéreas entre os combatentes motivaron a preocupación de Ramiro por enviar profilácticos ao seu irmán.

PORTO, 23 DE NOVIEMBRE DE 1937

¡VIVA ESPAÑA!

M. EMILIO MARTÍNEZ BALADRÓN Y GARCÍA

Delegado en Oporto del Comité Nacionalista de La Habana

Rua Duque Saldanha, 612

Telefone 7666

Telegrafo SERVET

Querido Jaimiño: Hace unos días te escribí una carta a Daroca que no sé si la habías recibido todavía. Como me entero que os trasladaron a Barrachina, te pongo estas letras con el objeto de entablar correspondencia en una forma activa¹. Yo lo haré bien a menudo con el objeto de que tengas noticias constantemente.

Estoy esperando carta de Cuba dándome el nombre de la madrina que te haya tocado en suerte, que te comunicaré seguidamente con el objeto de que le escribas inmediatamente.

En mi carta anterior te decía que si necesitas alguna cosa me la pidas con toda confianza ya que estaréis escasos de algo que no se fabrique en la zona nuestra o de importación que no sea de primera necesidad. También te ofrecía enviarte algún profiláctico si estáis escasos por ahí, que buena falta harán. Lo que sea, que estoy ya en papel de padrino a falta de madrina competente.

1. Daroca, municipio ao sur de Zaragoza. Barrachina, vila ao noroeste de Teruel.

Si tienes ocasión de conseguir algún sello de correos de la zona roja cuando toméis algún pueblo o posición, no dejes de enviármelo que tengo unos clientes americanos e ingleses que me vuelven loco con peticiones. Y aunque no me gusta cultivar estas chaladuras, no hay más remedio que atenderlos porque así se atiende de paso el “pan nuestro de cada día”.

Y nada más. Escribe contando tu vida por ahí y si tenéis mucho trabajo. Yo te escribiré seguidamente como te decía al comienzo.

Te envío estos sellos que tenía en la cartera y que seguramente son de los que compro cuando estoy en España. Debo tener más que buscaré para enviarte.

Mucha salud, cuídate y abrígate bien. Y abrazos, abrazos, y abrazos de tu

Ramiro

PORTO, 1 DE DECEMBRO DE 1937

M. EMILIO MARTÍNEZ BALADRÓN Y GARCÍA

Delegado en Oporto del Comité Nacionalista de La Habana

Rua Duque Saldanha, 612

Telefone 7666

Telegrafo SERVET

Oporto, 1º de Natal de 1937

Mi querido Jaimiño: Recibí tu carta del 23 que contesto seguidamente. No puedes figurarte qué emoción y cuánta alegría me causo. Me doy perfecta cuenta de que el máximo goce os lo llevan las cartas. Por mi parte procuraré que no te falten y lo haré con la mayor frecuencia posible. Un poco desordenadamente, un bastante mal hechas pero serán a menudo, tan a menudo como me sea posible, porque tengo una labor tremenda. Trabajo 16 horas o más, y no logro tener las cosas al día más que raras veces. Cuando no pueda hacerlo te enviaré alguna revista de lo poco y malo que hay por aquí. Porque, asómbtrate, no hay en todo el país una sola revista popular como *Blanco y Negro* o popularísima como *Estampa*¹. Este tipo de revistas se vende aquí, pero son publicadas en el

1. *Blanco y Negro* (1891-2000), revista ilustrada fundada por Torcuato Luca de Tena en Madrid. *Estampa. Revista gráfica y literaria de la actualidad española*

Brasil. Ocurre perfectamente al revés de lo que ocurre en España (me refiero siempre a las épocas normales). Ahí se publican revistas que compiten, y les ganan, con las de los países americanos de habla española y aquí es al revés. Igual sucede con el libro. Todas las novedades en literatura, filosofía o ciencias se traducen en el Brasil y vienen a venderlas aquí. Para una publicación que aparece aquí, salen allí 20 o más.

Están obsesionados con la historia, con las navegaciones, con los descubrimientos y con las colonias. Pero no en una forma moderna, enfocando el provenir, sino con los ojos hacia el pasado recordando las grandezas pasadas y encaramados en ellas como si fuesen edificios acabados de construir. Hablan de la batalla de Aljubarrota como si ocurriese ayer². Precisamente hoy hizo años y vienen los periódicos hablando del asunto en una forma que parece que todavía anduviesen los vencedores por la calle paseando sus glorias. Y es que dentro de cada portugués hay todo eso: un navegante como Magalhães, un lírico como Camões o un descubridor como el infante D. Henrique. Claro que creerse eso y usar monóculo, botines y una gabardina con cinturón y un traje a cuadros, comprenderás que resulta de un ridículo subido.

Pero bueno, a lo que íbamos. España va a la cabeza espiritualmente o intelectualmente de las repúblicas americanas de habla española. Son todavía aquellos países colonias espirituales. Portugal, por el contrario, es una colonia intelectual del Brasil. Hay unas cuantas revistas, a lo sumo tres o cuatro, que publican los trabajos de unos cuantos señores que se agrupan a su alrede-

y mundial (1928-1938), revista cultural semanal fundada por Luis Montiel Balanzat que chegou a acadar unha tirada de 200.000 exemplares.

2. Na Batalla de Aljubarrota venceu João I de Portugal fronte ás tropas de Xoán I de Castela o 14 de agosto de 1385. Ramiro confúndese nas datas coa conmemoración do levantamento do 1 de decembro de 1640 en Lisboa e que significou a Restauración da Independencia de Portugal e o inicio da dinastía dos Bragança.

dor y hay señores que publican en todas. Esto te da una idea de la pobreza espiritual en que están sumergidos estos Sres.

En todo el tiempo que llevo aquí no hubo en esta ciudad de 400.000 habitantes una sola exposición de pintura. Hubo una de caricaturas de aquel Octavio Sergio que estuvo en Vigo³. ¡Todavía están en la época de la caricatura que estaba en boga hace 40 años en Europa, una cabezota muy grande y un cuerpo pequeñito! Como las que conocemos de Alejandro Dumas o Victor Hugo. Para estos artistas desde esa época a hoy no pasó un día. Lo demás es por el estilo. El primer concierto que se celebró fue hace 4 días, un pianista de aquí bastante bueno. Y pasemos a otra cosa.

Me dices que estás satisfecho de tus prácticas de dibujo de retratos. Esto me alegra muchísimo, porque pensé muchas veces que sería una lástima que no pulsases todas las posibilidades, hasta agotarlas, para hallar un cauce a tus aficiones artísticas. Me parecía que lo considerabas como cosa accesoria y esto me daba lástima, pero afortunadamente no es así y de todas veras te felicito. Tendrás muchas dificultades que vencer, es indudable, pero con tesón, constancia y gastando mucho papel y mucho lápiz las vencerás y, sobre todo, mucho modelo vivo. Mejor dicho, siempre, eso es todo. El retrato es lo más difícil, pero es lo más noble de la pintura, cuando se hace con honradez y se posee algo de sensibilidad artística. Defecto del que adolecen la mayoría de los retratistas, que les sería más cómodo y más honesto retratar con una Kodak.

Yo te enviaré revistas. Tienen que ser extranjeras. Veré lo que hay por aquí. Alguna vez el *The Studio*, pero tendrás la dificultad del idioma⁴. De todas formas ya supongo que encontraré algo en francés o italiano.

3. Octavio Sergio (1896 - 1965) expuso no Círculo Mercantil de Vigo as súas caricaturas en abril de 1933. *El Pueblo Gallego*, 25-IV-1933.

4. *The Studio: An Illustrated Magazine of Fine and Applied Art* (1893-1964), revista ilustrada de artes publicada en Londres.

De Chita recibí carta hace dos días. Aún no había recibido mis noticias de ti. Me pregunta, como en todas, dónde te encuentras.

Veo que te hace falta la madrina de guerra de Cuba ya que, o tendría que ser un mirlo blanco o poco te iba a interesar, ya que la mayor parte —y que me perdone el bello sexo cubano— son de una pobreza mental que asusta. Escriben las cartas en serie, según me dice el secretario del Comité, que tiene que hacerle los borradores para cada tanda de 20 o 30, pero bueno, son en cambio ricas, mandan cigarros, y una porción de cosas más. Por esto digo que te hace falta, ya que la parte espiritual y afectiva la comparo entre Pili Lorán y Teya Bastida⁵. Siento la mayor simpatía por estas chicas. Creo, y así debe ser, que sus cartas te proporcionarán los mejores momentos, a pesar de haberlas tratado diariamente. Encontrarás en sus escritos agradabilísimas facetas inéditas que te sorprenderá no haberlos visto o adivinado antes. Te harán recordar los instantes vividos en Pontevedra y esos recuerdos serán para ti de inestimable felicidad. No es necesario llegar a viejo para ser feliz recordando, te lo digo yo que entro en aquella categoría. Tienen que ser inteligentes y buenas puesto que gozan de tu preferencia. Cultiva entonces su amistad, que es raro ver juntas aquellas calidades.

Siento a veces una pena infinita ver a Fidel ignorando lo que es una amiga, una amiga mujer, ignorando lo que es una amistad femenina. Y ello es consecuencia de la falta de trato con chicas amigas. Llegó a esta altura de la vida sin darse cuenta de lo que es eso. Y hoy está sumido en un mar de perplejidades que malo será no desemboquen por resbalamiento insensible en el amontonamiento con la primera fulana que sepa tocarle la cuerda sensible

5. Pilar Lorán Montes e Eleuteria (Teya) Bastida Martínez, mozas integrantes do círculo de amizades de Xaime en Pontevedra, onde estudara Maxisterio polo seu Plan Profesional entre 1933-1936. Teya era compañeira de curso de Xaime canda ao seu irmán Francisco Bastida e os galeguistas Ramón de Valenzuela Otero e Manuel Filgueira González.

y conozca a tiempo su carácter inocente, en estos casos, de Fidel. Y sería una lástima porque es digno y merece toda la felicidad que se pueda desear⁶.

Bien, quedamos entonces en que te parece muy bien la cubana. Esto me alegra y posiblemente a ella también. Al citar tus amigas olvidaba a Maruxa Abad. No la olvidaba, la omití voluntariamente, porque fue o es precisamente, de ellas, la chica que, una vez refiriéndote al malogrado Amado Carballo (cómo pasa el tiempo, ya hace 6 años), me decías que le había dedicado una poesía a una chica compañera tuya⁷.

Y tengo que terminar. No esperaré a recibir carta tuya para escribirte nuevamente. Únicamente me alegra saber que vas localizando a tu antigua peña de amigos, tan buenos chicos y tan buenos patriotas, a los que no dejarás de darles mis saludos, sobre todo a Xelo⁸. Puedes ofrecerles madrinas de Cuba. Que me escriban.

Me dices que necesitas alguna cosa y debiste pedírmela porque si no la encuentro o no es posible enviártela te lo diré con toda franqueza. Y si puedo hacerlo será una gran satisfacción para mí.

Mucha suerte, trabaja mucho, cuídate bien y que sigas disfrutando de excelente salud. Es cuanto te desea tu hermano que te abraza saudoso,

Ramiro

6. Fidel Isla casou o 21 de decembro de 1940 en Vigo con Blanca Serrats Abuín, veciña súa no barrio de Casablanca, e filla do industrial conserveiro Alberto Serrats Cuixart.
7. Maruxa Abad Ameijeiras, natural de Vilagarcía de Arousa e estudante de Dereito en Santiago de Compostela, mantivo unha intensa correspondencia con Xaime durante a súa estada na fronte. A súa relación epistolar e de noivado durou até principios de 1939.
8. Desde a fronte de Aragón, Xaime logrou establecer contacto epistolar cos vellos amigos galeguistas: Ricardo García Suárez, Xosé de Castro Arines, Xosé Luís Fontenla, Enrique González García-Paz ou Anxelo (Xelo) Ramos Coleman.

PORTO, 16 DE XANEIRO DE 1938

¡VIVA ESPAÑA!

M. EMILIO MARTÍNEZ BALADRÓN Y GARCÍA

Delegado en Oporto del Comité Nacionalista de La Habana

Rua Duque Saldanha, 612

Telefone 7666

Telegrafo SERVET

Querido Jaime: Recibí con un retraso enorme tu carta del 12 de diciembre y ahora una tarjeta del 3 que acompañaba la carta para la Vicepresidente de la Com. de Damas de la Habana, que siguió por aéreo.

Estuve con una gran intranquilidad hasta que de casa me fueron dando noticias que recibían tuyas¹.

Te envié dos revistas tipo “magazine” y dos S.I. [suplementos ilustrados] que salieron ahora del *Século* de Lisboa. Espero que me digas si las recibiste para seguir enviándote más.

1. O 15 de decembro de 1937 comezaba a batalla de Teruel que rematou a principios de xaneiro de 1938 coa toma da cidade polo exército republicano. Os combates desenvolvéronse no medio dun intenso e prolongado temporal de neve e frío. A contraofensiva do exército sublevado desde mediados de xaneiro logrou recuperar o control de Teruel o 22 de febreiro.

También envié la pipa hoy junto con mi tabaquera llena de tabaco del que yo fumo que, como no puede ser Virginia solamente², pues resultaría fuera de mi modesto presupuesto, mezclo este con dos clases más, de calidad inferior y, además de salir más barato, casi lo encuentro más agradable porque no escuece la lengua. Claro que yo la tengo aculatada, como las pipas, y a ti seguramente te escocerá las primeros días.

El “placer” de fumar en pipa, deja de serlo, cuando no se cumplen concienzudamente todos los ritos que exige este difícil “arte”. El más importante es el de llenar la pipa; cosa que casi ninguno de los principiantes para atención en ello. Para llenar la pipa debe colocarse el tabaco en porciones pequeñas, y no debe colocarse la siguiente sin haber aplastado y repartido bien la anterior sin que queden huecos o bollos de tabaco, puesto que se quemaría primero por los sitios flojos y quedarían sin quemar los bollos. Y, luego, al aplastar el tabaco a medio fumar, se mezcla la ceniza con el tabaco por fumar y pasa todo el polvillo de ceniza a la garganta actuando de caústico. Quedamos en que se coloca en porciones que, aplastándolas una a una sin apretarlas demasiado, se formarán una serie de capas perfectamente unidas pero por las que puede correr el aire sin necesidad de hacer “fuertes” esfuerzos.

Las pipas nuevas dan mal gusto al paladar las 8 o 10 primeras veces. Por esto, y para quemarlas bien, se deben fumar las dos o tres primeras veces llenándolas solamente un tercio de su capacidad, y las 4 a 6 veces siguientes los dos tercios, y después se llena sin que sobresalga el tabaco del borde. Conviene, las primeras veces, fumar dejando largos plazos entre una fumada y la siguiente. Dos veces al día máximo y siempre después de las comidas fuertes. El buen fumador en pipa no traga el humo, lo paladea. El tabaco suave para cigarrillos se hace muy fuerte en la pipa, además que siempre se aspira polvillo de ceniza o partículas

2. Caste de tabaco rubio para pipa.

de tabaco, que no deben pasar de la boca. Como el tabaco que elabora la Tabacalera te producirá náuseas al principio, te enviaré ese tabaco para que lo mezcles, y si te llega bien te enviaré más. En pipa no debe fumarse más que tabaco de hebra gruesa, nunca picadura ni hebra fina que no rinden nada.

Y terminando esto voy a empezar a contestar tu carta. Creo que mi correspondencia no podrá reiterar aquella antigua de cuando tú eras rapaz, por muchas causas de las cuales ninguna se te ha de ocultar por lo que no voy a enumerarlas. Para mí es una gran satisfacción saber que te la recuerdan y, sobre todo, la emoción que yo pretendía poner en ellas. Mi venida a España nos separó un poco, mejor dicho, la satisfacción de vernos llenó una laguna que en la distancia pretendían llenar aquellas charlas, y paralizamos aquella relación espiritual que nos tenía más identificados. Quizá influyó también en esto la vida que pasé en España que fueron 5 años ininterrumpidos de dificultades más profundas de lo que podrías suponerte, que ocuparon mi espíritu una gran zona que estuvo constantemente llena de preocupaciones que me restaron lugar para otros más agradables³. Esto unido a que tus estudios avanzaban y las necesidades de tu espíritu iban en aumento y yo no me sentía capaz de satisfacerlas, ya que mi modestísimo caudal fue siempre limitado en razón inversa, eso sí, con su gran emoción, para nuestras cosas y aficiones.

Pero bueno, el caso es que ahora sé por qué me lo dices, y yo así lo creo, que una carta mía te levanta todas las ansias mejores del alma. Esta frase tuya viene a despejar una tal cantidad de dudas respecto a nuestras futuras relaciones que es para mí lo más consolador desde hace una temporada. No podrás darte idea del

3. Durante a estadia en Vigo desde 1931, o delicado estado de saúde de Chita motivou frecuentes consultas médicas e a separación temporal do matrimonio, residindo a súa muller tempadas en Madrid na casa duns familiares e na Arxentina canda a súa irmá Vicenta.

peso enorme de que mi corazón se ve libre. Hoy más que nunca es preciso ser útil a la Patria, y ¿cómo no voy a aplaudir tu decisión firme de serlo? ¿Cómo no voy a aprobar tus esfuerzos en este sentido, si mi pena, precisamente, consistía en pensar que, con las necesidades imperiosas de tu vida actual, podrías abandonar aquellos trabajos?⁴.

Comprendo perfectamente que tenga que ser irregular tu labor artística ya que la vida de campaña no es precisamente la que más se presta para el desarrollo de esas aficiones pero, aprovechando los momentos libres, siempre se avanza algo. Yo espero saber que recibes las revistas para enviarte más, a pesar de que estuve buscando revistas alemanas de arte, que las hay estupendas, o las había antes, y aquí no logro dar con ellas. Y lo mismo sucede con las italianas, pero espero dar con alguna. Hay inglesas, pero resultan carísimas, y si no las recibieses es una lástima. Yo continúo con muchísimo trabajo. Ahora estamos recibiendo cargamentos de correspondencia de La Habana, que no puedes darte idea. Solamente de madrinas hay días que vienen 400 y 500 cartas, aparte de la correspondencia familiar y comercial. Emilio está en Salamanca de jefe de la Sección Donativos del Cuartel del Generalísimo. Está provisionalmente ya que debe venir aquí que está haciendo falta. Ramón hace ya dos meses que no viene por aquí, así que yo estoy negro.

¿Qué tal el frío por ahí? ¿Quieres que te envíe algo? Cuando leía que por esa provincia hubo 16 bajo 0 me acordé tanto de ti que me daba vergüenza encender la estufa. Y esto sin pasar de los 2 bajo 0. Es enormemente frío porque es muy húmedo.

Chita parece que no está muy bien. Lleva una temporada en un pueblecito de las sierras con una familia amiga que la llevó

4. Desde a primavera de 1936, en contacto co grupo da Dereita Galeguista de Pontevedra, Xaime emprendeu unha viraxe ideolóxica na que se identificaba como un "guerreiro" na defensa da civilización cristiá.

para ver si se repone. Esperaba que viniesen Emilio y Ramón para decidir si la traigo a mi lado o me voy yo para junto ella. Esto desde luego no es probable, ni yo lo deseo, porque irse hoy a América es tanto como despedirme ya para siempre de nuestros terrones. Y supondrás lo doloroso que para mí sería esta partida, y más hoy que dejo tantos y tantas afectos entre ellos.

Si como creo continúo aquí, tendrás ocasión de conocer esto. Ya que, al establecerme definitivamente, tendrías siempre un lugar, el lugar que por derecho propio te corresponde. Pero... hay que esperar, hay que esperar a que se termine todo para realizar, porque proyectar y preparar trabajo para ese momento se puede hacer siempre y no solo se puede hacer, sino que se debe hacer.

Háblame siempre de tus amigos. Ni es ridículo ni podría parecérmelo nunca. Comprenderás que tengo que reservarles un lugar preferente en mi corazón a las personas que, durante la vida dura de la campaña, te hacen feliz aunque no fuese más que unos segundos.

Volveré a escribirte seguidamente, No dejes de hacer tú rápidamente ya que las cartas tardan bastante. Te envío unos sellos para la correspondencia que yo tenía aquí y no sirven.

Un fuerte y saudoso abrazo de tu hermano
Ramiro

¡Viva España!

PORTO, 17 DE ABRIL DE 1938

¡VIVA ESPAÑA!

M. EMILIO MARTÍNEZ BALADRÓN Y GARCÍA

Delegado en Oporto del Comité Nacionalista de La Habana

Rua Duque Saldanha, 612

Telefone. 7666

Telegrafo SERVET

Querido Jaime: Recibí hace dos días tu carta del 4 que contesto aprovechando un pequeño hueco entre la enormidad de trabajo que tenemos estos días. Porque si dejo pasar más tiempo, sin darme cuenta pasan las semanas y se interrumpe la correspondencia que parece vamos regularizando ya.

Aparte, por correo recibirás varios números de la revista brasileña *Vamos lêr* que es bastante mas distraída que *Civilização* sin tener las pretensiones de esta, y además un número de *O Mundo Português* que está muy bien presentada y es interesante, otro de *Seara Nova* y alguno de *Sol nascente* estas últimas de arte, litera.[tura] y crítica¹. Tomo nota de tu encargo

1. *Vamos lêr* (1936-1948), revista semanal ilustrada publicada en Río de Janeiro. *O mundo português. Revista de cultura e propaganda, arte e literatura coloniais* (1934-1945), publicada en Lisboa pola Agência Geral das Colónias e o Secretariado da Propaganda Nacional. *Seara Nova* revista fundada en

para enviarte una economía y estos días te buscaré algo que crea puede interesarte.

No puedes darte idea de la pena que me causan las noticias de las muertes de Míguez y Ferreirós, al primero porque lo conocía y al segundo porque sabía el cariño que os profesabais mutuamente². ¡Es terrible! A mí me anonadan estas noticias y a ti puedo confesarte que no tengo la dosis de patriotismo suficiente para conformarme con lo que marca el destino. Es una tontería decir que debe terminar la guerra cuanto antes, pero es necesario hacer todo lo imaginable por que termine de una vez porque desaparecen las mejores vidas y, a veces, cuando nos encontramos ante casos como estos, le sobrecoge a uno el espanto, pensando que al final no quedaremos más que los viejos.

Pero dejemos esto porque no es el pesimismo lo que cuadra en estos momentos y menos de parte de los que, como yo, aunque desempeñando una labor patriótica, estamos al abrigo de los peligros. Ya me dirás cómo te encuentras en tu nuevo domicilio. Dime en qué sitio estás para situarlo en el mapa, y qué tal estás de salud y demás. Te enviaré tabaco, ya que te gusta, dentro de unos días.

¿No recibiste carta de la madrina cubana? Sin duda alguna se perdió tu carta. Debiste de habérmela enviado a mí, que es lo que hacen casi todos, porque si no es seguro que no llega. Estos días estamos distribuyendo cerca de 600 cartas llegadas de Cuba, Méjico y otras repúblicas centro-americanas. El objeto de esta

Lisboa en 1921 por iniciativa de Raul Proença e un grupo de intelectuais portugueses disidentes entre os cales destacaba Teixeira de Pascoaes. *Sol nascente. Quinzenario de ciência, arte e crítica* (1937-1940) publicada en Porto e dirixida por Carlos F. Barroso, Lobão Vital e J. Soares Lopes, intelectuais neorrealistas portugueses.

2. Antón Míguez Alonso, membro da Mocidade Galeguista de Pontevedra e alumno-bolseiro do Seminario de Estudos Galegos. Manuel Ferreirós Espinosa, alumno-bolseiro do Seminario de Estudos Galegos, finou o 16 de febreiro de 1938 na fronte de Teruel.

oficina es ese y el de recibir los donativos que envían de allá y distribuirlos por España. Martínez Baladrón ahora está de Jefe de la Sección Donativos del Cuartel General y, por lo tanto, apenas viene por aquí. Estoy yo encargado de todo esto, y hay una de trabajo enorme.

No dejes el dibujo. Dime si necesitas papel, carbón, lápices, lo que necesites para enviártelo. Si vienes a casa en el mes de abril, casi es preferible te envíe a Vigo la Economía porque con lo que tardan las cartas y los envíos casi la recibirás primero en Vigo que ahí donde te encuentres. Chita estuvo en la provincia de Córdoba reponiéndose. Quiere recobrar fuerzas para venir bien de salud. Calculo que llegará para el mes de mayo.

Recibí un cartapacio de dibujos de Colmeiro que le publicaron unos cuantos amigos³. Están formidablemente. No los envié porque temo se echen a perder en el correo porque es bastante grande la carpeta. También recibí una serie de fotos muy bonitas de la película de Suárez que son estupendas. Le valieron al autor entrar de director cinematográfico en una casa productora americana⁴.

Y nada más; todo el cariño con un fuerte abrazo
Ramiro

Te envío lo sellos de 0,30 que tenía yo y que te servirán.

3. En decembro de 1936, o pintor Manuel Colmeiro (1901-1999) embarcou en Lisboa cara ao exilio na Arxentina.
4. O fotógrafo Xosé Suárez (1902-1974) comezou a rodar en 1936 unha película documental sobre os mariñeiros no Morrazo e Rianxo. Simultaneamente realizou a serie fotográfica *Mariñeiros*. En decembro de 1936 canda a Manuel Colmeiro, embarcou, en Lisboa cara ao exilio na Arxentina onde rematou e estreou a película *Mariñeiros* en 1938.

Nº 9.267

M. EMILIO MARTÍNEZ BALADRÓN Y GARCÍA

Delegado en Oporto del Comité Nacionalista de La Habana

Rua Duque Saldanha, 612

Telefone. 7666

Telegrafo SERVET

2º AÑO TRIUNFAL

OPORTO, 27 Abril 1938

Señor: Jaime Isla Couto

108 División, 1er. Grupo de Cañones

Estafeta de Campaña 13

FRENTE DE ARAGÓN

Muy Sr mío:

El Comité Nacionalista Español me envía desde La Habana la carta dirigida a V. que me es muy grato enviarle juntamente.

Con toda consideración, quedo suyo atto. y S.S.

adjunto

¡Viva España!

BOGOTÁ, 10 DE SETEMBRO DE 1952

Benquerido Xaime:

Hai uns días recibín a separata, que me anunciabas na túa, “Algúns caracteres da economía galega aitual”¹, que lin e volverei ler máis atentamente, en canto fiquen un pouco máis desocupado, pois hai uns días chegou Robert Bowie, e aínda está aquí². E onte chegou de regreso un xerente de Schering, de regreso para os EUA³.

Isto tenme atafegado e copadas as horas de traballo e as horas libres, pero fago un burato nas miñas ocupacións para pór estas letras xa que acabo de recibir unha carta de Fidel, na que me pide a dirección de Bowie para darlle resposta a unha carta.

Como Bowie me dixo que lle enviase Dormisón e non tivo resposta, comunícalle a Fidel que pode escribirlle á Habana onde estará no Hotel Presidente, até o día 28 deste mes. Despois pode escribirlle a:

1. Publicado en 1952 por Xaime no caderno Grial número 4 *Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*.
2. Robert J. Bowie era o director xeral da farmacéutica suíza Hoffmann-La Roche para América do Sur, con sede central en Montevideo. Ramiro e Bowie coñeceráanse en España, cando o escocés era o delegado para o sur de Europa da Standard Oil, representada en España pola Casa Busquets Hermanos, onde traballaba Fidel Isla. Bowie estaba casado con Mariconcha Busquets Salomó, unha das fillas de Manuel Busquets George.
3. Ramiro traballaba nesta altura para a empresa farmacéutica norteamericana Schering-Plough Corporation.

Casilla de Correo No. 149
MONTEVIDEO

El aínda ten a casa en New York, e alí está María Concha, que se vai reunir na Habana con Bowie e pasarán a semana do 20 ao 28.

Por correo ordinario envíeiche un exemplar do periódico *El Siglo*, órgano propiedade do Presidente da República deste país⁴. Envíeicho, para que leas nel, un artigo adicado a miña persoa (coma din por aquí). Pero envíeche con esta carta o recorte. Mande o periódico, porque o artigo foi publicado en día domingo que é número extraordinario. Por el ollarás que me teñen grande aprecio, a pesar de manterme sen facer concesións ideolóxicas, pois non hai que esquencerse que o goberno de aquí, e polo tanto este periódico que é o seu voceiro oficial, é afillado do da madre patria.

Na carta de Fidel vexo que estás ben de saúde. Isto alédame moito pois estaba un pouco preocupado, non porque coidase que puideses ter nada grave, pero tes que evitar con todo coidado un “surmenage”, que non ten importancia física pero que é unha verdadeira calamidade espiritual, e non o deixa a un facer cousa a dereitas. Fálоче por experiencia, que sei ben o que é iso⁵.

Dille a papá que recibín unha carta del, que causou unha grande alegría, pero tiven a desgraza de que léndoa nun bus, un golpe de vento furtouma da man e saíu voando. E a pesar de baixar con toda lixeireza non puíden recuperala pois foi voando a grande altura. Estamos nestes meses nunha época de ventarróns enormes.

4. Xornal fundado en Bogotá en 1936 por Laureano Gómez (1889-1965), líder do Partido Conservador e presidente da República de Colombia entre agosto de 1950 e novembro de 1951. Gómez apoiou o bando sublevado durante a Guerra Civil como admirador de Franco e do fascismo español.
5. O *surmenage*, ou colapso intelectual, maniféstase como un esgotamento por exceso de traballo que causa insomnio, ansiedade, fatiga, depresión e cansazo.

Dille que lle contestarei dentro duns días así como a Celso a que me mandou, pois cando lía a de papá era xa a segunda vez que o facía.

E nada máis, pois teño que atender os forasteiros, que non me deixan un intre libre.

Bowie faloume de que posibelmente me necesite para organizarlle todo Latinoamérica, ou case todo, na organización en que está agora⁶. Eu faleille das miñas intencións de irme a Europa, nun prazo máis ou menos breve.

Agarimos a todos grandes e pequenos. E Cris e ti recibide unha saudosa aperta do voso⁷

Ramiro

6. Ramiro foi contratado por Roche como xefe de visitadores médicos e delegado de propaganda na Gran Colombia, rexión de vendas que abrangía Colombia e Venezuela.

7. Cris é Cristina Nóvoa Pedreira (1922-2014), filla de Francisco Nóvoa Patiño, vencellado ao Marquesado de Patiño, e María del Carmen Pedreira Lamaza. De familia republicana represaliada polo franquismo, casou con Xaime o 29 de xuño de 1947.

BOGOTÁ, 15 DE DECEMBRO DE 1952

Bogotá, 15 de Nadal de 1952

Benquerido Xaime:

Cando cheguei de viaxe atopeime co paquete de libros que me enviaches, e non sabes a emoción que me produciu. Estou lén-doos todos a un tempo, e non me entero de nada, pero non importa. Xa volverei, cando remate, a darlles un segundo repaso con máis método e entón falaremos do asunto. De todo corazón: Moitas grazas, aínda que chegaron no intre en que estaba dándolle un repaso ao meu cativo e pintoresco inglés porque nos primeiros días de xaneiro saio para os EUA, chamado pola casa Schering que, cando lle comuniquei que me retiraba, me chamaron por teléfono, e me dixeron que fose alá a falar con eles, na seguridade de que non me iría da casa, polo menos por agora, pois teñen necesidade de que continúe. Escribinlle a Bowie, e díxome que vaia alá, e que faga o que me conveña, pois con el teño sempre asegurado un posto, así que aproveite se están en plan de dar máis.

E así están as cousas, se chego a saber isto antes, non lle escribo a Celso dicíndolle que non veña, pero eu non podía supor que esta xente reaccionase desta maneira.

Ando con todo o papeleo que fai falla hoxe para poder ir dun país a outro, e non teño vagar para nada, pero quero que teñades

novas miñas, sobre todo se son boas, como estas. Aínda que non estou satisfeito pola falla de Celso estas festas, que pensando que non as paso con el, podéndoas pasar xuntos, magóame fundamentalmente, xa que estiven pensando decote nos intres que pasaría enterándome de toda a vosa vida, co humorismo amable que tivo sempre Celso e que supoño non perdería, ó facerse home de negocios.

Pero en fin, que se lle vai facer. Hai que ter paciencia e agardar, que todo nunca vén xunto, e o que vén non sempre chega ao gusto dun.

Dos EUA vou ver se tomo unhas notas, coa experiencia que teño de viaxes anteriores, que se axeiten no espírito de Galaxia, e volas envío, naturalmente, sen compromiso de publicación. Sería algo como a nota que che acompañó a esta, que a fixen hai tempo, e despois de facela, traspapelóuseme e non a mandei.

Coido que turrarei dun pouco de tempo antes de saír para New York, e escribirei, máis longamente. Eu non sairei antes do día 8, pois practicamente non estarei con todo listo antes desa data.

Dálle apertas e agarimos a todos. E ti e Cris recibídeas moi saudosas do voso irmán que non vos esquece.

Ramiro

Doume unha gran ledicia o Santo Padre nomeando Cardeal de Compostela ao Em. Quiroga Palacios¹. Aquí puxemos un cable a nome de toda a colonia galega, que non chegamos a dúas ducias, pero o caso é facer barullo, con este asunto.

1. O 12 de xaneiro de 1952, Pío XII nomeou cardeal a Fernando Quiroga Palacios (1900-1971), arcebispo de Santiago de Compostela desde xuño de 1949.

MONTEVIDEO, 23 DE ABRIL DE 1953

Hotel Nogaró
Plaza de la Constitución
MONTEVIDEO

Querido Xaime:

Cheguei aquí, o luns, día 20, pola tarde, e xa me arranxei coa casa Roche (Hoffman-La Roche chámase aí), para ir de supervisor ou xerente de propaganda, a Venezuela. Polo tanto, sairei de aquí o día 7 de maio, estarei en Buenos Aires, ata o 10 que seguirei a Chile, para seguir a Lima o 12, e o 14 estarei en Bogotá. Recollerei as cousas que teño alí e o 21, o máis tardar, chegarei a Caracas, se non hai contratempos, como Deus mediante, agardo que non os haxa.

En canto chegue, xestionarei o visado para Celso, a ver, se por fin recibo a súa visita, e con ela a satisfacción de darvos unha aperta a todos, nel.

Aquí, atopeime con Lois Tobío que traballa na mesma empresa de Roche¹. Quen traballa nun mesmo piso do edificio onde está

1. Lois Tobío Fernández (1906-2003), diplomático, escritor e tradutor galego exiliado no Uruguai, traballou en Roche no seu departamento de comunicación. Ramiro xestionoulle posteriormente a publicación de artigos en xornais e revistas venezolanas como o suplemento do xornal *El Universal* e a revista *Elite*.

instalado Roche, ten as oficinas, Emilio Pita que me amosou unha carta que ti lle escribiches².

Irei escribindo nestes días, podedes facelo vos aquí, á dirección do Hotel do membrete.

Saudosas apertas a todos e ti e Cris recibídeas do voso
Ramiro

2. Emilio Pita Robelo (1907-1981), poeta, xornalista e musicólogo galego emigrado no Uruguai. Colaborou no *Cancioneiro da loita galega*, editado con xestións de Ramiro polo Partido Galeguista en México en 1943.

LIMA, 20 DE MAIO DE 1953

Benquerido Xaime:

De regreso de Montevideo, onde estiven preto de 3 semanas, pasei 9 días en Buenos Aires. Alí déronme saúdos para ti, Abairra, Prada, Dapresa e derradeiramente, un tal Cerviño que acababa de chegar de aí¹. Todos eles faláronme moi ben de ti, así como dos outros compañeiros teus, e sobre todo do esforzo que facedes, o meirande ata agora, ó manter a permanencia de Galaxia.

Na miña anterior, dicíache que vou para Caracas. Alí hai bastantes galegos e agardo poder prestar unha boa renda á editorial vosa; para iso envíame boletíns de subscrición e tarifas á seguinte dirección:

1. Xosé Benito Abairra Feijoo (1904-1997), membro de Irmandade Galega de Buenos Aires, como representante do Consello de Galiza asistiu ao acto de constitución da Editorial Galaxia en Santiago de Compostela o 25 de xullo de 1950. Rodolfo Prada (1892-1980), persoeiro do galeguismo na Arxentina, coincidiu con Ramiro na directiva da Agrupación Rexionalista A Terra e durante a Guerra Civil colaboraron na saída clandestina de fuxidos de España desde O Porto e, posteriormente, na xestión da saída cara ao exilio dos galeguistas refuxiados en Francia tras da caída de Cataluña en febreiro de 1939. Moisés Presa (1904-1981), coñecido como Moisés da Presa ou Dapresa, fundador da Sociedade Nazonalista Pondal e colaborador n'A *Fouce* canda a Ramiro, en 1951 visitou Galicia e reuniuse co núcleo dirixente da Editorial Galaxia en Vigo.

R. Is. Cou.
c/o Agencia Rodriguez Sabogal
Apartado 821 Caracas (Venezuela)

É a dirección onde terei a oficina. Eu estarei alí a fins de mes, así que suspendede toda correspondencia a Bogotá.

Lembranzas de Vicenta para todos vosoutros, o mesmo que Laxeiro que me falou moito de Vigo e de moitos amigos, e de vós todos².

Agarimos e apertas para todos os da casa, e ti e Cris recibídeas do voso

Ramiro

2. Vicenta Lamas Barreiro, irmá de Chita e Farruco Lamas. José Otero Abelenda, “Laxeiro” (1908-1996) emigrou á Argentina en 1951. De mozo debuxara ao pai de Ramiro, Fidel Isla, bailando a muiñeira, e mantivo unha relación estreita con Xaime durante a súa estada en Vigo nos anos 40. Laxeiro retratou ao óleo a Fidel Isla Araújo, cadro depositado hogano no Museo de Pontevedra, e a lapis a Cristina Nóvoa.

CARACAS, 30 DE XULLO DE 1953

Caracas, 30 de Sant'Iago 1953

Benquerido Xaime: sigo cheo de traballo e aínda sen instalarme, pero non quero tervos sen novas miñas.

Por aquí esta Camilo José Cela, que o coñecín en Bogotá, e lle traballei a vinda a Caracas. Está nun bo plan no que respecta a Galiza. O goberno deste país acaba de facelo hóspede de honor e contrátalle unha chea de conferencias¹.

Agora hai aquí a posibilidade de conseguir que o goberno invite a Otero Pedrayo². Pero aquí non saben dicir por que conduto chegou a especie de que ás veces Otero ten lagoas falando, nas que se vai e fala sen senso algunhas cousas. En fin: que comenza a chochear.

1. En 1953 Camilo José Cela viaxou a Ecuador, Colombia e Venezuela nunha xeira de conferencias. Ramiro atopouse co escritor en Bogotá e, en colaboración con Silvio Santiago e o Centro Gallego de Caracas, convidárono a participar na Semana Galega que se celebraba en xullo co gallo do Dfa de Galicia. Cela intimou cos círculos de poder caraqueños leais ao ditador Marcos Pérez Jiménez conseguindo ser nomeado hóspede de honra así como a encarga da escrita dun libro sobre Venezuela pola que recibiu unha remuneración de 45.000 dólares, uns tres millóns de pesetas da época.
2. O Centro Gallego de Caracas convidou a Otero Pedrayo a participar na Semana de Galicia do ano 1954. Pero foille denegado o permiso para viaxar por parte das autoridades franquistas.

Como depende da impresión que cause Otero, o conseguir traer despois un equipo de rapaces novos, de distintas actividades, coma Piñeiro, ti etc., conviña que me dixeses con enteira franqueza que é o que hai de certo nisto e prégiocho mo digas á maior brevidade, para rematar as xestións, pois pasaron por ese rumor, que Deus queira!, non teña fundamento.

Dille a Celso que aínda non teño a documentación arranxada para solicitar a visa, en canto a teña será o primeiro que faga, pois teño uns desexos tolos de velo. Aínda que lle estou dando voltas á idea de ir pasar o Nadal aí, convosco. En fin, xa ollaremos, e xa falaremos encol do asunto máis veces.

Envío con esta, unha carta para del Riego dun amigo de aquí, boa persoa, e bo galego polo que o levo tratado.

Dá moitas apertas a todos, e ti e Cris recibídeas do voso
Ramiro

CARACAS, 28 DE NOVIEMBRE DE 1953

Benquerido Xaime:

Tres semanas seguidas tiven a ledicia de recibir carta túa, e o atafego de traballo que teño, as viaxes e a falla de comodidade, impedíronme dar resposta a medida que as ía recibindo, como eran os meus desexos. Imos ollar ata onde podo chegar hoxe.

Eu sei moi ben que non é esquecemento nin abandono o que che impide escribirme. Seino, e por iso, non se me ocorreu nunca levar a mal o teu silencio. Ás veces, cando tarda en chegar carta, non túa, senón da casa en xeral, dou en matinar en que alguén non está ben, e síntome desasosegado e preocupado. Pero ao recibir carta, e ler que todos estades ben, esquézome das preocupacións e sinto unha fonda ledicia ao saber de vós todos. Cando, como agora, recibo as túas cunha serie de noticias que me dás, e sobre todo da túa vida, entón xa é o *summum*.

Vexo pola túa que tes un recargo de traballo bastante bo, e segundo algunha vez me ten dito Fidel, non ben compensado. Isto non é posíbel pois hai que evitar caer nun circo vicioso. Pero xa volveremos falar disto e moi axiña, pois o meu atafego durará ata mediados de xaneiro, como máis adiante che contarei.

Non sabes o que me gorentan as novas que me dás de Ramón Otero Pedrayo. Linlle a túa aos meus compañeiros da comisión de cultura do Centro Gallego, Silvio Santiago e Carlos Herrero Alonso

(este derradeiro de Vigo), que compartiron comigo a ledicia de sabelas¹. Imos ver como nos arranxamos para facer que veña aquí o Día de Galiza vindeiro. E no noso proxecto está que o acompañe Lorenzana, que está moi relacionado co Centro².

Recibín a colección de libros de Galaxia, na que soamente puxeron de Castelao a edición especial, e quixera outra edición corrente, para ter as dúas³.

Tamén recibiron as coleccións as persoas que eu indiquei lles mandásedes. O que non chegaron foron as facturas, e isto é interesante, para cobrarlles. Avisa en Galaxia, que sempre que pida libros para min ou para calquer outra persoa, me envíen a conta, para poder cobrala, pois se se tarda, pasa o tempo e a xente é dura para pagar, ou se vai de cidade e non hai maneira de botarlles enriba a ollada, e pérdense os cartos. Non te esquezas de dicirlles que me envíen as notas correspondentes aos envíos feitos o máis axiña posíbel. E de cada libro novo que saia, enviádesme 10 exemplares, para colocar algúns entre amigos e o resto en dúas librerías de galegos.

Non me é posíbel, como serían os meus desexos, pasar o Nadal convosco. A principal misión que tiven aquí foi a do cambio de axencia. Eu contaba con que ata fins de febreiro non terminaba o

1. Silvio Santiago (1903-1974), empresario, xornalista e escritor galego exiliado en Venezuela, promotor de Lar Gallego (1945), do Centro Gallego (1948) e líder da súa comisión de cultura. Posteriormente, foi presidente da Casa de Galicia (1956). Coincidiu con Ramiro na cadea en Verín entre finais de 1936 e principios de 1937. Carlos Herrero Alonso, natural de Vigo, ex-xefe provincial do Sindicato Español Universitario (SEU) en Pontevedra entre 1937 e 1938, emigrou a Venezuela en 1949. Silvio Santiago, Carlos Herrero Alonso e José Mosqueira Manso integraban a comisión de cultura do Centro Gallego.
2. Salvador Lorenzana, pseudónimo de Francisco Fernández del Riego, colaborou regulamente coa sección “30 días de vida gallega” en *Galicia*, revista do Centro Gallego editada en Caracas entre 1952 e 1954.
3. Trátase d’*Os vellos non deben namorarse* de Castelao. Galaxia realizou unha edición especial numerada de 220 exemplares á que se refire Ramiro.

contrato cos actuais axentes, e chegaron a un acordo coa casa para rematar en decembro, como ollarás pola copia da carta que che envío e que acabo de recibir. Terei as festas revoltas con relación de mercancías, literaturas médicas, mostras etc. etc. En compensación, en xaneiro, en lugar de marzo, poderei organizar a oficina con persoal axeitado e suficiente, cousa que agora non teño, por culpa do traslado de axencia. Entón terei máis tempo para todo e falaremos con vagar de todas as cousas. Entón pedireiche consello sobre algunhas cousas e proxectos que teño para o porvir e cecais non vaia dar unha volta senón que me traslade definitivamente. En fin xa falaremos disto dentro de mes e medio o máis tardar.

A comisión de cultura do Centro Gallego ten unha emisión radial todos os domingos, de nove a nove e media da mañá⁴. Emisión que se oe moitísimo. A min encargáronme de facer unha notiña humorística que dura 3 minutos, e que polo visto gusta bastante, porque cando comencei a viaxar, e non as daban por non estar aquí, a xente chamaba por teléfono ou escribía protestando ou preguntando por que non se escoitara a nota de Arnois, que é o pseudónimo que uso na radio e na revista. A de mañá aínda non a fixen e teño que facela por isto, deixo esta para o sábado que vén continuar escribíndoche ou antes se estou de vagar un intre. Perdóame, pero facer unha cousa de 3 minutos, que lle interese á xente é moito máis difícil do que eu pensaba, que se me dera conta, non aceptaba tal traballiño.

Moito agarimos e apertas para todos, e ti e Cris recibídeos moi saudosos do voso

Ramiro

En Buenos Aires estiven con Moisés Dapresa, que me falou moito de ti e moi ben.

4. "Ecos de Galicia", emisión dominical en Radio Caracas para o Centro Gallego.

Nunha das conferencias de Cela no Centro Galego⁵, no Día de Galiza derradeiro, falei con Gaspar Massó⁶, que estaba de regreso para Vigo, saía ó día seguinte, segundo me dixo. Faloume tamén, facendo grandes gabanzas de ti, e díxome que cando el chegase, ía tratar de que che desen a ti a asesoría da Un.[ión] de Fa.[bricantes] de Cons.[erva] de Vigo, porque eras o que viñas facendo todo o traballo. Vexo pola túa que tes que atender a tal entidade, e que a tiñas provisionalmente, ou a tes agora en propiedade, ou segues como estabas? O Massó, a quen eu coñecera, parecíame bastante despistado, agora é moi distinto de que eu coñecera.

Envíame a lista de libros do Fondo de Cult.[ura] Económica que precisas, faino axiña que se están esgotando moitos títulos.

R.

VALE MÁIS SER CALVO

Unha das máis tenaces obsesións dos homes, como se ten dito noutras ocasións, desde que a voz comeza a pórselles apoleirada, é a de domear os cabelos.

Aos quince anos, cando o cabelo medra rexo e insurxente, non hai peite nin pomada que sexa capaz de metelo en cintura. Para poder abrir a raia limpamente, para partir o pelo e asentalo coma os cantores de tangos, os mozos desa idade terían que recorrer a un machado.

5. Cela impartiu no Centro Gallego a conferencia “Tres facetas del alma gallega” o día 25 de xullo de 1953.
6. Gaspar Massó García (1892-1991), escritor e industrial conserveiro, director da factoría Massó de Cangas e presidente da Unión de Fabricantes de Conserva de Vigo que editaba a revista *Industria Conservera*, da que foi redactor e director Francisco Fernández del Riego co pseudónimo de “Alevín”.

Por uns minutos, a cousa vai ben, cando a cachola aínda está mollada; pero inmediatamente que comenzan a secar os pelos, dan en turrar para riba, coma resortes, e o sombreiro pegar un salto. Os mozos de 15 anos, case sempre saúdan voluntariamente.

A preocupación polo cabelo, que segundo o doutor Adonai exerce unha marcada influencia no proceso de sedución persoal, é de case todos os homes. Pomadas, cosméticos, fixadores, non hai nada, que non teñan probado os mozos das actuais xeracións. O que eles desexan é conseguir unha fórmula que, ó mesmo tempo que os docilice, os abrillante.

Os derivados do petróleo parece que enchen estas dúas finalidades, pero teñen o inconveniente do cheiro. O cheiro do petróleo é indominábel e mareante. As mulleres engurran o nariz cando un rapaz, peiteado ao petróleo, por obsequioso e sedutor que sexa, se lles arrima a saudalas. Que fan entón? Acoden á auga de liñaza, pero non por moito tempo, porque a auga de liñaza, ao secar, desprende unhas pequenas partículas brancas que caen en forma de chuvia polos ombreiros e as solapas e que en nada se diferencia da caspa, como non sexa facendo prolixas investigacións de laboratorio.

Fica recurso da auga de almibre moi rebaixada, como parece que a están usando agora. Só ten un inconveniente, e é, que cando lle dá o sol, as moscas, as couzas e ata os escaravellos voadores, atraídos polo ulido do doce, lle improvisan a vostede, en poucos minutos, un susurrante sombreiro.

Todo isto lévanos a pensar, estimados oíntes, que para librar-se destas inútiles preocupacións, o mellor é ser calvos. Así o fixemos xa, Silvio Santiago e mais servidor de Vds.

Como ollarás, estas notas están escritas nun galego moi castelanizado primeiro por mor da “radio-audiencia” que non toda é

galega, e segundo porque o meu galego e pésimo e isto facilítame o traballo.

Esta nota foi lida o domingo 21, xa irei enviando outras, e dime o que che parecen.

CARACAS, 10 DE DECEMBRO DE 1953

Caracas, 10 do Nadal de 1953

Benquerido Xaime:

A pesar dos meus desexos, os días pasan e non atopo un intre doado para pórme a escribir. Aproveito agora ata onde poida, para seguir respostando ás túas. Vou coa de 25 de outono, que me parece mentira como pasan os días.

Eu sabía, non me lembro por quen, que lle negaran a Galaxia a autorización para publicar a obra de Heidegger traducida por Piñeiro e Celestino F. de la Vega¹. Foi unha estupidez xa que sería publicada antes que a edición de Losada de Buenos Aires pero, en fin, que se lle vai facer.

No noticiario cultural do Centro Gallego, “Ecos de Galicia”, din conta dos teus proxectos na cátedra de Economía da Escola

1. A lección *Sobre a esencia da verdade (Vom Wesen der Wahrheit)* do filósofo alemán Martin Heidegger foi traducida por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro, co fin de inaugurar unha colección de ensaios en Galaxia. Solicitada a autorización de publicación o 13 de novembro de 1952 á Dirección General de Propaganda do Ministerio de Educación Nacional, a resolución inicialmente favorable foi rexeitada por presións de Juan Aparicio, Director General de Prensa. Finalmente, o libro obtivo autorización de publicación a finais de 1955 e saíu do prelo en febreiro de 1956. A tradución ao castelán foi realizada polo filósofo arxentino Carlos Astrada e publicada en 1948 no primeiro número da revista *Cuadernos de Filosofía* da Universidade de Buenos Aires.

Industrial, que me parecen moi interesantes². Na miña anterior, para adiantar tempo, dicíache que me enviases a lista completa do que necesites do Fondo de Cultura. Pide todo porque están esgotados moitos títulos, e ó mellor, por non facer a lista moi longa, anotas os esgotados e pérdese tempo. Enviareichos con moito gusto, porque podo facelo perfectamente. Oxalá puidese facer outras cousas coa mesma facilidade. Xa me puxen á caza de números de *El Trimestre Económico*, pero debías de mandar á volta de correo a lista dos que teñas ti, para non repetir³.

É preciso que vexas a forma de darlle remate ao teu manual de *Estructura económica de Galicia*, e sacar tempo para levar a fin os proxectos que teñas⁴. Eu estou agardando a chegada de Bowie para fins de mes e aproveitarei para ver que condicións me fan se me quedo aquí en Caracas. Eu prefiro viaxar, pero se me pagan ben por ficar aquí, que coído que o desexan, entón facemos unha combinación de tipo económico e coído que poderá arranxarse todo convenientemente. En xaneiro escribireiche, co que resulte das entrevistas con Bowie.

Alédame moito as novas que me dás de Anita e Miguel⁵. Por certo, que hai non sei canto tempo que merquei unha estilográfica en Bogotá para mandarlla a Miguel e atopeime que de Bogotá non saía ninguén para Pamplona, e para Galicia moi

2. O 26 de novembro de 1946 Xaime foi nomeado profesor responsable da cátedra de Dereito e Economía da Empresa na Escola Universitaria de Peritos Industriais de Vigo, onde impartiu docencia até a súa xubilación en 1986.

3. *El Trimestre Económico*, revista trimestral de Economía, fundada en México en 1934, e publicada desde 1936 polo Fondo de Cultura Económica.

4. Xaime comprometera a publicación en Galaxia dun *Manual de estrutura económica de Galicia*, anunciado no catálogo da editorial en 1953, pero o libro ficou sen rematar e unicamente se conservan borradores do índice do mesmo.

5. Ana Marfá Isla Couto, irmá de Xaime e Ramiro, casou en Vigo con Miguel Giménez Ortega, funcionario da Telefónica, destinado en Pamplona. O seu xenro, José Gómez Barros, casado con Emma Giménez Isla, posteriormente asumiu o relevo á fronte do despacho xurídico de Xaime.

pouca xente. Chegaron dous toureiros, os irmáns Marín, que son de Pamplona⁶, e quedaron de levarlle a ditosa estilo, pero resultou que cando saín para os Estados Unidos, eles andaban fóra de Bogotá toureando nas provincias e, ao meu regreso, saíran para Hespaña e quedou outra vez no meu poder. Como de aquí sae bastante xente, enviareilla xunto con algunha outra se as queredes. Ti me dirás.

Emocióname o que me dis do meu cuarto na túa casa, e estou desexando con todos os meus sentidos entrar ao pleno desfrute del, pero xa falaremos do asunto que está ligado ao proxecto do que che falo máis arriba⁷. Teño algunhas cousas, en libros de arte, bastante boas para aumentar a colección. De lecturas, hai tempo que non leo senón clásicos e humoristas, unicamente. Novelas das derradeiras fornadas, cando por casualidade cae unha na miña man fico intoxicado para dous ou tres anos.

E vou coa túa do 1º de novembro. Alédame que a demanda de libros galegos sexa unha cousa seria. Alédame e éncheme de esperanza. Non recibín a edición de Daniel, corrente. Imos pasala por radio, no aniversario da morte, e coido que será un acontecemento. Prégoche me remitas o libro de Pokorny⁸, tamén preciso outros pero será obxecto dunha próxima carta. O que necesito con urxencia é un libro de efemérides para a emisión radial. Coido que temos un aí un pouco vello, pero sérvenos, e eu non o extrañaría, pois non presto un libro a ninguén, sexa quen sexa. Se non che causa moito trastorno envíamo por avión, pois precisámolo con urxencia, para variar a estrutura do programa.

6. Julián e Isidro Marín, irmáns naturais de Tudela, e figuras da tauromaquia española nos anos 40 e 50.
7. Tras do seu regreso a Galicia en 1957, Ramiro Isla residiu cas dos seus irmáns solteiros Celso e Manuel.
8. *Cancioneiro da poesía céltica* de Julius Pokorny, publicada en 1952 por Bibliófilos Gallegos e traducida por Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro.

Alexandre deixou un documento que llo entregaron a Obella e este tñíao gardado nunha caixa no Banco Anglo no Porto⁹. A ver se podes averiguar a quen pasou. Se eu fose a Cuba, que non tería nada de particular, copiaría todo o que ten Xerardo e, máis que nada, tomaría os apuntes que puidese¹⁰. Non teño a dirección de Xerardo, pois chegoume unha carta de volta hai tempo. Anque de todos os xeitos, coido que é bastante vago para contestar. Por que non me fas un cuestionario do que queres que me axude a facer memoria, pois co atafego que teño non podo fixar o suficiente para lembrarme de cousas. Eu non teño nada del. Pero facendo memoria, podo darche moitos datos. Escríbolle a Prada que sei que ten documentación. Escusado é a recomendación túa, pois xa supoñía a reserva do teu propósito.

Agarimos a todos, apertas e con Cris recibídeas cos mellores desexos nas festas, que vos terei comigo

Voso Ramiro.

Ecos de Galicia. Radio Venezuela

TURISMO AMERICANO por ARNOIS

Os americanos que veñen a facer turismo por estes países, ao seu regreso fan obrigatoriamente unha reportaxe, co ánimo sinxelo de lerllo aos amigos ou de publicalo na revista parroquial. O estilo é sempre idéntico, porque todo nos EUA se fai en serie e os homes

9. Alexandre Bóveda (1903-1936), asasinado na Caeira (Poio) o 17 de agosto de 1936, fora socio do Instituto Bioquímico Miguel Servet xunto ao médico galeguista Ramón Obella.
10. Xerardo Álvarez Gallego (1899-1986), exsecretario do Partido Galeguista e cuñado de Alexandre Bóveda, exiliouse en Cuba. En 1972 publicou *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* na Editorial Nós de Buenos Aires.

non son unha excepción. O 90 por cento dos americanos reacciona, ante unha mesma situación, en igual maneira. Se os poñen en fronte dun escritorio tiran de chaqueta e encaraman os seus Florsheim nº 46 enriba da mesa¹¹. Se ollan unha muller que lles causa boa impresión, elaboran dous longos asubíos e din: *My goodness!* Pero se lles parece fea cuspen o chicle que están mastigando nese intre e exclaman: *Nuts!*

As mulleres deben de coidarse moito de estar preto dun americano tipo “standard” á saída da lúa. Que sexan feas ou bonitas, vellas ou novas, morenas ou loiras, altas ou baixas, iso ao americano non lle importa ren. Automaticamente, mecanicamente, obedecendo a un pulo que non pode controlar a súa vontade, collerá entre as súas grandes mans de bateador de base-ball as mans da súa compañeira, suspírará fondo e referíndose á lúa comentará: *You see? It’s wonderfool [sic]!*

E despois de sacar da boca o seu eterno chicle pegarao no tacón do seu 46 e bicaraa longamente, porque así o viu que se fai nas películas. E hai que repetilo: as calidades da rapaza téñeno a el moi sen coidado. O único que lle interesa é que se trate dunha cousa con saias, aínda que esa cousa sexa un reverendo bispo da seita anglicana. En cuxo caso, dirá: *I am sorry, father!*, e novamente pasará o chicle do tacón á boca para seguir mastigando. Vaites! Vaites! Que bo proveito lle faga.

O galego é moi castelanizado para dar facilidades.

11. Florsheim, marca americana de calzado de home.

MONTEVIDEO, 16 DE MAIO DE 1954

Querido Xaime:

Cando ía escribirche esta carta estrañándome non recibir carta vosa, tráeme o amigo Meilán¹, xerente aquí de Andreu, a de Fidel do día 3 que tardou o seu. Eu ía escribirche, porque recibín carta de Caracas do meu mellor amigo alí, Silvio Santiago, na que con urxencia me solicita che pida algúns datos e te avise a ti e demais amigos, teñades moito coidado cun tipo que se foi de Caracas a Vigo ou á Guarda que se chama Juan Noya². Este tipo, cando eu cheguei a Caracas, foi verme dicíndome que te coñecía a ti moito así como aos demais amigos. Ás primeiras palabras, desconfie del, e non soamente non soltei prenda, senón que lle din a sensación de que andaba alonxado de todo e todos. Insistiu, celebrando que eu mantivese unha actitude tan discreta, e para convencerme deixou entrever que había certo movemento ou acordo con persoas

1. Manuel Meilán Martínez (1904-1994), persoeiro do galeguismo na Arxentina e O Uruguai. En 1939 Ramiro axudou a saír cara ao exilio desde Francia a unha sobriña e unha cuñada de Meilán. Para os Laboratorios Andreu ou do Dr. Andreu tamén traballou Rodolfo Prada como xerente para América do Sur.
2. Xoán Noya Gil (1900-1989), natural da Guarda e tenente-alcalde en 1936 polo Partido Galeguista. Condenado á pena de morte, conmutada por pena de prisión, á saída da cadea fundou a imprenta Gráficas Numen en Vigo, pero emigrou a Venezuela en 1952 por motivos económicos e colaborou con Lar Gallego. Retornou en diversas ocasións a Galicia ao longo dos anos 50.

de aí, citando os amigos incluíndote a ti. Eu fíxenme de novas, e asegureille a miña completa ignorancia e afastamento de todo, e a completa falla de ganas de meterme en nada, e se había algunha cousa que fixese o favor de non pórme ao corrente, porque eu nada quería saber de nada que non fose vivir tranquilo, e o feito de enterarme dalgunha cousa podía prestarse o día de mañá, no caso de denuncia ou causa parecida, a que se sospeitase da miña discreción. Como non quería presentación de ningún xeito, suplicáballe que me considerase como un paisano máis para calquera asunto da colectividade en forma xeral, pero na orde política de ningún xeito estaba disposto para nada. Nos poucos días entereime que a xestión fora feita por orde dun tal Xosé Velo³, coido que mestre de Celanova, que en Caracas se fai pasar por Segred.[ario] Xeral das Mocidades Galeguistas, pero que as súas actividades están dentro do partido antigo de Mangelas o de Lalín⁴. Ben parece ser que o tal Noya se foi a Galicia e leva o encargo de entrevistarse aí con Otero, Lorenzana, e demais xentes novas. Coido que del Riego xa está algo cultivado por Herrero pero coido que non moi claramente. É preciso que se avise á xente para que non o reciban nin lle fagan caso algún⁵.

3. Xosé Velo Mosquera (1916-1972), membro das Mocidades Galeguistas de Celanova e secretario xeral da Federación de Mocidades Galeguistas (1935-1936). Nos anos 40 residiu en Vigo e, tras a súa detención en 1946 nunha redada contra a guerrilla antifranquista, fuxiu a Portugal en 1948, exiliándose en Venezuela en outubro dese ano grazas á mediación do presidente venezolano Rómulo Gallegos. Integrouse na comunidade exiliada republicana e antifranquista en Venezuela, e colaborou coas actividades culturais de Lar Gallego de Caracas, dirixindo o seu programa radiofónico *La voz de Galicia*.
4. A embaixada española en Caracas advertiu ás autoridades venezolanas que Lar Gallego era considerado un centro “rojo” controlado polos comunistas, valoración que compartían os líderes do Centro Gallego de Caracas.
5. A comunidade galega exiliada en Caracas viviu diferentes conflitos internos ao longo dos anos 40 e 50, como a escisión de Lar Gallego que deu lugar á creación do Centro Gallego en 1948. Posteriormente, o Centro Gallego fendería coa fundación da Casa de Galicia en 1956. Nestas loitas e divisións, Silvio

Necesitamos en Caracas a ficha exacta o máis ampla posíbel do tal Velo, para se é posíbel que non poida seguir usando o galeguismo como tapadeira das súas inconfesables actividades.

Nestes países estase fiando moi delgado coa cousa política e todo o que cheire a eslavismo várreno⁶, e sería unha triste graza que aparecesen estes tipos como amigos ou axentes de Rusia e dos galeguistas de Galicia. Figúrate a que se armaría aí. Aí, e en Venezuela onde os galegos e os poucos galeguistas que estamos gozamos de gran consideración nos medios oficiais. E se non pode tirar pola borda o bo predicamento que temos por culpa de catro imbéciles, inconvenientes, á parte dos desgustos que poden ocasionar aí.

Estes tipos manexan en Caracas unha sociedade que se chama Lar Gallego que xa tivo varios rexistros pola policía. Están anunciando estes días pola radio unhas entrevistas con Otero e outros personaxes e anunciou a levada a Caracas de Valentín⁷. Alá el, que se arranxe.

Prégoche me envíe a Caracas a Apartado 1262, os datos que che pido, así como tomes boa nota de todo o dito.

Abrazos a todos, cariños a todos e para ti e Cris do voso

Ramiro

Santiago lideraba o grupo que constituía novas entidades societarias ben por diverxencias ideolóxicas, ben por diferenzas de criterio respecto do labor a desenvolver coa crecente comunidade galega emigrada.

6. Desde 1953 a ditadura de Marcos Pérez Jiménez mantivo unha activa colaboración co réxime franquista na vixilancia e represión das respectivas comunidades exiliadas en Venezuela e España. Tras a caída do réxime en 1958, Pérez Jiménez exiliouse en España, onde finou en 2001.
7. Valentín Paz-Andrade (1898-1987), vello amigo de Ramiro, que o acompañaba cando o emprendedor e avogado galeguista sufriu un atentado sindicalista con arma de fogo en Vigo o 22 de novembro de 1932. Fidel Isla Couto trasladou a Paz-Andrade ao seu desterro en Verín en setembro de 1936, actuando Ramiro de correo e enlace co seu bufete.

Ao chegar aquí pillei unha gripe de espanto e pasouseme o día dos Fideis sen pórles o cable de felicitación e sen lembrarme da data⁸. R.

Nestes días escribireille a Fidel.

8. A onomástica de Fidel celébrase o 24 de abril.

MONTEVIDEO, 1 DE XUÑO DE 1954

Mi querido Jaime:

Todavía estoy por aquí, pero salgo mañana para Buenos Aires y el día 8 llegaré a Caracas a reanudar mis tareas ordinarias.

No es más que para enviarte estas fotos, que encontré entre papeles, a las que agrego otras de carnet que voy sacando estos últimos años. Algunas como la última son de espanto por esto te recomiendo no se la enseñes a los sobrinos pequeños porque se llevarán el susto padre.

El que está conmigo tan frecuentemente es mi gran amigo Silvio Santiago que vive en Caracas desde hace años. Fue un gran amigo mío en Verín durante mis vacaciones allí¹.

Cariños a todos, abrazos para ti y Cris de tu hermano
Ramiro

1. Tras un tento frustrado de fuxida a Portugal canda ao seu irmán Xaime, Ramiro foi detido en Verín, onde procuraba a axuda de Valentín Paz-Andrade, e estivo encarcerado na súa prisión entre decembro de 1936 e marzo de 1937, cando foi trasladado a Vigo e liberado sen cargos. Na prisión de Verín coincidiu con Silvio Santiago, afiliado da CNT e irmán do mestre e xornalista Jacinto Santiago asasinado o 1 de novembro de 1936. Silvio conseguiu fuxir a Portugal en abril de 1937, pasar a Cuba e logo a Venezuela, onde se instalou en 1939.

CARACAS, 25 DE XULLO DE 1954

Benquerido Xaime:

Ao chegar de Maracaibo, onde estiven uns días, atópome coa nova da saída para Galiza do portador, o meu amigo Fco. Fernández Vila, secretario do Centro Gallego, que vai dar unha por volta por esas terras.

De non ser hoxe domingo, houbese enviado por el algunha lembranza, pero hoxe domingo non hai modo e sae mañá pola mañá.

Acaba de chegar Julio García Santiago que me trae saúdos teus, así como tamén, hai uns días mos trouxo Néstor Fernández Castro.

Co amigo Vila envíoches unha saudosa aperta para todos vós.

Entérao do que pasou coa viaxe de Ramón.

Saúdos e a lembranza do voso

Ramiro

Caracas, Día de Galiza 1954

José Antonio 53
(...) do amigo F. Fernández Vila
Sr. D.
Xaime Isla
(ver a dirección no directorio telefónico)

Vigo 28-7-54

Sr. D.

Jaime Isla Couto.

Muy Sr. Mío: Lamento mucho que un asunto imprevisto me impidiese acudir a saludarle en nombre de su hermano Ramiro (gran amigo mío), según le había anticipado previamente por teléfono: le adjunto la nota que personalmente debía entregarle ya que debo continuar viaje a La Coruña esta misma tarde.

En cuanto a su hermano me es grato participarle que disfruta de excelente salud y sus negocios están bien enrumados.

Los datos solicitados en la nota adjunta no me será difícil obtenerlos por el propio D. Ramón Otero.

Le saluda atentamente su seguro servidor.

Francisco F. Vila

CARACAS, 22 DE XANEIRO DE 1955

Benquerido Xaime:

A Casa de Galicia en Venezuela é xa un feito¹. Temos domicilio social, magnífico, temos xa dous mil socios —máis que o Centro e o Lar xuntos no día de hoxe— temos autorización dos poderes estatais para funcionar, e os estatutos aprobados. Neles, hai puntos como os que vou a extractar:

a) A Casa de Galicia é unha entidade federal e acocha no seu seo, polo de hoxe, ós Centros da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra e ademais o Ateneo Galego.

b) A Casa de Galicia e entidades federadas, despois de cubrir os gastos xerais, teñen que entregar ó Ateneo o 40 por cento dos ingresos para labor cultural galega. Isto é importantísimo, pois a Casa de Galicia está chamada a ter 5 ou 6 mil socios debido a que a cota é popular (5.-Bs.) ó alcance de todos os galegos cuxa maioría non poden pagar as cotas das outras sociedades (10.- e 15.-Bs.).

c) Figuran como festas patrias a celebrar obrigadamente, ademais do Día de Galicia, o 7 de xaneiro, o 26 de abril, 15 de xullo, 6 de marzo e 17 de Nadal. Ou sexa: pasamento de Daniel,

1. A Casa de Galicia xorde como unha escisión do Centro Gallego que é abandonado por Silvio Santiago, Ramiro Isla, Carlos Herrero Alonso, Xosé Mosqueira Manso e Victorino Mateo Humbreiro, entre outros.

Mártires de Carral, Rosalía, Banquete de Conxo (que nos estatutos está sinalada esta data como Día da Irmandade Galega en Venezuela), e Pardo de Cela.

d) Os presidentes da Casa de Galicia deben de prometer o cargo facendo a promesa coa man posta sobor dun exemplar de *Sempre en Galiza*.

e) En todas as xuntas xerais e asembleas é obrigatorio o Himno Patrio ó estar constituída a mesa directiva.

E outras cousas máis aínda que xa as lerás cando recibas os estatutos, que, traducidos ó galego —houbo que escribilos en castelán para as autoridades—, e ímolos imprimir na nosa lingua, para os socios. As solicitudes de inscrición son en galego e os recibos e demais tamén.

Agora precisamos o seguinte: Un medallón co escudo de Galicia esmaltado do tamaño que teñen os que levan en Santiago os concelleiros ou o alcalde, coido lonxanamente, que debe ser duns, de 4 a 4½ cm de ancho por de 5 a 5½ de alto. Pode levar por detrás a cruz de Santiago saíndo as puntas. Ten que vir cunha argoliña no alto e un cordón de seda azul e branco. Isto é urxente, se acaso pásalle encargo a Celso por se hai que facelo en Santiago.

Precisámolo para a toma de posesión de Presidente, que lle tomarán a promesa os dous socios máis vellos en idade, e despois da promesa, o máis vello colócalle o escudo no pescozo. Isto parece un pouco tropicalismo, pero non o é, soamente por dicir que se vai tomar o xuramento sobre o libro de Daniel. Temos máis de 30 exemplares encargados para xentes que non o coñecen. E logo o himno, o escudo etc. son os símbolos que a xente vén descoñecendo ou xa sen darlle importancia, e así acostúmanse a respectalos. Na asemblea de elección de directivas, foi impresionante o intre en que xa constituída a mesa se entou o Himno. As xentes estaban impresionadas, e non soamente os assembleístas, senón os miróns que andaban polo arredor.

É moi lamentábel que a xente que chega de aí non coñece outra cousa, que os dianteiros, medios ou defensas que teñen os equipos de toda Hespaña, e non saben outra cousa, nin sequera, como van gañar a vida. A min dáme a impresión de que hoxe en Hespaña o que descoñece o fútbol, non come. O demais non lles interesa. E isto non sucede cos das capitais ou vilas importantes, isto pasa cos que non saíron en toda a súa vida de Agolada ou de Cedofeito. Precisamos tamén unha bandeira e un reposteiro. A bandeira podíasele encargar ás monxas dalgún convento, así como o reposteiro.

Precisámolo todo para que estea aquí o 6 de marzo, día en que o Presidente, Silvio, xura o cargo. Se a bandeira ou o reposteiro non puidesen estar, paciencia, pero o medallón, por favor, procurade que estea, pois non se pode facer a inauguración sen que xure o cargo o presidente. Para este acto queremos que veña Otero Pedrayo, e sería ventaxosísimo para a nosa causa, que fálase na cerimonia. Temos xa preparadas algunhas conferencias para el. Eu escribinlle onte en tal senso.

Eu son presidente do Ateneo², e levo a segretaría de relacións da Casa de Galicia, porque son cargos que van xuntos.

O importe de todos estes encargos dille a Celso que o cubra e me envíe as facturas para cobrarlle á Casa de Galicia, pois foi acordado en Xunta que se encarguen aí.

Definitivamente, nullo e agosto pasareinos aí³. Regresarei para pasar dez meses, e irei para quedar, aínda que ó meu xefe lle dixen que volvería, pois para que non deixe o choio, autorizoume a ir a Galicia todos os anos pero, francamente, penso poder realizar as miñas cousas bastante vantaxosamente no ano que vén, e non ter necesidade de preocuparme despois. E pensando niso quítanseme as ganas de traballar nisto⁴.

2. O Ateneo Gallego actuaba como expresión cultural da Casa de Galicia.

3. Ramiro non logrou viaxar a España até o verán de 1956.

4. Os problemas de saúde, a soidade persoal, e o horizonte da xubilación laboral,

Seguramente, coincidiremos aí con Silvio, que sairá máis ou menos na mesma data. Ó enterarse que vou ir eu, a muller comezou a insistir en que vaia, e irá coa pequena, a estar tamén dous meses, ou dous e medio.

Dille ós de Galaxia que suspendan os envíos a Vila⁵, que non me pagou ningún libro, e a Somoza⁶. Que lles vou escribir, porque a Casa de Galicia, por intermedio do Ateneo, vai instalar unha vitrina con venda de libros galegos unicamente, e naturalmente, darémoslle preferencia a Galaxia.

Eu teño que ir ó Brasil, non sei aínda exactamente en que data, pois estou agardando nova de alí, para rematar unha negociación que iniciiei o ano pasado. A mediados de marzo teño que ir á Habana, que estou invitado a inauguración dun edificio dun Laboratorio que nós representamos⁷. Deixarei de ir á Habana se coincidise coa estancia aquí de Otero.

Eu manifestei ós amigos o meu temor de que Otero non puidese vir. Souben que tivo a nai moi enferma e ó mellor non quere deixala soa. Animádeo aí. Serán 8 ou dez días en total, soamente, pois pode facer a viaxe en avión ida e volta. No caso en que non puidese vir, prégoche fales con García Sabell, que é persoa que despois de Otero, vai en lugar de preferencias, no inquérito que fixemos, e logo vén Del Riego. Pero, naturalmente, e sen que isto sexa en ningún caso desconsideración para ninguén, a xente está

xunto coa oportunidade da apertura das fronteiras españolas para o regreso dos exiliados, motivaron que a familia lle fixese a Ramiro, a través do seu irmán Celso, unha proposta de regreso a España.

5. Francisco Fernández Vila.
6. Antonio Somoza Outeiral foi director da revista *Galicia* e presidente do Centro Gallego ata 1954. Posteriormente formou parte como tesoureiro da directiva da sociedade Lar-Centro Gallego, resultado da brevísima fusión do Lar Gallego e do Centro Gallego en marzo de 1956.
7. En 1954 Ramiro deixou de traballar para Roche, asumindo a representación dun laboratorio brasileiro e, posteriormente, traballando para a filial venezolana dos Laboratorios Vekar con sede en Madrid.

tola, sobre todo os de Ourense que son maioría absoluta, por que veña Otero. E a nós convíñanos “debutar” aquí coa figura de Otero, pensando cara ós galegos e máis aínda ós venezolanos.

Os inconvenientes da vez pasada non aparecerán, porque temos tomadas todas as medidas. Temos, se non a simpatía absoluta, a maior cantidade de simpatía entre as sociedades galegas, nos medios oficiais, e tanteouse o terreo, e dixéronnos que se fai falla a intervención dos representantes aquí, que a poñen á nosa disposición, anque non sexa máis que para reparar a estupidez que se cometeu anteriormente. Estivo aquí o director do Banco do Crédito Local de Madrid, Fariña, e quixo algunha orientación no senso comercial, e o embaixador deulle os nomes de Silvio e meu⁸. Estivemos aí comendo con el, e quedamos moi amigos e estanos escribindo ofrecéndose sempre. Por isto che digo que non haberá dificultade algunha, se aí non aparece.

Nada máis, aínda lle teño que escribir a Celso, e teño que saír mañá de viaxe a Maracaibo, e logo a Barquisimeto, e quero rematar para non ir sen escribir, pois coa calor aí nesas vilas non hai gana nin vontade de pórse a tirar de máquina porque súan ata as teclas⁹.

Nada máis, agarimos a todos e ti e Cris recibide saudosas apertas do voso

Por fin puiden empregar ó rapaz de Simón. Traballa cun avogado galego moi amigo meu, rapaz novo de Santiago = Iglesias

8. José Fariña Ferreño, natural da Coruña e director xerente do Banco de Crédito Local. Foi secretario particular do ministro de Facenda, José Calvo Sotelo, durante a ditadura de Primo de Rivera. Na primavera de 1936 actuou como enlace da conspiración golpista co xeneral Sanjurjo, exiliado en Estoril (Portugal). O cargo de embaixador de España en Venezuela entre 1954 e 1959 ostentouno por Manuel Valdés Larrañaga, un dos fundadores de Falanxe Española e do SEU.

9. Maracaibo e Barquisimeto, cidades ao oeste de Caracas na zona norte do país. Maracaibo é a cidade de Venezuela cunha temperatura media máis elevada.

Viloña. Pégalle 370.-Bs. E se se porta ben e lle serve, pagaralle máis. Coido que pensa darlle casa. Para como están as cousas é un bo soldo.

CARACAS, 1 DE XULLO DE 1955

Caracas, 1 do Sant-Iago do 1955

Meu querido Xaime:

Tiña unha túa do 26 de abril para contestarche, pero por unha ou outra causa foi pasando o tempo. Agora xuntouse con outra posterior e vou intentar respostar ata onde chegue, aproveitando a festa de hoxe en que comencan as festas “de la patria” —a patria é Venezuela e as festas son as dos venezolanos, aínda que de refilón nos tocan a nós tamén¹.

Estou intrigado con Laxeiro. Cando eu estiven en Buenos Aires, o home andaba bastante mal, estaba rematando un cadro de encargo, polo que lle ían dar o suficiente para regresar a Galiza, aínda que como tiña, segundo me dicía, a pasaxe pagada a París por outro cadro que vendera, estaba en dúbida se non ir antes a Francia e logo regresar a Galiza. Resulta que foi aí, estivo uns días e regresou á Arxentina, que hai moi pouco que facer e o pouco que faga, páganllo nunha moeda sen valor. Non lle fagas caso no que che dixó de min, é moi argallante. Cando o atopei, díxome que andaba mal e merqueille dúas cousas e foi iso o que lle fixo dicir o que dixó. Pensará que a vós xa vos sacou todo o que podía sacarvos e a min aínda non me esgotou.

1. As festas patrias de Venezuela celébranse en conmemoración da sinatura da acta de independencia o 5 de xullo de 1811.

O meu retorno, se as cousas seguen como van indo ata agora, será para antes do ano, ou, o máis tardar, o ano. Quero pasar o Apóstolo vindeiro en Compostela se Deus me axuda². A non ser que decidan Celso e Manolo³, ou un deles, a viaxe de turismo do *Reina del Pacífico* a Suramérica, que nese caso me axunto con eles en Cartagena de Indias e fago a xira ata Chile e regreso xa con eles para Galiza⁴. Por certo que conviña me dixeses se habería algún inconveniente para min en vivir en Portugal. Inconveniente en vivir en Portugal sei que non o teño probando ás autoridades portuguesas que teño un medio de vida fóra do país, senón dificultades para ir coa frecuencia que queira a Vigo, dende Valença poño por caso, que sería o lugar da miña residencia, para estar máis cerca de vós. Son varias as razóns que teño para non querer vivir en Vigo. Eu expúxenllas a Celso xa, e agora tal como se me van poñendo as cousas, de seguir así, eu poderei ter unha entrada mellor á que eu calculaba, cando estaba aquí Celso. Neste caso, eu poderei ter un coche pequeno, cuxo valor e mantemento será moito máis económico en Portugal que en Hespaña. E vivindo nunha vila da fronteira, pasarei unha parte do ano aforrando da renda para permitirme viaxar por Europa tres ou catro meses. Viaxar en plan económico como eu sei facelo pola experiencia que teño xa; pois o que interesa é ver, non gastar. Unha cousa é viaxar para que o vexan a un, e outra moi distinta é viaxar para ollar as cousas. Fálame disto, porque me interesa xa ir madurando o meu plan futuro.

2. O 25 de xullo de 1956 cumpriuse o seu desexo e asistiu á Misa de Rosalía en San Domingos de Bonaval, figurando na tradicional fotografía nas escaleiras do adro.
3. Manuel Isla Couto, coñecido como Manolo, irmán de Xaime e Ramiro, especialista no comercio de téxtiles e confección, traballaba como apoderado de Almacenes El Pilar de Vigo, fundados en 1940 por Federico Rodríguez de Robles Escudero.
4. O transatlántico inglés *Reina del Pacífico*, pertencente á Compañía del Pacífico, realizaba o servizo regular Liverpool, A Coruña, A Habana, Panamá, Ecuador, O Perú e Chile.

Pola túa segunda carta do 11 do pasado, vexo que aínda non tes o tocadiscos arranxado. Eu penso que ó mellor despois de arranxado, non o poderás usar aínda porque seguramente a agulla poida ser que non sirva por levar un golpe. Tes que probalo con discos vellos de 78 revolucións, pois se a agulla non está ben estropeará os de 33 revolucións, que son sumamente delicados. Envíoches unha follíña con instrucións sobre o coidado que se debe ter con estes discos.

Non comences a adquirir discos sen enviarme antes un catálogo do que hai aí á venda. De 78 revolucións eu non teño nada, porque ocupan moito, rómpense e teñen un ruído de fondo que case sempre as versións son moi borrosas. Eu mandareiche nunha próxima carta a lista do que eu teño aquí. Eu tiña apuntado o que che enviaba, pero perdéuseme a nota. Ao mellor calquera data aparece entre algún dos montóns de papeis que teño.

A muller de Silvio embarca o día 22 para A Coruña, levará polo pronto, de Beethoven, a Quinta sinfonía, o Cuarteto 16 e o seguinte chamado a *Gran Fuga*. A Sinfonía 2 de Sibelius e a Quinta de Prokofiev; a Rapsodia española e o *Daphnis e Cloe* de Ravel; unha selección de pezas para piano de Debussy interpretadas por Oscar Levant, que é un bo intérprete daquel compositor⁵. E finalmente, unha selección de arias de óperas exquisitamente cantadas por Bidú Sayão⁶. Á parte, e como cousa excepcional che envío, boeno, non cho digo, para que leves unha sorpresa. Seguramente engadirei algo máis.

Gustaríame que cando vaia a Vigo a muller de Silvio a atendesedes o mellor que poidades⁷. Celso sabe a amizade que eu teño aquí con eles. A casa deles é como se a fose miña, vou comer cando me peta. Sei que me teñen moito aprecio, e a señora é unha muller moi intelixente. É intendente ou profesor mercantil, traba-

5. Oscar Levant (1906-1972) pianista, compositor e actor norteamericano.

6. Bidú Sayão (1902-1999), soprano de coloratura brasileira.

7. Joaquina Conde.

lla de xefe de contabilidade nunha casa importante de aquí, e vai con permiso por descanso, pois leva máis de doce anos traballando no mesmo sitio. É excelente persoa, sumamente agradábel, sei que non vos custará traballo atendela.

Leo na túa as razóns que tiveches para non vir a Venezuela, e causáronme unha fonda emoción. Reléndoo agora, fago máis fincapé no que antes che pedía respecto á miña vida futura, pois se aí vedes, mellor dito, se ves ti que a miña ida, no caso en que eu puidese ir como penso en mellores condicións económicas do que pensara, puidese axudar a conxurar o fracaso dos teus degoiros, a min daríame unha gran ledicia e sería un motivo superior que anularía facilmente as pequenas causas polas que penso non me fose grata a vida en Hespaña. En fin, isto é pequena cousa, e xa seguiremos falando do asunto.

Chegou a poetisa Pura Vázquez, fomos agardala ao barco, e o domingo derradeiro démoslle unha comida á que asistiron unhas corenta e tantas persoas⁸. É unha cousa un pouco rara esta mulleriña, como moi acertadamente a cualifica Piñeiro nunha carta que lle escribe a Silvio. Cando estaba no muelle saudando a Pura, achegóuseme Sesto a saudarme e fíxenme o parvo como se non me lembrase del⁹. Explicoume e tal, como nos víramos aquí e alá, e simulei moi ben que quixen facer memoria, pero que non me lembraba de onde nin cando, e ficou a cousa así. Anda cos do Lar, axudándolles á emisión de radio etc. Cousa ben doada, porque o

8. Pura Vázquez Iglesias (1918-2006), poeta ourensá. En 1955 emigrou a Venezuela onde dirixiu un xardín de infancia piloto en Caracas e traballou como secretaria da Escola de Xornalismo da Universidade Central de Venezuela. En 1947 publicou *Íntima*, primeiro libro de poemas escrito integramente en galego por unha muller no franquismo.
9. Xosé Sesto López (1909-1998), xornalista, escritor e debuxante. Compañeiro de Xaime nas Mocidades Galeguistas, o grupo católico galeguista Deus Fratresque Gallaeciae e a Xuventude de Acción Católica de Pontevedra. Emigrou a Venezuela en 1955, onde residía o seu irmán Manolo, e traballou como impresor e encadernador.

Lar nomeou de correspondentes aí a Sigüenza e a Celso Ferreiro¹⁰. Non sei se é despiste ou é maquiavelismo, en fin, alá eles. Xa están enterados os amigos de quen é Sesto, volvino ollar na comida de Pura e non pasamos dun saúdo de coñecidos.

Juan Lorenzo atopeino de casualidade unha tarde na casa de Silvio que ía con outro señor. Logo estivo na miña oficina, nun intre en que eu tiña un atafego grande, e non puideren atendelo, pero ademais naquel intre case non o coñecín, porque estaba eu bastante molesto porque acabara de botar un empregado, un axente, que en lugar de visitar médicos, vendía as mostras, e ía ó cine tranquilamente, e foi unha cousa desagradábel. Eu non teño a dirección del, se non chamábao e faláballe, pois non volvín ollalo máis, non quixera que pensase que me quería desentender del. Despois que el estivo, recibín a túa carta, desexaría ollalo para explicarlle isto.

O número-homenaxe a Otero imos imprentalo en Buenos Aires, e dende alí distribuirase. Xa iniciamos as xestións cos de alí e vai por bo camiño¹¹.

Apertas e agárimos para todos, e ti e Cris recibídeos moi saudosas do voso.

Ramiro Isla

10. Julio Sigüenza (1898-1965), poeta, novelista, ensaísta e xornalista que residiu en Cuba, O Uruguai e A Arxentina, onde coincidiu con Ramiro e colaboraron coa revista *Céltiga*. Celso Emilio Ferreiro (1912-1979), compañeiro de Xaime na Federación de Mocidades Galeguistas das que foi o derradeiro secretario de organización, e procurador dos tribunais en Vigo até que emigrou a Venezuela en 1966, desempeñando o cargo de secretario de cultura da Hermandad Gallega de Caracas.

11. En 1954 a Comisión de Cultura do Centro Gallego aprobou dedicar un número monográfico da súa revista *Galicia* a Otero Pedrayo en compensación pola prohibida viaxe a Caracas prevista para a celebración do Día de Galicia de 1954. Ante o elevado número de colaboracións, os promotores da idea —integrados desde 1955 na Casa de Galicia— decidiron financiar o libro colectivo *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia universal* que saíu do prelo en 1958 con portada de Lufs Seoane.

CARACAS, 15 DE ABRIL DE 1956

Benquerido Xaime:

Teño dúas cartas túas sen respostar, a derradeira traída a man por Otero Pedrayo¹. Realmente non puiden contestalas. Ós poucos días de chegar Otero, púxenme mal e con tanta molestia que che daría a medida o dicirche que deixei de asistir a varias conferencias, e ás que fun, fun case a rastras.

Xa había algunhas semanas que me atopaba con algo raro que non podía adiviñar que era e apareceu, ó mesmo tempo, unha gripe e a amebíase hepática que me tivo moi molesto². Iso atacando o mal a tempo non hai perigo algún, pero a medicación para atacar a fondo é do máis desagradábel, pois anda un mareado coma bébedo, con xordeira, náuseas e unha chea de cousas e ningunha boa.

Por carta de Otero sei que estivestes aí comendo con el uns cantos, entre eles Valentín, a muller e o fillo, cousa que me sorprendeu, porque eu coidei que estaría un pouco máis illado de vós³. A min escribiume varias cartas e non lle respotei a ningunha,

1. Ramón Otero Pedrayo e a súa dona Fita viaxaron a Venezuela en marzo de 1956 convidados pola Casa de Galicia.
2. A amebíase hepática é unha infección que provoca un absceso no fígado causado polo parasito *Entamoeba histolytica*.
3. Valentín Paz-Andrade e o grupo de Galaxia mantiveron unha relación tensa e distante ao longo dos anos 50.

debido a que me falaron moi mal del. E algún dos que me falou del, e me contou un caso inicuo que lle pasara con el, é persoa para min moi seria, que me merece plena confianza e xúlgoa incapaz de argallar o que me dixo. Otero, en cambio, faloume ben del, pero iso non ten nada de estraño, sen embargo non me falou nada ben de Risco, todo o mal que pode falar Otero. Eu quixera saber a que atermo porque me estou portando de xeito que ó chegar aí non penso falarlle, por todo iso e por noticias que recibín de Celso. Agora se aí vós falades e vos relacionades, vou facer o ridículo ó chegar aí. El escribume dicíndome que sabía que se ía facer un libro homenaxe de Otero, que lle dixese o que había porque el tiña interese en colaborar. Seguindo a miña liña, non lle contestei, porque ademais me din conta que por vós non sabía nada, porque senón estaría enterado de que non é libro senón revista⁴. Como ademais é moi amigo dos Noya, e cada día faise máis desprezábel o vello Noya, non quixen saber nada dos recados e cartas que me enviou⁵.

Supoño que Otero vos contaría a canallada que lle fixeron os do Lar. E a cousa non rematou aí. Por correo á parte envíoches uns recortes de prensa con declaracións de Silvio, dun rábano de Lar e coido que mañá saen outras dun da Casa de Galicia. Agardo a mañá para facerche o envío e que te enteres do canallesco desta xente⁶.

4. Finalmente, o libro colectivo *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia universal* publicouse cunha colaboración de Vicente Risco.
5. O fillo de Xoán Noya, Luís Noya Domínguez formou parte da derradeira directiva do Lar Gallego e da primeira directiva da Hermandad Gallega de Venezuela, sociedade na que se fusionaron en 1960 o Lar Gallego, Centro Gallego e Casa de Galicia.
6. Na correspondencia de Ramiro con Otero Pedrayo en relación á organización da viaxe a Caracas, realízanse toda unha serie de advertencias sobre Lar Gallego e o Centro Gallego, recomendando que non se acepten as súas invitacións para non comprometer a Otero Pedrayo ante as autoridades venezolanas e, sobre todo, ante a embaixada española que podía remitir informes negativos a Madrid verbo da súa viaxe.

Recibimos o medallón que é estupendo, precioso, xa che contaría Otero toda a cerimonia. Alédame moito que chegasen os discos ben e que sexan do teu agrado. Cando eu vaia faremos programas de veras, refírome ó ano que vén, que agardo ter para aquela data un equipo de alta fidelidade, que son unha marabilla. Os discos que me enviaches, un gustoume moito e o outro, o da Banda de Lugo, está moi mal gravado por unha das caras. É unha vergonza que poñan esa gravación á venda. Non me explico por que están facendo en España discos de 45 rev.[olucións] cando xa desapareceron do mercado en todo o mundo. Os que che enviei eu merqueinos aquí nunha liquidación que aínda segue, aínda que non lles queda nada que valla a pena. Custáronme a dous Bs. é dicir: 26.- pesetas escasas. Non me envés nada agora porque estou agardando que chegue o permiso de aí para que me concedan o visado. Se tarda en chegar, voume a Portugal. Eu non deixo a viaxe, porque teño xa metido na cabeza o ir, e custarame moito deixar pasar outro ano.

Por certo que piden o nome de dúas ou máis persoas que coñezan un en España. Eu para abreviar puxen xente residencia en Madrid. Puxen ó meu xefe Manuel Galatas⁷, puxen a Álvaro Xil⁸, e ó director xerente do Banco de Crédito Local de España —José Fariña Ferreño, que coñecín aquí e se me ofreceu para todo. Non fará falla, pero de todas formas que Fidel lle avise a Álvaro, porque Galatas saíu para Filipinas, que ten alí grandes negocios. A Fariña xa lle escribín eu. Os libros que me enviaches xa os lin, pero non quero que me envés máis, porque acabo de recibir de Buenos Aires unha chea deles.

A Fernandez Piña, ó recibir a túa, dino de baixa do Ateneo Galego, e pouco despois a Casa de Galicia imitoume. Hai que fiar

7. Manuel Galatas, director dos Laboratorios Vekar con sede en Madrid e que contaba cunha filial en Venezuela para a a que traballaba Ramiro.
8. Álvaro Xil Varela (1905-1980), compañeiro de Ramiro no Partido Galeguista, foi o home de confianza dos irmáns Fernández López en iniciativas empresariais como Transfesa ou Zeltia.

delgado coa xente e a mellor maneira, nestes casos é desbotar a mazaroca, así non hai necesidade de fiar delgado o gordo.

Otero entregoume o Heidegger e o *Ensaio* traducido ó portugués⁹. Sen ler a túa carta aínda, dinme conta da colección en que foi publicada, e o discurso de ingreso de Sebastián Risco¹⁰, que me aledou moito saber que o “tostada” tan boa persoa de Banet¹¹, vive, pois hai anos dixéronme en Colombia que morrera.

Aínda non sei se irei en barco ou por avión, indo en barco podería levar moitas cousas que aquí non as vou precisar de momento e así aliviaría a equipaxe cando me vaia o ano próximo. Pois é seguro que me tendes aí xa en definitiva o ano que vén. Segundo se poñen as cousas ó mellor aínda adianto algo o regreso, como lle digo a Celso na carta que lle escribo hoxe.

Esquecinme de dicirlle a Celso se se lle ocorre algunha cousa que quere que lle leve, o ofrecemento é para todos, a ver se se vos ocorre algo que desexedes que non se poida conseguir aí e dicídesme con tempo.

Fita fíxome grandes eloxios de Cris, notei que lle ten moito aprecio, e eu, naturalmente, alegreime moito.

A Casa de Galicia realmente non estaba en condicións económicas favorables para traer a Otero, pero había que traelo, para dar o golpe na colonia. Démolo, hoxe pasamos dos tres milleiros de socios. A Casa de Galicia non tiña cartos e adiantámoslos entre uns cantos, afortunadamente, con este número de socios vaise desenvolvendo perfectamente e pagando todas as contas, pouco a pouco, de tal xeito, que para fins de maio estará sen débedas xa,

9. Trátase da edición portuguesa do *Ensaio sobre a Cultura Galega* publicado en Lisboa en 1954 por Guimarães Editores na súa Colección Filosofía e Ensaio.

10. O xuíz Sebastián Martínez-Risco (1899-1977) ingresou o 18 de abril de 1953 na Real Academia Galega co discurso *O sentimento da xustiza na literatura galega*.

11. Manuel Banet Fontenla (1871-1962) notario, escritor, e académico fundador da Real Academia Galega.

a pesar da cantidade de mobiliario que houbo que mercar e de reformas que se fixeran na primeira casa que resultou pequena ó mes, e houbo que tomar outra moito máis grande, que foi a que se inaugurou coa despedida de Otero. Se as cousas estivesen en condicións máis favorables teríamos un rasgo de esplendidez que non puidemos ter con Otero, e así llo dixemos, pero a xenerosidade del é tan grande que case se nos ofende cando llo dixemos e nos escribiu unhas cartas, seguramente para tirarnos a preocupación que puidésemos ter, que parecen que lle pagásemos esplendidamente a laboura formidábel que fixo.

Cos recortes dos xornais, envíoches algunhas fotos, nas que estou eu para que vaiades acostumándovos a ollarme como son agora que cambiei bastante. Pois como diría Miguel, despois de vinte anos que hai que non nos vemos imos atoparnos con vinte anos máis enriba das costas.

E nada máis, agarimos, apertas para todos, e Cris e ti recibídeas saudosas do voso

Ramiro

O rapaz de Simón é un pouco calamidade. Non sei como se arranxaría se non dá comigo. Aínda non puiden conseguirlle unha cousa que valla a pena porque vale moi pouquiño. Nin me explico como soltan estes rapaces sen preparación algunha polo mundo adiante.

CARACAS, 26 DE XUÑO DE 1956

Benquerido Xaime:

No vapor *Reina del Mar* viaxa un señor de Sada que se chama José Blanco, vai coa súa dona. Leva un paquete con discos para ti. Como eu irei en avión non poderei levar case nada, entón fixen ese envío. Se podes ti ou Celso agardalo mellor, el non coñece Vigo e o barco parece que está poucas horas no porto. Recibín permiso para ir e concedéronme magnanimamente un mes de estancia aí pois o visado non dá para máis. Xa veremos como se arranxan as cousas pois eu desexo estar dous meses ou dous e medio, polo menos, se podo máis, máis. Pero non se poderá. Terei que viaxar para aquí co permiso para volver, pois eu regreso, a pesar dos proxectos do meu xefe, para liquidar e largarme.

Moitas apertas a todos especialmente a Cris e ti.

Ramiro

CARACAS, 2 DE NOVIEMBRE DE 1956

Benquerido Xaime:

A Casa de Galicia acordou, nunha xuntanza da Directiva, costear a publicación do *Diccionario Enciclopédico* de don Eladio¹. Levei o asunto á Xunta Directiva da Casa de Galicia, para que sexa un acordo tomado por toda a Casa de Galicia e non soamente polo Ateneo, xa que estando para irme agora, non sei o que pode ocorrer dentro duns meses cando estea aí Silvio. Aínda que quedará aí Mateo e algún amigo máis², ó mellor cae o Ateneo nas mans dalgún infiel e comenczan as dificultades.

Con relación a isto e co desexo de liquidar este asunto o máis axiña posíbel, a Silvio ocorrúeselle facer un suplemento extraordinario adicado a Venezuela nun xornal de aí, que podería ser *La Noche*. Ocorrúeselle isto porque acaba de estar aquí un tipo que se apelida Rodríguez Castro ou Martínez Castro, que é de Caldas de Reis (e mandaba información de Galicia para o *Heraldo*. Paco

1. A Casa de Galicia asumiu a custosa edición pola Editorial Galaxia dos tres volumes do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González (1864-1949), escritor, lexicógrafo e académico fundador da Real Academia Galega. Os tres tomos saíron do prelo na Colección Casa de Galicia entre 1958 e 1961.
2. Victorino Mateo Humbero, natural de Bretoña (A Pastoriza), expresidente do Centro Gallego de Caracas, directivo da Casa de Galicia e accionista da Editorial Galaxia.

sabe quen é). Intentou facer isto para o *Faro* pero falloulle a cousa oficial, que era o gordo do asunto, e levou soamente unhas páxinas do Centro Gallego e dalgún industrial parente seu. Silvio consegue case seguro doce ou catorce páxinas das institucións oficiais. Convén que nos averigüedes que podería custar un suplemento do tamaño do periódico de 16 páxinas. Nós enviaríamos de aquí as páxinas feitas. O número publicaríase na data que nós sinalaríamos. O suplemento formaría parte do número corrente desa data. A nós non nos interesa se *La Noche* cobra máis polo exemplar ese día. Convén que á volta de correo me digades isto, para comenazar rapidamente. Non tería nada de particular, que se *La Noche*, por ser para Venezuela, non se vai polas nubes, facilmente se poden sacar cento vinte ou cento cincuenta mil pesetas, metendo todo o empeño no asunto.

A Casa de Galicia vaivos escribir, se non o fixo xa, comunicándovos isto. Convén que ó contestarlle lles faledes de que os nomes dos compoñentes da Directiva que tomou o acordo³ figurarán na obra en lugar destacado (isto foi o que máis lles gustou, eu escapáballe a tocar o asunto), pero Silvio e Benavides que están entusiasmados coa idea comunicáronlles o entusiasmo ós máis e xa se están ollando dende agora co nome impreso na obra⁴.

Acordaron facer un envío mensual de 15.000 pesetas e unha vez que se liquiden algunhas débedas aumentarase a cantidade.

3. A “Xustificación e ofrenda” que abre o libro *Ramón Otero Pedrayo. A súa vida e a súa obra. Homaxe da Galicia universal*, apareceu asinada por Silvio Santiago, Ramiro Isla Couto e Carlos Herrero Alonso, mencionándose no texto a xunta directiva do Centro Gallego de Caracas do ano 1954 presidida por Victorino Mateo Humbreiro.
4. Álvaro Domínguez Benavides (1902-1977), médico natural de Pontearreas e cunado do doutor compostelán José Puente Castro que casou en 1916 coa súa irmá Matilde. Emigrou en 1942 a Venezuela, onde traballou como médico rural. Irmán do xornalista José Domínguez Benavides, excónsul da República Española en Niza e exiliado en Venezuela en 1940, onde fundou en 1943 o xornal *El Nacional* xunto a Henrique Otero Vizcarrondo e o seu fillo Miguel Otero Silva.

Como o meu regreso é máis inmediato do que calculabamos, coído que Galaxia podería nomear delegado en Venezuela a Victorino Mateo. Se lle escribides, a dirección está aí en Galaxia.

O que máis nos urxe agora é saber o custe do suplemento de 16 páxinas ou 24 por se acaso. Pois iso hai que intentalo pois supón comenzar a edición en plan intensivo.

Dille a Paco que Silvio non entregou ningún noticioso a ningún periódico, ó recibir a miña carta desde Vigo na que lle dicía que era mellor agardar á chegada de Venegas Filardo⁵. Falou xa con el, e parece que van publicar no *Universal*, un noticiario galego, pero que ocupe menos espazo que na *Esfera*⁶, pois ó *Universal* fáltalle sempre espazo. Silvio escribiralle sobor deste asunto, despois da entrevista que teñan.

Saudosas apertas para todos. Cris e ti recibídeas con agarimos do voso

5. Pascual Venegas Filardo (1911-2003), escritor, poeta, xornalista e profesor universitario venezolano, xefe de redacción do xornal *El Universal* de Caracas.

6. *La Esfera*, xornal matutino venezolano fundado en 1927. Durante a ditadura de Marcos Pérez Jiménez acolleu os xornalistas afiliados ás prohibidas e disoltas organizacións políticas democráticas.

CARACAS, 28 DE DECEMBRO DE 1956

Benquerido Xaime:

Acompaño unha nota para Celso para que con cargo á miña conta che entregue esas pesetas. Cinco son o importe de cinco accións e o resto é para o dicionario¹. Na Casa de Galicia aínda non recibiron resposta de Galaxia á carta que lles enviaron dándolles conta de acordo de financiar o dicionario. É un descoído que non debes de repetir e, pola contra, debes de reparar o antes posíbel. Tendes que ter en conta que nestas organizacións hai dous ou tres que son os que levan a remolque ós demais, o resto adícase a non facer nada nin prestar axuda pero si están prontos a criticar todo canto se fai. Se os “remolcadores” os deixades sen presión, non poden tirar do choio. Non custa nada escribir unha carta emocionada e agradecida e poñendo polos cornos da lúa a decisión etc. etc. Coméntase, lese pola radio e serve para manter activos ós tres ou catro consabidos. Xa din que se agora estando eu aquí non escribides, o día que me vaia eu e marcha Silvio non terán nova algunha.

Esta carta vai por man ata Madrid. Lévaa o meu grande amigo, mellor dito, o noso grande amigo e bo galeguista Álvaro Domínguez Benavides, que a botará en Madrid. Vai pola KLM e

1. Ramiro foi accionista de Galaxia. Nas listaxes de accionistas figura coas accións 276, 277 e 376.

coido que chegará a Pontearreas, onde vai pasar unha tempada coa súa nai que está doente. É cuñado de Puente Castro de Santiago, e, como el, é tamén médico. É preciso que o agarimesdes aí, e en Santiago avisa a Domingo e a Ramón². É unha magnífica persoa e un gran e xurdío galego. Censura os sobriños —fillos de Puente— por non escribir nin falar en galego. Atendédeo aí como o que é, unha das mellores persoas e de maior confianza no noso grupo íntimo. Ides disfrutar co seu trato, é sumamente emotivo. Atendédeo en todo.

Eu se remato os asuntos do vehículo, salgo xa o día nove de xaneiro, se non irei no primeiro que saia. O mes de xaneiro falaremos man a man.

Dille a Domingo que non me esquezo do catálogo dos discos. Cando cheguei, non conseguín dos últimos meses e pedino aos EUA e aínda non chegou, pero xa escribín novamente para que mo envíen á tua dirección por se se perdesse o que me enviaron aquí.

Eu ando que me roe a impaciencia por chegar. Confórmome, porque ó final, os días pasan rapidamente. Levo bastante tempo cunha gripe, que non a dou botado fóra, pero parece que xa vai cedendo.

Saudosas apertas para todos e para todos, particularmente para ti e Cris.

Ramiro

Querido Celso: Entrégalle a Xaime, con cargo á miña conta trinta e cinco mil pesetas.

Ramiro

Nin me decatei que chegaran as Navidades e Ano Novo.

2. Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro.

(No sobre)

RAMIRO ISLA-COUTO

Señor:

D. Jaime Isla Couto

José Antonio, 12 —Torrefacción—

VIGO

Ramiro demorou a súa viaxe, por saída atrasada do vapor.

A.S. Benavides

CARACAS, 25 DE XANEIRO DE 1957

Querido Xaime:

Definitivamente, embarcarei o día 28, s.D.q. [se Deus quixer]¹. Xa onte llo comuniquei a Celso. Pero na carta del, esquecínme de dicirlle que cando chegue, tendes que enviarme a bordo a gabardina, porque non teño máis que un suéter e un traxe de medio tempo. Ah! Tamén teño unha camiseta de la. Pero parece ser que non chegará para o frío que está facendo aí. Podedes darlle ós da axencia a gabardina miña. Parece ser que en cámara polo de agora son eu só de pasaxeiro. Se a cousa é así ata aí será fácil atoparme.

Abrazos. Abrazos para todos. Cris e ti do voso

Ramiro

1. O 13 de febreiro Ramiro desembarcou en Vigo do transatlántico suízo *Arosa Kulm* da compañía Arosa Star e no que viaxou desde o porto venezolano de La Guaira.

CARTAS DE XAIME ISLA A RAMIRO

VIGO, ca. 1946

Querido Ramiro:

Prometo escribirte. Tu carta ha sido para mí algo casi maravilloso como pocas veces goza uno así tan hondamente y no podría yo, por mi parte, negarte a ti siquiera un pequeño reflejo de esa satisfacción.

Sin embargo, no la merecía. Fidel hace tiempo que me habló de escribirte. Primero me pidió unas letras tan solo dadas a las exigencias del correo, entonces menos frecuente y rápido. Y eso —escribí las líneas pero con retraso y perdieron oportunidad— me disgustaba un poco pues no iba bien con nuestro viejo modo epistolar. Pero bien sé que no puedo disculparme con esto. Debiera haberte escrito y no lo hice. Quiero decirte solo que no dejaré de hacerlo de ahora en adelante.

Siento, con ello, que mi comunicación, mis cartas puedan haber perdido aquel interés un tanto infantil que siempre mantuvieron, aún las del frente de guerra y que, de todas suertes, quizás no lleguen a perder nunca enteramente. Hay en ti —y es algo que yo indudablemente heredé— un espíritu que si los años van oprimiendo y devastando se atrinchera más en lo íntimo donde no perecerá. Es lo que mantiene con espíritu eternamente nuevo la vida.

Yo voy más allá en muchas cosas; a veces encuentro signos providenciales en menudos detalles, casi siempre gratos, felizmente, que me sobrevienen. Es este reloj que yo quisiera tener

(en Madrid no hace mucho tiempo estuve a la puerta de una relojería de viejo a punto de entrar para llevarme uno de aquellos “roscocs” exhibidos en el escaparate) y que tú mandas; figúrate mi alegría casi igual a la que la misma carta me trae¹.

Lo que perdí en gran parte —desde la guerra de España— es mi capacidad epistolar no sé si por saturación. Desde entonces, habré quedado muy mal con bastantes gentes pues creo que no contesté casi ninguna carta. Luego, el trabajo profesional, que agota las posibilidades de confiarnos a la palabra escrita. En realidad, y esto ya merece párrafo aparte.

En realidad, solamente sé escribir a Cris ahora. Y Cris —Cristina, te la presento— es mi prometida². Ya sabe ella que solamente tú compartirás esa vocación epistolar que a ella le venía entregando. Es fácil escribir cuando las palabras más que instrumento vienen a ser ligeros obstáculos que nuestros amontonados sentimientos van atropellando en busca de la más pura luz cordial. Y no te comuniqué noticia alguna sobre ella porque en realidad, lo que ha decidido esa fecha —la primavera— ha sido una pregunta de Fidel. (Verás que Fidel cada día resulta un más fornido profesor de decisión pues al lado de eso que digo, tendré que ponerte lo de mis últimas oposiciones que es un éxito suyo³. En su casa me preparé, él incluso me suministró enseñanzas, auxiliares para la Memoria (taquígrafos, impresores) y habló a todas partes). Él te comunicó a ti la noticia.

1. A expresión “roscó” ou “roscoc” provén da adaptación fonética do apelido de Georges Frédéric Roskopf que, a mediados do século XIX, patentou un reloxo de peto ou de faltriqueira de aceiro, moi resistente e cunha maquinaria sinxela que fixo accesible este tipo de reloxo persoal a todas as clases sociais.
2. Xaime e Cristina Nóvoa Pedreira casaron o 29 de xuño de 1947 en Raxó (Poio) tras un noivado de dous anos.
3. O 16 de outubro de 1946 Xaime realizou en Madrid o exercicio de oposición á Cátedra de Dereito e Economía da Empresa vacante na Escola de Peritos Industriais de Vigo. Para asegurar o éxito no exame, o seu irmán Fidel mobilizou as forzas vivas da cidade como o bispo de Tui, José López Ortiz, ou o exalcalde Gregorio Espino.

VIGO, 31 DE OUTUBRO DE 1954

Vigo, 31 outono 1954
Sr. D. Ramiro Isla-Couto
Apartado 1548
Caracas

Distinguido Sr. e amigo:

De acordo coas indicacións da súa carta do 11 setembro derradeiro, engadímoslle á presente as notas de cargo correspondentes ós envíos de libros feitos pola súa orde. Tomamos boa nota tamén para enviarlle no futuro dez exemplares de cantas obras vaian saíndo, incluíndolle en cada remesa a correspondente nota.

Con tal motivo, queremos pregarlle acepte a nosa representación nesas terras, facéndose cargo da relación que poidamos chegar a establecer no futuro con algunha firma distribuidora ou librerías do País, subscritores nosos —que Vde. coñece— etc. Para elo, remesaremos catálogos e listíns de publicacións co primeiro envío de libros que se lle faga.

Temos en xestión a exportación de libros e en canto teñamos as súas novas sobre as posibilidades de facer algunha a Venezuela —para o cal cómpre saber as condicións que rexen por aí, venda posíbel etc.— poderemos xa formalizar algunha operación.

Tamén poñemos nas súas mans a atención de cantas suxestións ou observacións póidanse facer polos lectores ás nosas edicións e en fin todas aquelas labouras que contribúan ós fins desta Empresa na difusión do libro galego.

Agradecidos por adiantado, á súa favorábel resposta, ficamos seus afervoados amigos e servidores

P. EDITORIAL GALAXIA, S.A.

Xaime Isla

Conselleiro-Delegado

COMPOSTELA, 26 DE MARZO DE 1955

Meu querido Ramiro¹,

Tópome aquí en Santiago, miña terra, e quero escribirche. É noite. Veño da casa de Domingo García Sabell. Con Cris. Con Paco del Riego e a súa dona. Con Ramón Piñeiro e a súa muller².

Quero escribirche deseguida, denantes que o trafego das xornadas, dos traballos demoren un intre feliz. Na cas de García Sabell, arredor da mesa, preto dos seus libros, da súa discoteca, síntese un no fogar familiar. Tantas veces estivo aquí D. Ramón Otero Pedrayo. Estiven tamén eu con el, cos rapaces novos que aprenderon a amar Galicia fóra dos textos da Universidade, fóra dos xornais, fóra do ambiente oficial, presentíndoa no aire, nas feiras da Ferradura, nas súas vacacións da aldea, na súa alma, no fondal da súa alma máis ben.

Quero escribirche. Hoxe rematarei en Vigo, antes de saír cara a unha das labouras abafantes do despacho. Fiquei liberado e estiven o serán no tren con Cris, de viaxe na compañía de Paco del Riego e a súa dona Evelina, e logo, na conversa con Piñeiro, con Domingo, feliz. Soamente botamos de perda a D. Ramón Otero

1. Este texto manuscrito por Xaime atópase nun caderno de notas e non consta fose enviado como carta.
2. Evelina Nieto Hervello, dona de Francisco (Paco) Fernández del Riego, e Isabel López García, muller de Ramón Piñeiro.

Pedrayo (ten enferma á súa mai en Trasalba e nestes días somentes alí tópase tranquilo).

Primeiro, denantes da cea, fixemos o noso repaso de conciencia. As nosas cousas. Sentimos desacougo das fallas que temos de superar a présa; devecemos polas nosas responsabilidades nesta hora galega. Paco fixo relatorio das súas relacións todas con América. Domingo e Ramón sereos, profundos, da nosa vida cultural. Eu de Galaxia, da nosa cultura, dos nosos libros, da nosa xentes.

Lémbrome da derradeira carta que me chegou de Ramón. Novas optimistas; o limpo esforzo que camiña para o mañá; a semente fecunda da nova xeración.

Lémbrome da túa derradeira carta que espertou en min —e en Cris— a emoción máis fonda e máis pura destes días. Falei con Celso e faloume el; pouco máis, seguro e esperanzado da túa volta, do teu vivir nesas terras, de Silvio Santiago, dos teus amigos.

Teño os discos na casa. Foron o máis espléndido regalo de Reis que puidera soñar o máis feliz de todos os nenos da nosa Terra. Apalpo neles, aínda non oídos, en resonancias do teu agarimo que dende neno prendeu na miña vida. E todos os da casa prenderon no regalo como se fose para eles. Teño que dar grazas a Deus por ser un elixido.

ÍNDICE

LIMIAR

A APRENDIZAXE EMOCIONAL DA NACIÓN. <i>Xosé M. Núñez Seixas</i>	7
---	---

ESTUDO INTRODUTORIO

UN EPISTOLARIO DE FRATERNIDADE E IRMANDADE GALEGUISTA. <i>Xosé L. Pastoriza Rozas</i>	11
--	----

CARTAS DE RAMIRO ISLA A XAIME

1. CURUZÚ-CUATÍA, 20 DE NOVEMBRO DE 1927	31
2. CORRIENTES, 5 DE DECEMBRO DE 1927	37
3. POSADAS, FEBREIRO DE 1928, CAÁ CATÍ, MARZO DE 1928. ...	38
4. BUENOS AIRES, c.a. 1928	48
5. PARANÁ, 18 DE XULLO DE 1928	51
6. CORRIENTES 26 DE XULLO DE 1928	53
7. SANTO TOMÉ, 30 DE AGOSTO DE 1928	55
8. GOYA, 21 DE SETEMBRO DE 1928	57
9. ESQUINA, 29 DE SETEMBRO DE 1928	64
10. CORRIENTES, 6 DE OUTUBRO DE 1928	67
11. A BORDO DO <i>URUGUAY</i> , 7 DE OUTUBRO DE 1928	69
12. BUENOS AIRES, DECEMBRO DE 1928	71
13. POSADAS, 2 DE AGOSTO DE 1929	76
14. BUENOS AIRES, OUTUBRO DE 1929	78

15. SOLARI, 14 DE FEBREIRO DE 1930	82
16. ITATÍ, MARZO DE 1930.	85
17. MBURUCUYÁ, 8 DE MARZO - ESQUINA, 23 DE MARZO DE 1930	86
18. BUENOS AIRES, 1 DE MAIO DE 1930	91
19. CURUZÚ-CUATIÁ, 23 DE MAIO DE 1930	93
20. CURUZÚ-CUATIÁ, 15 DE AGOSTO DE 1930	82
21. MERCEDES, 6 DE SETEMBRO DE 1930	103
22. CURUZÚ- CUATIÁ, 7 DE OUTUBRO DE 1930.	107
23. URUGUAIANA, 28 DE NOVEMBRO DE 1930	108
24. MERCEDES, 7 DE DECEMBRO DE 1930	111
25. POSADAS, 15 DE FEBREIRO DE 1931	113
26. POSADAS, 22 DE MAIO DE 1931	115
27. URUGUAIANA, 24 DE AGOSTO DE 1931	120
28. SALADAS, 7 DE SETEMBRO DE 1931.	122
29. NOIA, 10 DE MARZO DE 1932.	125
30. VIGO, 29 DE XUÑO DE 1933.	127
31. PORTO, 15 DE NOVEMBRO DE 1937.	129
32. PORTO, 23 DE NOVEMBRO DE 1937.	132
33. PORTO, 1 DE DECEMBRO DE 1937	134
34. PORTO, 16 DE XANEIRO DE 1938	139
35. PORTO, 17 DE ABRIL DE 1938	144
36. BOGOTÁ, 10 DE SETEMBRO DE 1952	148
37. BOGOTÁ, 15 DE DECEMBRO DE 1952.	151
38. MONTEVIDEO, 23 DE ABRIL DE 1953.	153
39. LIMA, 20 DE MAIO DE 1953	155
40. CARACAS, 30 DE XULLO DE 1953	157
41. CARACAS, 28 DE NOVEMBRO DE 1953	159
42. CARACAS, 10 DE DECEMBRO DE 1953	165
43. MONTEVIDEO, 16 DE MAIO DE 1954	170
44. MONTEVIDEO, 1 DE XUÑO DE 1954.	174
45. CARACAS, 25 DE XULLO DE 1954	175
46. CARACAS, 22 DE XANEIRO DE 1955	177
47. CARACAS, 1 DE XULLO DE 1955	183
48. CARACAS, 15 DE ABRIL DE 1956	188
49. CARACAS, 26 DE XUÑO DE 1956.	193

50. CARACAS, 2 DE NOVEMBRO DE 1956	194
51. CARACAS, 28 DE DECEMBRO DE 1956	197
52. CARACAS, 25 DE XANEIRO DE 1957	200

CARTAS DE XAIME ISLA A RAMIRO

53. VIGO, ca. 1946	203
54. VIGO, 31 DE OUTUBRO DE 1954	205
55. COMPOSTELA, 26 DE MARZO DE 1955	207

Ramiro era un bo estudante pero, ao emigrar moi novo, tivo que aforcar uns estudos brillantes de bacharelato. Tiña unha vocación intelectual grande e proxectou sobre min todo o que el tivese degoirado ser.

Con nove anos, escribinlle ao meu irmán a miña primeira carta (en castelán) e el respondeume en galego, dándome azos para que empregase a nosa lingua na correspondencia entre os dous, que el me corruxiría os erros que metera. E mandoume corruxida a primeira carta en galego que lle escribín. Así, desta forma sinxela e anecdótica deu comezo unha pedagogía epistolar que marcou a miña vida como ningunha outra educación puidera facelo.

Esta cartas de Ramiro en que me falaba de todo, son o mellor tesouro que teño na miña vida! Cantas cousas fermosas e emotivas podería eu dicir arredor disto! Porque esta correspondencia foi a miña escola e a mellor universidade a distancia que tiven na vida. As súas cartas representaron para min a máis verdadeira e entrañable aprendizaxe intelectual, unha formación excelente que recolle os valores auténticos do autodidactismo.

Xaime Isla Couto, “O meu irmán Ramiro”



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 21-22

Fundación
Isla Couto

